

Número 5 - Ano 2025

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de abril de 2025

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e catorce minutos do día trinta de abril de dous mil vinte e cinco; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnen os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, Ilmo. Sr. tenente de alcalde da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementsos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 25 de abril de 2025 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/54 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍAS 27 DE FEBREIRO (ORDINARIA), 11 DE MARZO (EXTRAORDINARIA) E 27 DE MARZO (ORDINARIA) DE 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN

2/55 PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXI.

ACTAS E GOBERNO

3/56 MODIFICACIÓN DA ACTUAL REDACCIÓN DOS ACORDOS NÚMEROS 4/76 E 5/77, ADOPTADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVOS Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS E ESPECIAIS DO PLENO (2025/G004/000183).

4/57 MODIFICACIÓN DA ACTUAL REDACCIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/78, ADOPTADO NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (2025/G004/000186).

5/58 COMPATIBILIDADE DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE PROFESIONAL DE AVOGADO COA TITULARIDADE DA CONCELLERÍA DELEGADA DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS, POR PARTE DE DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, COA PERCEPCIÓN DAS RETRIBUCIÓNS POLO EXERCICIO DESTE CARGO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN PARCIAL (2025/G004/000201).

INTERVENCIÓN

6/59 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 4/2025. REPAROS 13/2025 E 19/2025.

7/60 RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 5/2025. REPAROS 99/2024, 16/2025 E 18/2025.

8/61 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 6/2025. REPAROS 13/2025 E 19/2025.

PROPOSICIÓNS

9/62 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 123/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A IMPLANTACIÓN DUN PLAN INTEGRAL DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á XUVENTUDE NA CIDADE DE LUGO (Exp. 2025/G004/000215).

10/63 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 124/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA ESPECÍFICA PARA O AUDITORIO “FUXAN OS VENTOS” (Exp. 2025/G004/000216).

11/64 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 125/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO REALICE OS TRÁMITES NECESARIOS PARA QUE A CIDADE CONTE CUNHA ZONA DE BAÑO FLUVIAL NO VERÁN DO 2025 (Exp. 2025/G004/000217).

12/65 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 126/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REHABILITACIÓN INTEGRAL DO FIRME DA N-540 LUGO-OURENSE E IMPULSO DOS PROXECTOS PARA A POSTA EN MARCHA DA AUTOVÍA A-56 (Exp. 2025/G004/000218).

SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

13/66 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLEIRO ENCARGADO DA ÁREA CORRESPONDENTE PARA DAR CONTA DAS XESTIÓNS REALIZADAS RESPECTO AO CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO (2025/G004/000204).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

14/67 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DURANTE O ANO 2024.

15/68 DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DO EXERCICIO 2024.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

16/69 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE VERIFICACIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO FINANCEIRO DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXPLOTACIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS SITOS NA PRAZA DE SANTO DOMINGO, PRAZA DA CONSTITUCIÓN E PRAZA DO FERROL NO EXERCICIO 2023.

TESOURERÍA

17/70 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA NO MES DE MARZO DE 2025.

ACTAS E GOBERNO

18/71 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE MARZO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000200).

19/72 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 2730/2025, DO 19 DE MARZO, DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DENDE O 20 DE MARZO DE 2025-CORPORACIÓN 2023-2027 (Exp. 2025/G004/000185).

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 127/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALMOZZO E COMEDOR EN VARIOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 128/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REPOÑA O MILIARIO DE BRONCE QUE ESTABA NA PRAZA DE ARMANYÁ.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 129/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS DE SALUBRIDADE E SEGURIDADE NA ANTIGA DISCOTECA "VALENTINO"

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 130/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INSTALEN BANDAS REDUTORAS NA RÚA PENA DA MULA.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 131/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO EDIFICIO SITO NA PARTE ALTA DA RÚA MONTERO RÍOS DECLARADO EN ESTADO DE RUÍNA.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 132/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA INSTALACIÓN DA UNIDADE MÓBIL PARA A MEDICIÓN DA CALIDADE DO AIRE EN NADELA.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 133/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE CUBRA A PRAZA DE SARXENTO XEFE DE BOMBEIROS.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 134/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS HORAS EXTRAS DOS TRABALLADORES DO TRANSPORTE URBANO.

Aberto o acto, O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ sinala: Ben, moi moi bo día a todos e a todas. Imos dar comezo a este Pleno correspondente ao mes de abril. Eu previamente a comezar coa orde do día que temos prevista, si me gustaría aproveitar para facer un agradecemento público ao compromiso, a profesionalidade e o bo facer de todos os funcionarios municipais, todo o persoal deste Concello, sen excepción, en relación á xornada do apagón eléctrico que sufrimos o outro día. Inmediatamente que requirimos a súa presenza, puxéronse todos á disposición, e cando digo todos, digo todos, Bombeiros, Policía local, Enxeñaría, Medio Ambiente, Parque Móbil, todos, asumiron as súas responsabilidades e nos deron unha seguridade que afortunadamente non se alongou no tempo e puidemos solucionar con prontitude. Sabedes que Lugo, ademais, tivemos a fortuna de que foi a primeira cidade de Galicia que recuperou a enerxía e, un pouco, a normalidade, polo tanto, é de xustiza recoñecer aquí publicamente a calidade e a profesionalidade dos nosos funcionarios.

Seguidamente, e da súa orde, éntrase no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/54 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O DÍAS 27 DE FEBREIRO (ORDINARIA), 11 DE MARZO (EXTRAORDINARIA) E 27 DE MARZO (ORDINARIA) DE 2025.- Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 25 de abril de 2025, que seguidamente se transcribe:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

“O Excmo. Concello Pleno o día 27 de febreiro de 2025 celebrou a sesión ordinaria correspondente ao citado mes. Así mesmo, o día 11 de marzo de 2025 celebrou sesión extraordinaria para a elección de novo alcalde, e con data 27 de marzo de 2025 celebrou a sesión ordinaria relativa a este mes. Das tres sesión celebradas levantáronse as actas oportunas que, unha vez elaboradas e incorporadas as intervencións nelas producidas, foron asinadas pola secretaria xeral do Pleno e polos presidentes das mesmas.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2025.
- Sesión extraordinaria celebrada o 11 de marzo de 2025.
- Sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2025.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2025.
- Sesión extraordinaria celebrada o 11 de marzo de 2025.
- Sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

2/55 PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL

REGULADORA DO SERVIZO DE AUTOTAXI.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1. PROPOSTA DA SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS, do 21 de abril de 2025, do teor literal seguinte:

“ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O Concello de Lugo, na sesión plenaria celebrada o 7 de outubro de 2002, aprobou definitivamente a Ordenanza reguladora do servizo de autotaxi, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

2º.- Transcorridos máis de vinte anos dende a súa aprobación, o cambio lexislativo fundamental veu dado pola aprobación da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, e o seu regulamento de desenvolvemento, o Decreto 103/2018, do 13 de setembro, que supuxo importantes novidades que afectan a este sector. Así, resulta necesaria a aprobación dunha norma reguladora do réxime aplicable ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo que se atope adaptada ao marco normativo vixente. A propia Lei 4/2013, na súa disposición final terceira contempla a obriga dos concellos de adaptar as súas ordenanzas ao previsto nese texto lexislativo.

Unha das novidades máis relevantes que se incorporan nesta ordenanza é o transporte a demanda: trátase da habilitación especial do cobro individual por praza para cubrir servizos de transporte público na zona rural, apostando así por un novo xeito de mobilidade.

A súa implantación pretende facer efectivo o dereito á mobilidade consonte ao principio que se recolle no artigo 99 a) da Lei 2/2011 de economía sostible, e configúrase como unha evolución do servizo de taxi en vehículos de baixa densidade con inclusión do fomento público mediante o financiamento parcial do custo da viaxe por considerar que cobre un servizo de interese público e social.

3º.- Constan no expediente informes da secretaria xeral do Pleno e do titular da Asesoría Xurídica municipal e aprobación do acordo pola Xunta de Goberno Local.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA: A potestade regulamentaria das entidades locais atópase recollida no art. 4 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

SEGUNDA: O trámite procedemental para a aprobación e modificación das ordenanzas municipais correspóndelle ao Pleno conforme ao establecido no art. 49 da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, en relación cos artigos 123.1.d e 127.1.a destes do mesmo texto legal no que se refire ás competencias da Xunta de Goberno Local.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE :

Primeiro: Que se eleve ao Pleno para a súa aprobación inicial a Ordenanza reguladora do servizo municipal de taxi, tras o ditame da comisión informativa correspondente.”

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

2. DITAME FAVORABLE da Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas, emitido na sesión celebrada o día 24 de abril de 2025.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos grupos municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

APROBAR inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo municipal de autotaxi do Concello de Lugo, cuxo texto é do teor literal seguinte:

ÍNDICE

PREÁMBULO.....	5
TÍTULO PRIMEIRO. OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL.....	6
Artigo 1. Obxecto.....	6
Artigo 2. Competencia municipal.....	6
TÍTULO SEGUNDO. TÍTULOS HABILITANTES PARA PRESTAR SERVIZOS DE TAXI.....	8
Artigo 3. Os títulos habilitantes.....	8
Artigo 4. Requisitos para ser titular da licenza.....	9
Artigo 5. Limitación na titularidade de licenzas.....	9
Artigo 6. Creación de novas licenzas de taxi.....	9
Artigo 7. Transmisión das licenzas de taxi.....	10
Artigo 8. Extinción das licenzas.....	11
Artigo 9. Rexistro municipal de licenzas.....	12
TÍTULO TERCEIRO. OS VEHÍCULOS DE TAXI.....	13
Artigo 10. Normas xerais.....	13
Artigo 11. Requisitos.....	13
Artigo 12. Taxímetro.....	15
Artigo 13. Número de prazas.....	15
Artigo 14. Substitución.....	15
Artigo 15. Vehículos adaptados.....	16
Artigo 16. Pintura, distintos e adhesivos.....	16
Artigo 17. Publicidade.....	17

TÍTULO CUARTO. AS PERSOAS CONDUTORAS DO VEHÍCULO DE TAXI.....	18
Artigo 18. Normas xerais.....	18
Artigo 19. Conductor asalariado.....	18
Artigo 20. Tarxeta de identificación de conductor de taxi.....	18
Artigo 21. Requisitos para a expedición.....	19
TÍTULO QUINTO. AS CONDICIÓN S XERAIS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI.....	21
Artigo 22. Normas xerais.....	21
Artigo 23. Iniciación da actividade.....	21
Artigo 24. Actividade mínima semanal.....	21
Artigo 25. Potestades do Concello.....	21
Artigo 26. Desenvolvemento do servizo.....	22
Artigo 27. Contratación do servizo de taxi.....	23
Artigo 28. Documentación obrigatoria.....	24
Artigo 29. Dereitos das persoas usuarias.....	25
Artigo 30. Deberes das persoas usuarias.....	26
Artigo 31. Obrigas dos condutores.....	27
Artigo 32. Cambio de moeda.....	28
Artigo 33. Tarifas.....	28
TÍTULO SEXTO. MODALIDADE DE SERVIZO “TRANSPORTE Á DEMANDA”....	30
Artigo 34. Transporte a demanda.....	30
Artigo 35. Réxime de prestación do servizo do transporte a demanda.....	30
TÍTULO SÉTIMO. INFRACCIÓN S E SANCIÓN S. PROCEDEMENTO SANCIONADOR.....	35
Artigo 36. Inspección.....	35
Artigo 37. Regras sobre a responsabilidade.....	35
Artigo 38. Infracción s.....	36
Artigo 39. Infracción s moi graves.....	36
Artigo 40. Infracción s graves.....	38
Artigo 41. Infracción s leves.....	39
Artigo 42. Sanción s.....	41
Artigo 43. Procedemento sancionador.....	41
Artigo 44. Prescrición das infracción s e sanción s.....	42
DISPOSICIÓN S.....	44
Disposicións adicionais.....	44
Disposición adicional primeira - Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.....	44
Disposición adicional segunda. Relación s electrónicas.....	45
Disposición adicional terceira. Modificación s normativas.....	45
Disposición transitoria.....	45
Disposición derogatoria.....	45
Disposición final.....	45
ANEXO: Deseño e rotulación dos vehículos afectos ás licenzas de taxi.....	46

PREÁMBULO

O Concello de Lugo, na sesión plenaria do 7 de outubro de 2002, aprobou definitivamente a Ordenanza reguladora do servizo de autotaxis, que foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A aprobación da *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*, e posteriormente do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado mediante *Decreto 103/2018, do 13 de setembro*, supuxo importantes novidades que afectan á regulación deste ámbito. De tal xeito, resulta necesaria a aprobación dunha nova norma reguladora do réxime xurídico aplicábel ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo, que se atope adaptada ao marco normativo vixente. A propia *Lei 4/2013*, na súa disposición final terceira contemplou a obriga dos concellos de adaptar as súas ordenanzas reguladoras do servizo de taxi ao previsto nese texto lexislativo.

Unha das novidades máis relevantes que se incorporan nesta nova ordenanza é a habilitación especial do cobro individual por praza para cubrir servizos de transporte público na zona rural. Trátase de transporte discrecional a demanda en vehículos de turismo, consonte á habilitación contida no artigo 39.3 do *Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*.

TÍTULO PRIMEIRO. OBXECTO E INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo.

Enténdese por servizo de taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

Artigo 2. Competencia municipal

O Concello intervirá no servizo de taxis a través dos seguintes medios:

- a. Sometemento a licenza municipal previa.
- a. Fiscalización da prestación do servizo.
- b. Estabelecemento das tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.
- c. Ordenanza fiscal reguladora das taxas.
- d. Expedientes sancionadores respecto da prestación dos servizos urbanos de taxi.
- e. Autorización para prestar servizos de taxi a varias persoas usuarias con cobramento individual por praza en zonas rurais.
- f. Disposicións complementarias para a prestación do servizo.
- g. Calquera outra atribución na materia establecida nas normas legais ou regulamentarias.

TÍTULO SEGUNDO. TÍTULOS HABILITANTES PARA PRESTAR SERVICIOS DE TAXI

Artigo 3. Os títulos habilitantes

A prestación dos servizos de taxi está suxeita á obtención previa da correspondente licenza municipal de taxi, que habilita para a prestación dos servizos urbanos de taxi.

Constitúen títulos habilitantes para a prestación do servizo de taxi os seguintes:

—Licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi e son outorgadas polo Concello.

—Autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

As licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi estarán vinculadas. Outorgaranse sen prazo de duración prefixado, se ben a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do órgano competente en cada caso de acordo coa lexislación vixente.

Para a prestación do servizo de taxi requírese a obtención da licenza de taxi e autorización interurbana de taxi.

Correspóndelle ao Concello de Lugo o outorgamento da licenza de taxi e ao órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana, de forma coordinada e de conformidade co disposto no artigo 16 da *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*.

Artigo 4. Requisitos para ser titular da licenza

Só poderán ser titulares de licenzas de taxis as persoas físicas que acrediten o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 5 da *Lei 4/2013*, e na normativa de desenvolvemento, así como estar en posesión do permiso municipal para conducir un taxi, establecido por esta ordenanza.

O titular dunha licenza municipal de taxi deberá ter plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi, coa excepción prevista na disposición transitoria terceira da *Lei 4/2013*.

Artigo 5. Limitación na titularidade de licenzas

Unicamente se poderá ser titular dun máximo de dúas licenzas municipais de taxi.

Non se poderá ser titular de licenzas de taxis en distintos concellos.

Cada licenza de taxi non poderá ter adscritos a esta máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

Artigo 6. Creación de novas licenzas de taxi

Unicamente poderán outorgarse novas licenzas de taxi en caso de dispoñer do continxente necesario para isto, de conformidade co establecido no artigo 6 da *Lei 4/2013*, e na súa normativa de desenvolvemento.

O outorgamento de novas licenzas de taxi correspóndelle ao Concello de Lugo, tras o informe vinculante do órgano autonómico competente en materia de transportes, e realizarase mediante concurso público, de conformidade co establecido na normativa vixente.

Artigo 7. Transmisión das licenzas de taxi

1. As licenzas de taxi serán transmisíbeis a calquera persoa física que o solicite e que acredite que reúne os requisitos establecidos na *Lei 4/2013*, tras o informe do órgano autonómico competente en materia de transportes da Xunta de Galicia respecto á procedencia de transmisión da autorización autonómica e autorización do Concello de Lugo.
2. A transmisión de licenzas, *inter vivos* ou *inter mortis causa*, realizarase seguindo o procedemento previsto nos artigos 11 a 13 do *Decreto 103/2018*.
3. Non obstante, non poderá autorizarse a transmisión da licenza de taxi nas seguintes circunstancias:

- a. Se non transcorreron, polo menos, dous anos dende a adquisición pola persoa transmisora da condición de titular da licenza de taxi. A limitación temporal indicada non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.
- a. Se a persoa transmisora e a adquirente non estivesen ao corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e as relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.
- b. Se non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias que puidesen ser impostas, por resolución administrativa firme, a persoa transmisora ou a adquirente, derivadas do exercicio da actividade como taxista.
- c. Se a persoa adquirente, como consecuencia da transmisión, superase o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nun mesmo titular ou se é a persoa titular dunha ou máis licenzas de taxi noutro concello.
- d. En caso de que o informe previsto do órgano competente en materia de transportes da Xunta de Galicia tivese carácter desfavorable ou transcorrese o prazo fixado neste informe para materializar a transmisión da licenza de taxi.
- e. E cando non se acredite que se reúnen os requisitos fixados pola normativa vixente en materia de taxis para a transmisión da licenza de taxi.

Artigo 8. Extinción das licenzas

As licenzas de taxi extinguiranse por algunha das seguintes causas:

- a. Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen persoas herdeiras.
- a. Caducidade. Procederá declarar caducadas as licenzas de taxi nos casos de:
 - Incumprimento pola persoa titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.
 - A non reanudación do servizo de taxi no prazo dun mes dende a finalización da suspensión.

- Pola falta de dedicación á actividade da persoa titular cando esta fose esixible.
 - Pola obtención, xestión ou explotación da licenza de taxi por calquera forma non prevista na normativa de aplicación.
- b. Revogación. As licenzas de taxi poderán revogarse por motivos de oportunidade de interese público que aconsellen ao Concello reducir o número de licenzas. Neste suposto, a persoa titular da licenza terá dereito á correspondente indemnización económica, que se calculará de conformidade con aqueles parámetros obxectivos que determinen o seu valor real de mercado.

Artigo 9. Rexistro municipal de licenzas

O Concello de Lugo disporá dun Rexistro municipal de licenzas de taxi, no cal se anotarán de xeito individualizado:

- As persoas titulares das licenzas e os seus datos identificadores, incluído o domicilio para efectos de notificacións administrativas
- As persoas condutoras dos vehículos afectos ás licenzas e os seus datos identificadores.
- As persoas titulares de permisos municipais para conducir un taxi e os seus datos identificadores.
- Os vehículos afectos ás licenzas.
- As infraccións cometidas e as sancións impostas ás persoas titulares das licenzas ou ás persoas asalariadas, cando adquiran firmeza.
- Calquera outra incidencia que afecte á licenza municipal.

As persoas titulares das licenzas de taxi están obrigadas a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que deban figurar no rexistro no prazo dun mes.

O coñecemento dos datos que figuren no rexistro será público, se ben para a consulta destes polos particulares se esixirá a acreditación dun interese lexítimo de acordo co disposto no artigo 13.d da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

TÍTULO TERCEIRO. OS VEHÍCULOS DE TAXI

Artigo 10. Normas xerais

Cada licenza de taxi terá afecto un vehículo clasificado como turismo de acordo coas disposicións deste título e normativa de aplicación.

A persoa titular da licenza ten que ser titular do vehículo que se propoña para prestar o servizo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido. Nos supostos de transmisión de licenza o vehículo adscrito a licenza poderá ser o mesmo, cando o novo titular adquira a disposición dese vehículo.

Deberá concertar de maneira obrigatoria a correspondente póliza de seguros que cubrirá danos a viaxeiros e a terceiros segundo o disposto na normativa vixente.

Artigo 11. Requisitos

Os vehículos destinados a prestar servizos de taxi deberán estar clasificados na súa tarxeta de inspección técnica no grupo axeitado para tal fin e reunirán as características mínimas esixidas pola normativa que resulte de aplicación.

Contarán coas seguintes características:

- Os vehículos contarán cun espazo dedicado a maleteiro totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado á pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe deste.
- Carrozaría pechada con portas de doado acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade.
- As dimensións mínimas e as características do habitáculo interior do vehículo e dos asentos serán as precisas para proporcionar ao usuario e ao condutor/a seguridade e comodidade propias deste tipo de servizo.
- A tapizaría será de cores e deseño discreto, uniforme en todos os asentos, sen coloracións vivas nin motivos engadidos, e deberá ser dun material de doada limpeza.
- O piso irá recuberto dun material antiesvaradío e doado de limpar.

- Estarán provistos de repousacabezas en todas as prazas.
- Xanelas provistas de lúas transparentes e irrestrelables en todas as portas e na parte posterior do vehículo, de modo que se consiga a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles. As situadas nas portas deben resultar accionables por vontade do usuario.
- Iluminación eléctrica interior que permita en horas nocturnas a perfecta visibilidade do cadro de mandos, do taxímetro e de todos os elementos de control do vehículo, e que proporcione iluminación abonda do habitáculo para facilitar o cambio de moeda.
- Dotación de extintor de incendios.
- Dotación de catro portas como mínimo para o acceso de ocupantes que deben resultar accionables por vontade do usuario, a excepción da do condutor.
- Modulo luminoso exterior que sinale claramente a dispoñibilidade do vehículo.
- O taxi circulará, cando preste a modalidade de servizo de “transporte a demanda”, cos indicadores de luces adaptados a lexislación vixente e un cartel ou módulo luminoso no que se visualice a lenda “transporte a demanda”.
- Aqueles que se establezan regulamentariamente.

Artigo 12. Taxímetro

Os vehículos afectos ao servizo de taxi deben estar equipados cun aparato taxímetro con impresora de factura debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, co fin de determinar o prezo de cada servizo.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira da carrozaría tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento, de forma que en todo momento resulte clara, visible e cómoda para os viaxeiros a lectura dos valores que teñen que ser exhibidos.

Artigo 13. Número de prazas

Con carácter xeral, os vehículos afectos ás licenzas de taxi dispoñerán dunha capacidade mínima de cinco e máxima de sete prazas incluída a persoa condutora.

Non obstante, de conformidade co sinalado no artigo 25.2 da *Lei 4/2013, do 30 de maio*, poderán autorizarse vehículos de ata nove prazas.

Artigo 14. Substitución

Requírese a autorización do Concello de Lugo para substituír o vehículo afecto á licenza por outro. En todo caso, o novo vehículo deberá ser máis novo que o substituído, e deberá cumprir os requisitos previstos nesta ordenanza.

Os vehículos afectos ao servizo de taxi non poderán permanecer en servizo por un tempo superior a 10 anos contados dende a data da primeira matriculación.

En caso de que o vehículo alcance a dita antigüidade sen ser substituído por outro, declararase a caducidade dos correspondentes títulos habilitantes.

Artigo 15. Vehículos adaptados

Os vehículos cualificados como accesibles ou adaptados cumprirán as condicións e requisitos establecidos no *Real decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade*, ou norma que o substitúa.

Estes taxis prestaranlles servizo de forma prioritaria ás persoas con mobilidade reducida, pero, en caso de estar libres destes servizos, estarán en igualdade cos demais taxis non adaptados para dar servizo a calquera cidadán sen discapacidade.

Artigo 16. Pintura, distintos e adhesivos

Os vehículos destinados ao servizo de taxi serán de cor branca. Levarán o escudo oficial, cunha altura de 20 cm, que se une en anexo a esta ordenanza, que se colocará no centro das portas dianteiras do vehículo.

No exterior do vehículo deberán figurar o número da licenza municipal. Os números, de 5 cm de alto por 2 cm de ancho, en cor branca, deberán ir colocados nos cristais dianteiro e traseiro, na parte dereita en ambos os casos.

No teito do taxi, na parte dianteira dereita do vehículo, irá colocado un indicador luminoso ou módulo.

No interior do vehículo, en sitio visible para os viaxeiros, colocaranse os adhesivos coas tarifas vixentes, así como unha placa co número da licenza municipal, o número de prazas e a matrícula do vehículo.

Artigo 17. Publicidade

O Concello de Lugo poderá autorizarlles aos titulares das licenzas de taxi a contratación e colocación de anuncios publicitarios comerciais no exterior dos vehículos, sempre que conserven a súa estética e non impidan a súa visibilidade.

As autorizacións ás que se refire este artigo, outorgaranse con suxeición á lexislación vixente en materia de tráfico e seguridade viaria, e á normativa xeral de publicidade.

En todo caso prohíbese toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.

TÍTULO CUARTO. AS PERSOAS CONDUTORAS DO VEHÍCULO DE TAXI

Artigo 18. Normas xerais

Para exercer a actividade de condutor de vehículos de taxi requirirase ser titular do permiso municipal de condutor de taxi que será expedido polo Concello de Lugo. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

As persoas titulares de licenzas de taxi haberán de prestar o servizo persoalmente con plena e exclusiva dedicación á devandita actividade, dando sempre prioridade aos servizos do municipio de Lugo.

Artigo 19. Condutor asalariado

Os titulares das licenzas poderán contratar persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquelas cunha relación entre eles de carácter laboral. A contratación de condutores asalariados queda sometida ás condicións seguintes:

- a) O condutor deberá posuír o correspondente título de condución e dispoñer da correspondente capacitación profesional.
- b) O contrato será a xornada completa e con dedicación exclusiva.
- c) Cantos outros, se é o caso, se dispoñan regulamentariamente.

Artigo 20. Tarxeta de identificación de condutor de taxi

Para a axeitada identificación do condutor de taxi, o Concello de Lugo expedirá a tarxeta de identificación de condutor que conterá unha fotografía do condutor, así como, entre outros datos, o nome e apelidos; número e data de autorización do permiso municipal de condutor de taxi e número da licenza á que se ache adscrito.

Artigo 21. Requisitos para a expedición

Corresponde ao titular da licenza de taxi a solicitude da tarxeta de identificación de condutor de taxi propia e/ou a dos seus condutores asalariados, logo de pagamento da taxa correspondente.

Para a expedición da tarxeta de identificación de condutor de taxi do propio titular da licenza, deberá acreditarse documentalmente que o titular cumpre os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.
- b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos que afecten á súa capacidade física para a condución ou que repercutan negativamente sobre a seguridade viaria.
- c) Estar dado de alta no réxime que corresponda da Seguridade Social.

Para a expedición da tarxeta de identificación dos condutores asalariados deberá acreditarse documentalmente que os condutores cumpren os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.

- b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos.
- c) Estar inscrito como condutores e en situación de alta no réxime da Seguridade Social de acordo coa lexislación laboral vixente.
- d) Posuír contrato de traballo de acordo coa normativa laboral vixente.

O titular da licenza de taxi deberá solicitar a substitución destas tarxetas de identificación cando se produza a variación de calquera dos datos consignados nestas.

TÍTULO QUINTO. AS CONDICIÓN S XERAIS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI

Artigo 22. Normas xerais

Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán dedicarse á prestación do servizo exclusivamente regulado nesta ordenanza.

Artigo 23. Iniciación da actividade

As persoas que adquiran a titularidade dunha licenza de taxi deberán iniciar a prestación do servizo no prazo máximo dun mes, contados dende a data de notificación da autorización.

Artigo 24. Actividade mínima semanal

Salvo nos períodos de descanso, interrupcións da prestación do servizo e vacacións dos titulares das licenzas e condutores, a actividade mínima do taxi será de corenta (40) horas semanais.

Artigo 25. Potestades do Concello

O Concello ten a potestade de ordenar o servizo co fin de garantir en todo momento a súa prestación coas debidas condicións de calidade e extensión, e a satisfacción das necesidades dos usuarios e da mobilidade urbana en xeral.

En exercicio de tal potestade poderá:

- Logo de audiencia as asociacións do sector e Consello Galego do Transporte, poderá establecer o réxime de horarios, calendario, descansos, interrupcións da prestación do servizo e vacacións dos titulares das licenzas e condutores.
- Establecer as disposicións que, de acordo coa lexislación vixente, considere oportunas para que se garanta a existencia de vehículos adaptados para transportar as persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas.
- Sinalar os lugares de parada nos que os taxis poidan estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeiras, facilitando na súa localización o acceso a persoas con mobilidade reducida.

Para a localización, modificación ou supresión de paradas de taxi darase audiencia ás asociacións profesionais representativas do sector e ás asociacións representativas de persoas consumidoras e usuarias.

Artigo 26. Desenvolvemento do servizo

O servizo considerarase iniciado no momento e lugar de recollida do usuario. Deberá entrar o aparato taxímetro en funcionamento no momento en que o vehículo inicie a marcha, despois de que o usuario indique o punto de destino.

Cando se trate dun servizo contratado por chamada na vía pública, por reserva previa ou por calquera outro medio telemático, o servizo considerarase iniciado no lugar de partida do vehículo. O cadro tarifario considerará unha contía máxima pola utilización deste modo de contratación.

O aparato taxímetro iniciará o servizo coa tarifa de “inicio da viaxe” que corresponda, interrompéndose a continuidade do contador cando chegue á contía máxima establecida.

No momento no que o viaxeiro e a súa equipaxe se encontren debidamente instalados e se indicase o punto de destino ou, se é o caso, cando o vehículo chegue á hora e punto de recollida convidados, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

A continuidade do contador interromperase definitivamente ao finalizar o percorrido, ou provisionalmente, ademais do suposto considerado no apartado anterior, durante as paradas provocadas por accidente, avaría, cambio de moeda ou outros motivos non imputables ao usuario. Nestes casos, unha vez resolto o incidente, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

A toma de carburante ou recarga só poderá realizarse estando libre o vehículo, salvo autorización expresa do viaxeiro, en cuxo caso se interromperá a continuidade do contador.

Artigo 27. Contratación do servizo de taxi

A concertación do servizo de taxi efectuarase a petición da persoa usuaria.

- a) Nas paradas establecidas.
- b) Mediante a súa chamada na vía pública.
- c) Por medios telemáticos.
- d) Mediante a súa reserva previa.
- e) Por outros modos que puidesen ser establecidos pola normativa de desenvolvemento da *Lei 4/2013, do 30 de maio*.

A persoa condutora pode denegar a prestación do servizo de taxi cando fose solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas ou cando concorresen circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo e concretamente:

- Ser requirido por individuos perseguidos pola Policía.
- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ao das prazas autorizadas para o vehículo.
- Cando calquera dos viaxeiros se ache en estado de manifesta embriaguez ou intoxicación por estupefacientes, agás nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- Cando o atavío dos viaxeiros, ou a natureza e carácter dos vultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores, poidan deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.

- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes e do condutor coma do vehículo.

A recollida e a baixada de pasaxeiros poderá efectuarse en calquera punto da vía pública onde o usuario o requira sempre que non se vulneren as disposicións sobre tráfico e seguridade viaria ou afecten gravemente á fluidez do tráfico.

Nos momentos nos que na cidade de Lugo se estea desenvolvendo algunha celebración relevante para a cidade, a título de exemplo o San Froilán, o Arde Lucus o Caudal Fest ou calquera outro evento de afluencia de visitantes, poderase estacionar nas paradas o número de vehículos necesario para atender a demanda de servizos, sempre e cando exista dispoñibilidade de espazo para realizar o estacionamento ou a parada sen perturbar a circulación.

Artigo 28. Documentación obrigatoria

Os vehículos afectos ao servizo de taxi deberán estar provistos da seguinte documentación:

- Licenza municipal de taxi.
- Permiso de condución.
- Permiso municipal de condutor.
- Permiso de circulación do vehículo.
- Tarxeta de inspección técnica do vehículo en vigor.
- Póliza e recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil.
- Un exemplar desta ordenanza e o cadro de tarifas aplicable ao servizo.
- Boletín de identificación e control metrolóxico do aparato taxímetro.
- Follas de reclamacións, axustadas á normativa vixente.
- Calquera outro documento esixible de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 29. Dereitos das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo de taxi teñen os seguintes dereitos:

- a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda ás persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou ás mulleres xestantes, e deberán cargar e descargar a súa equipaxe.
- b) A identificar a persoa condutora e recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.
- c) Á prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.
- d) A subir e baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.
- e) A seleccionar o percorrido que consideren máis axeitado para a prestación do servizo. No suposto de que non exercitasen o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia para percorrer coma o tempo considerado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación.
- f) A obter información sobre o número de licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables aos servizos.
- g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas ou con discapacidade visual.
- h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezan.
- i) A que se facilite á persoa usuaria o cambio de moeda ata a cantidade que regulamentariamente se estableza.
- j) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo no que conste o prezo, orixe e destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora e, a petición da persoa usuaria, o itinerario percorrido.
- k) A formular as reclamacións que consideraran oportunas en relación coa prestación do servizo, e deberá facilitar o condutor ou condutora, a petición da persoa usuaria, follas de reclamacións.
- l) Cantos outros se establezan legalmente ou regulamentariamente.

Artigo 30. Deberes das persoas usuarias

As persoas usuarias do servizo de taxi haberán de cumprir as normas de utilización que se establezan regulamentariamente, tendo, en todo caso, os seguintes deberes:

- a) Adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na condución do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.
- b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.
- c) Non manipular, destruír ou deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.
- d) Absterse de fumar, beber alcohol, inxerir alimentos ou consumir calquera tipo de substancia estupefaciente no interior do vehículo.
- e) Respetar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.
- f) Cumprimento de normas de utilización que se establezan regulamentariamente.

Artigo 31. Obrigas dos condutores

Os condutores dos vehículos de taxi están obrigados a:

- 1. Axudar a subir e baixar do vehículo aos viaxeiros que o necesiten por razóns de idade, minusvalías ou estado de saúde.
- 2. Recoller a equipaxe do viaxeiro, colocalo no maleteiro e entregarllo á finalización do servizo, en todo caso a pé do vehículo.
- 3. Coidar o seu aspecto persoal e vestir axeitadamente durante a prestación do servizo. Quedará prohibida a utilización de pezas e calzado de baño, así como os pantalóns curtos e as camisetas sen mangas.
- 4. Subir ou baixar o volume da radio e doutros aparatos de imaxe e son que puidesen estar instalados no vehículo, ou apagar estes se o viaxeiro o solicita.
- 5. Permitir a apertura ou peche das ventás dianteiras ou traseiras.

6. Respetar a elección do usuario sobre o uso do aire acondicionado ou climatización, sempre que a temperatura solicitada non sexa inferior a 18º nin superior a 25º, salvo que condutor e usuario estean de acordo noutra inferior ou superior.
7. Observar un comportamento correcto con cantas persoas soliciten o seu servizo.
8. Respetar as normas de contratación do servizo de taxi.
9. Facilitarlles aos pasaxeiros que o soliciten unha folha de reclamacións.
10. Revisar o interior do vehículo ao finalizar cada servizo para comprobar se o usuario esqueceu algunha das súas pertenzas neste. Neste caso, e se non poden devolvelas no acto, deberán depositalas na oficina da Policía Local.

Artigo 32. Cambio de moeda

Os condutores dos vehículos ao servizo de taxi están obrigados a facilitarlle ao usuario cambio de moeda ata a cantidade de 50 euros.

En caso de que o condutor teña que abandonar o vehículo para obter moeda fraccionaria en contía inferior ao devandito importe, ou ao que no seu caso se fixe, deberá interromper provisionalmente o taxímetro.

No suposto de que o usuario vaia pagar o servizo cunha cantidade que supoña devolver un cambio superior a 50 euros, deberá advertirullo ao condutor antes de iniciar o servizo. En caso de non o facer, será obriga do devandito usuario facerse co cambio e durante o tempo investido manterase funcionando o taxímetro.

Artigo 33. Tarifas

A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industrial.

As tarifas poderán ser revisadas periodicamente ou, de xeito excepcional, cando se producise unha variación nos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

O Concello de Lugo aprobará, tras audiencia ao Consello Galego de Transportes, e de acordo coa lexislación vixente, as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.

TÍTULO SEXTO. MODALIDADE DE SERVIZO “TRANSPORTE A DEMANDA”

Artigo 34. Transporte a demanda

Habilitase un réxime especial baixo autorización municipal para prestar servizos de taxi compartido a varias persoas usuarias, con cobro individual por praza, en zonas de baixa densidade, con tráfico feble e/ou sen as mínimas condicións de accesibilidade na periferia e o rural, para acceso aos servizos, as dotacións e aos polos de atracción da mobilidade que no futuro se poidan determinar, baixo a denominación de “transporte a demanda”.

A prestación polos taxis do servizo de transporte a demanda, como modalidade de precontratación por praza con pagamento individual, estará destinado a facilitar o desprazamento de ida e volta das persoas entre zonas rurais de baixa densidade a hospitais, centros de saúde, residencias, centros administrativos e semellantes, e debera garantir, para as persoas usuarias, unha redución do prezo que lles correspondería pagar de facer a viaxe individualmente cada unha delas aplicando as tarifas ordinarias.

O Concello poderá bonificar ou compensar o servizo para facer efectiva a referida redución do prezo, tras o cumprimento dos requisitos legais, e poderá pór a disposición tamén a aplicación informática adquirida para a implantación do servizo.

As obrigas específicas para esta modalidade complementaria de prestación do servizo serán perfeccionadas polo Concello con posteriores actos ou instrucións de servizo que se diten.

Artigo 35. Réxime de prestación do servizo do transporte a demanda

A prestación do servizo de transporte a demanda autorizada ao abeiro do disposto no *Decreto 103/2018, do 13 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei de transporte de persoas en vehículos de turismo de Galicia*, como modalidade de prestación dos servizos de taxi a varias persoas usuarias por cobro individual por praza, debera axustarse as seguintes condicións:

1. A prestación do servizo de transporte a demanda, ou por praza con pago individual, só se admitirá nos servizos de taxi previamente concertados, como mínimo o día anterior á prestación, por medios telemáticos ou medios telefónicos e para os traxectos que unan as zonas determinadas polo Concello cos principais polos de atracción da mobilidade da cidade central ou dotacións. Estabelecerase a posibilidade de precontratar traxectos de ida, ida e volta ou só de volta aos lugares de orixe.

1. Esta modalidade será complementaria á principal ou ordinaria do servizo de taxi, e plenamente compatible con esta, pero non poderá efectuarse ao mesmo tempo, nos mesmos treitos horarios por unha mesma licenza de taxi. Tanto no intre da contratación, como no da prestación, deberase diferenciar esta modalidade do servizo común ou ordinario de taxi. Non poderán xestionarse a través das mesmas canles e vías reservas para o servizo convencional del taxi.

1. O servizo de transporte a demanda prestarase en réxime de libre competencia, por aquelas persoas operadoras con habilitación suficiente, consonte a normativa sectorial, que reúnan as condicións establecidas nesta ordenanza. O acceso á prestación desta modalidade e a súa regulación, poderá ser desenvolto, perfeccionado e complementado a través de ulteriores actos e instrucións de servizo.

2. Co obxecto de poder establecer un seguimento desta modalidade de servizo e por mor da súa tipoloxía e bonificación pública, todas as persoas usuarias para poder concertar e acceder ao servizo deberán estar dadas de alta, por vía telemática, telefónica ou de xeito presencial a través dos rexistros ou oficinas habilitadas, nunha plataforma específica de xestión, que permita materializar e organizar as precontratacións das persoas usuarias e o seguimento dos servizos efectivamente prestados.

3. Na plataforma do servizo do transporte a demanda e no momento da alta da persoa usuaria, especificaranse aquelas cuestións, obrigas e determinacións que, en perfeccionamento desta ordenanza, teñan que ser coñecidas polas persoas usuarias, para que acepten a información e coñezan as condicións polo miúdo da prestación desta modalidade.

4. Os servizos de taxi compartido compóñense dun traxecto principal con posibilidade de retorno, entre a zona rural e unha parada urbana ou

dotacional e viceversa, solicitado pola primeira persoa viaxeira, xunto cos posibles traxectos accesorios, que deberán sempre discorrer dentro do traxecto principal co fin de que poidan subir e baixar outras persoas durante a viaxe.

5. As reservas poderán modificarse en función das condicións que se fixen e, en todo caso, deberán ser confirmadas dende a plataforma que funcionara como central de reserva, para a xestión de peticións e servizos.
6. Para contratar un servizo de taxi por praza coa modalidade de transporte a demanda, a persoa usuaria dada de alta no servizo facilitará a través da aplicación telemática ou de xeito telefónico o punto de orixe e destino do traxecto, data e hora da súa realización así como o número de prazas que se desexa contratar, e deberá ser informada do prezo do contrato do servizo antes da confirmación da orde de reserva.
7. No desenvolvemento dun servizo contratado por praza, o itinerario será o máis directo e axeitado entre o inicio e remate do traxecto principal, a elección da persoa condutora e tendo en conta as paradas intermedias.
8. Admitiranse paradas intermedias para permitir a subida e baixada doutras persoas viaxeiras durante o traxecto compartido.
9. O taxi circulará, cando preste esta modalidade de servizo, cos indicadores de luces apagados e un cartel ou modulo luminoso no que se visualice a lenda “transporte a demanda”.
10. Realizada a viaxe, cada persoa usuaria recibirá un xustificante da prestación do servizo. As tarifas e os recibos deberán reflectir tamén a modalidade de prestación “transporte a demanda”.
11. O abandono do vehículo nos puntos concertados por algunha das persoas ocupantes suporá o remate do servizo contratado con esa persoa e a obriga de pagamento do prezo acordado con ela.
12. As licenzas que resulten habilitadas para esta modalidade de servizo deberán cubrir, de xeito universal e homoxéneo, o servizo consonte se establece nas condicións e cos dereitos e obrigas que se reflectan no convenio ou formulario de adhesión tipo, ademais dos xenéricos e específicos establecidos nesta ordenanza.

13. As habilitacións para esta modalidade de servizo poderán revogarse consonte se determine nesta ordenanza ou no seu desenvolvemento, no propio convenio tipo ou condicións particulares determinadas no formulario de adhesión, e, en todo caso, baixo causa xustificada por resolución da concellería competente en razón da materia, sen que poidan esixirse polos autorizados indemnización ningunha, agás que resulten da aplicación directa do convenio e as cantidades compensatorias que, de ser o caso, resultasen pendentes de pago. Así mesmo, poderán revogarse cando concorra algunha outra circunstancia determinada pola normativa vixente en cada momento.
14. As persoas usuarias terán os dereitos e obrigas que se determinen na normativa vixente, entre a que está a contida nesta ordenanza e no seu desenvolvemento, no intre no que se produza a alta nos medios de reserva e contratación desta modalidade de servizo. As persoas usuarias que non cumpran de forma manifesta as condicións de acceso ao servizo poderán ser dadas de baixa como habilitadas para contratar esta modalidade de servizo de transporte a demanda.
15. No suposto de que o servizo do coche de punto coincida nun traxecto orixe e destino, correspondente ao dunha tarifa plana ou fixa, a suma dos prezos aboados polas persoas usuarias que compartan total ou parcialmente o traxecto non poderá ser superior ao prezo que resultase da referida tarifa plana.
16. En todo o que non se opoña a este capítulo, aplicárase nesta modalidade de prestación do servizo, o resto de prescricións pautadas nesta ordenanza.

TÍTULO SÉTIMO. INFRACCIÓNS E SANCIÓN. PROCEDIMENTO SANCIONADOR

Artigo 36. Inspección

As funcións de vixilancia e inspección dos servizos de taxi corresponderanlle ao Servizo da Policía Local do Concello de Lugo, sen prexuízo das competencias doutras administracións públicas en materia de inspección. A devandita función exercerase de oficio, mediando ou non denuncia previa, terá como finalidade

garantir a adecuación da actividade de taxi ao establecido por esta ordenanza e normativa de aplicación.

O persoal que desempeñe o labor de inspección ten recoñecidos, no exercicio das súas funcións, o carácter e a potestade de autoridade pública e os feitos constatados nas actas que se levanten no exercicio da función inspectora gozan de presunción de veracidade e terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses puidesen sinalar ou achegar as persoas interesadas.

Artigo 37. Regras sobre a responsabilidade

A responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras do transporte de persoas en vehículos de turismo corresponderá:

- a) Nas infraccións cometidas con ocasión da realización de servizos de taxi, ao seu titular.
- b) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi realizados ao abeiro de títulos habilitantes expedidos a nome doutras persoas, á persoa física ou xurídica que utilice os devanditos títulos e á persoa a cuxo nome se expedisen aqueles títulos, salvo que esta última demostrase que non deu o seu consentimento.
- c) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi realizados sen a cobertura do correspondente título habilitante, á persoa que tivera atribuída a facultade de uso do vehículo, ben sexa a título de propiedade, alugueiro, arrendamento financeiro, rénting ou calquera outra forma admitida pola lexislación vixente.
- d) Nas infraccións cometidas polas persoas usuarias e, en xeral, por terceiros que, sen estar comprendidos nos apartados anteriores, realizasen feitos que constitúan infraccións contempladas nesta ordenanza, á persoa física ou xurídica á que vaia dirixido o precepto infrinxido ou á que a disposición correspondente atribúise especificamente a responsabilidade.

Artigo 38. Infraccións

Son infraccións as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas pola *Lei 4/2013, do 30 de maio*, a título de dolo, culpa ou simple inobservancia.

As infraccións das normas reguladoras dos servizos de taxi están previstas na *Lei 4/2013, do 30 de maio*, e clasifícanse en moi graves, graves e leves.

Artigo 39. Infraccións moi graves

Considéranse infraccións moi graves:

- a) A realización de servizos de taxi carecendo dos preceptivos títulos habilitantes ou con estes suspendidos, anulados, caducados, revogados, sen realizar o visado obrigatorio ou por calquera outra causa ou circunstancia pola que as referidas habilitacións expedidas para exercer a actividade xa non sexan válidas. No suposto de que a infracción consistise na falta de visado obrigatorio e este se tivese realizado con anterioridade á data de resolución do procedemento sancionador, a infracción terá a cualificación de leve.
- b) Prestar os servizos de transporte de persoas en vehículos de turismo mediante un condutor ou condutora que non estea debidamente autorizado para a conducción e habilitado para a prestación do servizo.
- c) A cesión ou transmisión, expresa ou tácita, dos títulos habilitantes por parte dos seus titulares a favor doutras persoas sen a preceptiva autorización.
- d) O falseamento de documentos que tivesen que ser presentados como requisito para a obtención dos títulos habilitantes ou dos datos que haxan de figurar nos devanditos títulos habilitantes.
- e) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección que impedisese o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.
- f) O incumprimento, por parte do titular do vehículo, da obriga de subscribir os seguros preceptivos.
- g) O incumprimento das obrigas de prestación do servizo de taxi impostas nesta ordenanza e normativa de aplicación.
- h) Non levar o aparato taxímetro, a manipulación deste, facelo funcionar de xeito inadecuado ou impedirle a súa visibilidade á persoa usuaria, así como cantas

accións tiveran por finalidade alterar o seu normal funcionamento, e a instalación de elementos mecánicos, electrónicos ou doutra natureza destinados a alterar o correcto funcionamento do taxímetro ou modificar as súas medicións, aínda cando este non se encontrase en funcionamento no momento de realizarse a inspección.

A responsabilidade pola devandita infracción corresponderalles tanto ás persoas que manipulasen o taxímetro ou colaborasen na súa manipulación coma ao taxista que o teña instalado no seu vehículo.

i) A prestación de servizos de transporte de persoas con vehículos que incumprisen as condicións técnicas sobre accesibilidade de persoas con mobilidade reducida que en cada caso se determinen, sempre que o vehículo sexa un taxi adaptado.

j) O arrendamento de vehículos con condutor incumprindo as obrigas de contratación establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento ou a recollida de clientes que non contratasen previamente o servizo de conformidade co establecido na normativa reguladora.

k) Prestar o servizo cun número de ocupantes do vehículo que supere o número de prazas autorizadas de conformidade coa normativa vixente.

l) A realización de servizos de transporte de persoas mediante cobramento individual, salvo nos casos en que estivese expresamente autorizado.

Artigo 40. Infraccións graves

Considéranse infraccións graves:

a) Carecer do preceptivo documento no que deben formularse as reclamacións das persoas usuarias ou negar ou obstaculizar a súa disposición ao público.

b) Non atender a solicitude a unha demanda de servizo de taxi por parte dunha persoa usuaria estando de servizo, ou abandonar un servizo antes da súa finalización, salvo que existisen causas xustificadas de perigo fundado para a persoa condutora ou para o vehículo de turismo.

c) A realización de servizos de transporte iniciados nun termo municipal distinto do que corresponde á licenza de taxi, salvo nos supostos legalmente exceptuados.

d) Incumprir o réxime de tarifas vixente para o servizo de taxi.

- e) A prestación de servizos con vehículos distintos aos identificados adscritos ás licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi, salvo nos casos de substitución debidamente autorizados, así como o incumprimento do ámbito territorial dos devanditos títulos habilitantes.
- f) A realización de servizos de taxi por itinerarios inadecuados que fosen lesivos economicamente para os intereses da persoa usuaria ou desatendendo as súas indicacións sen causa xustificada de perigo para a persoa condutora ou danos para o vehículo de turismo.
- g) Levar a cabo servizos de transporte de persoas en vehículos de turismo sen levar a bordo a documentación acreditativa necesaria para controlar a legalidade do transporte.
- h) A realización de servizos de arrendamento de vehículos con condutor sen dispoñer da documentación que resulte obrigatoria para acreditar a correcta utilización do vehículo.
- i) A difusión de ofertas comerciais para a realización de actividades de transporte de persoas en vehículos de turismo sen dispoñer dos correspondentes títulos habilitantes para exercer as devanditas actividades segundo o disposto na lei.
- j) A retención de obxectos abandonados no vehículo sen dar conta á autoridade competente.
- k) A carencia de contrato e folla de ruta ou a ocultación ou non conservación por parte da empresa dunha copia durante un ano.
- l) Non dispoñer dos cadros de tarifas e do resto de documentación que tivese que exhibirse para o coñecemento das persoas usuarias.
- m) O trato desconsiderado aos clientes, así como a non prestación do servizo nas condición de hixiene e/ou calidade esixibles.
- n) Calquera das infraccións previstas como moi graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancia non haxa de ser cualificada como moi grave.

Artigo 41. Infraccións leves

Considéranse infraccións leves:

- a) Non levar en lugar visible os distintivos que foran esixibles ou os levar nunhas condición que dificulten a súa percepción ou facer un uso inadecuado deles.
- b) Non respectar os dereitos das persoas usuarias establecidos na lei.
- c) Non levar a bordo do vehículo a documentación formal que acredite a posibilidade legal de prestar o servizo, sempre que se dispuxese desta.
- d) Incumprir as normas que puidesen establecerse sobre publicidade nos vehículos dedicados ao transporte de persoas en vehículos de turismo.
- e) A carencia no vehículo do letreiro que indique a existencia de follas de reclamacións.
- f) Non entregar o recibo ou factura do servizo prestado ás persoas usuarias, se estas o solicitasen, ou entregarlles un recibo ou factura que non cumpra os requisitos establecidos pola normativa aplicable.
- g) O incumprimento polas persoas usuarias dos deberes que lles corresponderan.
- h) Non levar a placa relativa á súa condición de vehículo de servizo público.
- i) A carencia de cambio de moeda metálica ou billetes ata a cantidade que estea regulamentariamente establecida.
- j) Non expoñer ao público os cadros de prezos autorizados ou telos en lugares non visibles.
- k) Calquera infracción das que teñen consideración de graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancias non haxa ser cualificada como grave, deberá xustificarse a existencia das devanditas circunstancias e motivarse na resolución correspondente.

Artigo 42. Sancións

As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 200 euros; as graves, con multa dende 201 ata 1.000 euros; e as moi graves, con multa dende 1.001 ata 3.000 euros e a posibilidade de declarar a caducidade do título administrativo habilitante.

As sancións deberán graduarse tendo en conta os danos e perdas ocasionados, a intencionalidade e a reincidencia. Considérase reincidencia a comisión, no prazo

dun ano, de máis dunha infracción administrativa da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

En caso de infraccións cometidas no exercicio da actividade de taxi, as contías das sancións imponse no seu terzo inferior, salvo as previstas nos apartados a) e g) do artigo 39, infraccións moi graves.

As sancións anteriores enténdense sen prexuízo, se é o caso, da posibilidade de declarar a caducidade do correspondente título habilitante e a autorización, nos casos en que esta proceda por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento, ou as que resulten necesarias para o exercicio da actividade.

Artigo 43. Procedemento sancionador

O procedemento para a imposición de sancións desenvolverase de conformidade co establecido na *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia*, na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*, na *Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público* así como no *Decreto 123/2012, do 18 de maio, polo que se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de transporte terrestre e marítimo*.

Antes do inicio do procedemento administrativo sancionador, o órgano competente, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de urxencia, para protexer provisionalmente os intereses das persoas implicadas, pode adoptar as medidas axeitadas para este efecto.

Estas medidas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas polo acordo de incoación do procedemento sancionador, que terá que se producir nos quince días seguintes ao da adopción do acordo.

Na execución das sancións atenderase ao disposto na normativa de aplicación vixente e ao establecido no *Decreto 123/2012, do 18 de maio, polo que se determinan os órganos competentes para o exercicio da potestade sancionadora en materia de transporte terrestre e marítimo*, e á normativa sobre recadación de tributos.

O prazo dentro do cal debe notificarse a resolución do procedemento sancionador é dun ano dende a data do acordo de incoación do correspondente expediente

sancionador, sen que en caso ningún poida entenderse iniciado aquel procedemento mediante a formulación do correspondente boletín de denuncia.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, debe acordarse a caducidade do referido procedemento e o arquivo de todas as actuacións.

As infraccións cometidas polos titulares de títulos habilitantes e as sancións que se lles impoñan serán obxecto de anotación no rexistro de títulos habilitantes.

Artigo 44. Prescrición das infraccións e sancións

As infraccións e sancións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao ano.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que a infracción se tivese cometido. E o prazo de prescrición das sancións, dende o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

Interromperá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e volverá transcorrer o prazo de prescrición se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

No caso das sancións, a prescrición interromperase coa iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se o dito procedemento está paralizado durante máis dun mes por causa imputable ao infractor.

DISPOSICIÓNS

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira - Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais

Todas as modalidades de servizo definidas nesta ordenanza poden requirir o manexo e tratamento de datos persoais tanto de persoas operadoras como usuarias.

O tratamento destes datos realizarase con observancia do disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación.

As persoas operadoras, xunto con aquelas centrais de reserva, plataformas de xestión, ou semellantes, que manexen ou traten datos persoais poderán facelo con cumprimento do marco legal, con habilitación dos protocolos, criterios e garantías que se recollen na normativa, como os criterios de proporcionalidade e seguranza e garantía dos dereitos de protección, entre outros.

As persoas operadoras, centrais e plataformas terán dereito de acceso a rexistros públicos sempre e cando sexan necesarios para a operativa do servizo e, en especial, a aqueles que poidan condicionar medidas de fomento do servizo, para a bonificación ou subvención ás persoas usuarias, para compensación do servizo etc. O Concello facilitara a xestión dos devanditos accesos, sempre de xeito ordenado e coas garantías que estipula a normativa aplicable.

O Concello como responsable e titular da competencia terá dereito de acceso aos rexistros dos operadores para os labores propios de supervisión, control e seguimento e na medida en que o acceso sexa imprescindible para o correcto exercicio das devanditas tarefas, así como para a xustificación e control.

Disposición adicional segunda. Relacións electrónicas

As persoas titulares das licenzas municipais de taxis, profesionais e calquera outra persoa que inicie relacións co Concello de Lugo relativas ao sector do taxi están obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración municipal.

Disposición adicional terceira. Modificacións normativas

As referencias contidas nesta ordenanza a preceptos doutras normas legais ou regulamentarias entenderanse feitas de xeito automático a aqueles preceptos que os substitúan ou modifiquen.

Disposición transitoria

No non previsto nesta ordenanza, será de aplicación o disposto na *Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia* e o

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 4/2013 e supletoriamente a lexislación estatal.



Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza municipal reguladora do servizo de autotaxis do Concello de Lugo, aprobada polo Pleno da corporación na sesión do 7 de outubro de 2002.

Disposición final

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo establecido no artigo 65.2 da *Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local*.

ANEXO: Deseño e rotulación dos vehículos afectos ás licenzas de taxi



DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois a este respecto dicir que, aínda que non era habitual debater as ordenanzas no Pleno, si que se acordou na Xunta de de Portavoces do día anterior, que íamos proceder ... e, polo tanto, comezamos ... con ese debate. Ten a palabra, en primeiro lugar, o representante do Bloque, Rubén Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Moi bo día. Tamén me quero sumar aos agradecementos a todo o persoal municipal e todo o persoal implicado en que puidésemos volver á normalidade despois de todo o apagón.

Ben, pois efectivamente, como dicía o alcalde, non é habitual o debate de ordenanzas, pero en todo caso tampouco hai ningún ningún problema. Facemos unha modificación da ordenanza reguladora do taxi en Lugo por tres razóns: A primeira é que esta ordenanza actual tiña máis de 20 anos e, polo tanto, era preciso adaptarse aos cambios que houbo na lexislación durante este tempo, e así se trasladan neste novo documento. Tamén despois de ter diversas reunións co sector, no cal nos fixeron múltiples propostas que fomos incorporando para unha mellor eficiencia no servizo e tamén para unha mellora ante cuestións problemáticas que se viñan detectando nos últimos tempos, porque evidentemente, os tempos cambian e aparecen situacións que non aparecían contempladas na ordenanza anterior. E tamén ten outro punto moi importante, que vai permitir que se poida levar adiante un servizo de transporte a demanda no que o taxi, efectivamente, pode ser o protagonista deste servizo, un servizo de transporte a demanda no que levamos tempo xa traballando e que este era o primeiro paso: modificar esta ordenanza para que os taxistas poidan ser ferramenta para poder levar a cabo este servizo. Un servizo que, efectivamente, é moi importante para poder cubrir aquelas zonas onde non chega nin o transporte urbano nin o transporte metropolitano e poder dar cobertura a todo o Concello de Lugo, algo que sería realmente moi positivo e que practicamente ningún concello dispón. Practicamente, ningún concello nin ningún municipio dispón dunha cobertura total para todas as parroquias. Polo tanto, isto vai ser moi importante.

Ben, eu quero agradecer ao sector do taxi por toda a colaboración e todo o traballo que fixeron durante meses para poder levar a cabo esta ordenanza, porque realmente foron os protagonistas. Fíxose en consenso con eles durante todo este tempo e creo que hoxe podemos aprobar un documento moi bo para todas e todos, para o sector, e moi bo tamén para a cidadanía de Lugo.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben. Agora ten cinco minutos de réplica o voceiro do Partido Popular.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Bo día a todos. A ordenanza que hoxe se somete a aprobación comeza dicindo que a Lei 4/2013,

na súa disposición final terceira, obriga aos concellos a adaptar as súas ordenanzas reguladores do servizo do taxi ao previsto neste texto lexislativo. Polo tanto, no ano 2013 xa resultaba necesaria aprobación dunha nova norma reguladora do réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi dentro do termo municipal de Lugo. Estamos a falar dunha lei de maio do ano 2013, que 22 anos despois da súa aprobación dá lugar a unha ordenanza que hoxe se somete a aprobación.

Coincidirán comigo en que sen tempo non foi. O caso é que unha das novidades máis relevantes que se incorpora nesta nova ordenanza é habilitación especial do cobro individual por praza para cubrir servizos de transporte público na zona rural, que se desenvolverá baixo a habilitación do artigo 39.3 do Decreto 103/2018. O borrador desta ordenanza que hoxe traemos a aprobación di que a intervención do Concello abarca varios aspectos e, entre estes, a fiscalización da prestación do servizo ou establecemento das tarifas de aplicación. Tamén di que o Concello poderá bonificar ou compensar o servizo para facer efectiva a referida redución do prezo neste novo servizo e poderá por á disposición tamén a aplicación informática adquirida para a implantación do servizo. Aquí temos un erro léxico, aló menos no documento que nós temos á disposición, que temos que corrixir, señor alcalde, no artigo 34, pero, independentemente diso, semella ocorrer que o redactor do documento non tiña claro se asumir o compromiso firme ou de xeito condicional, e optou, sen quere-lo, por incluír ambas fórmulas. En todo caso, adquirida, que nós saibamos, non hai ningunha aplicación informática e o único que hai dentro do anexo de investimentos do orzamento municipal de 2025 é unha partida para un novo contrato do sistema de xestión de transporte a demanda de taxi, cunha dotación de 20.000 euros, tendo presente que mañá xa estaremos en maio, por culpa de meterlle moita prisa, non nos imos equivocar.

Referindo este sistema de xestión, que non existe, este borrador de ordenanza di no seu artigo 35, onde se regula o réxime de prestación do servizo do transporte a demanda, que todas as persoas usuarias para poder conectar e acceder ao servizo deberán estar dadas de alta por vía telemática, telefónica ou de xeito presencial, a través dos rexistros ou oficinas habilitadas, nunha plataforma específica de xestión que permita materializar e organizar as precontratacións das persoas usuarias e o seguimento dos servizos efectivamente prestados. Que podemos dicir de todo isto? Que está todo por facer. Hoxe aprobaremos co voto a favor do noso grupo municipal, que xa adiantamos, pouco máis que unha intención, unha intención que tamén o Partido Popular incluíu no seu programa electoral para as eleccións do ano 2023, e a realidade é que pouco máis temos hoxe feito.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo presentou tamén en prazo, na fase de consulta de elaboración da presente ordenanza, as seguintes ideas: Que se avánzase na regulación do servizo de taxi a demanda, delimitando o modelo de xestión onde se especifiquen prazos e prestacións deste servizo, a súa posta en marcha e os detalles sobre a implantación. Xa vimos que non temos iso aínda, que se estude que os titulares de licenzas de forma voluntaria

acepten o transporte de mascotas nos seus vehículos garantindo as normas de circulación e hixiene necesaria. Tampouco consta que se teño considerado. Que se analiza a posibilidade de estender estándares de calidade na procura dunha mellora continua da excelencia e a satisfacción do cliente, fomentado a partires de axudas ou beneficios fiscais, que non constan tampouco. E se convenie a forma de que os taxistas poidan participar como axentes turísticos, de maneira que teñen información para poder facilitar aos visitantes. Boa idea que tivo a mesma consideración que as anteriores. En todo caso, quero rematar con máis salientable desta iniciativa que é o non feito e que se tiña que facer, e o que queda por facer, pero vouno facer na miña seguinte intervención.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois moitas grazas, señor Cabarcos. Ben, ten a segunda quenda de palabra, tres minutos, o voceiro do Goberno.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: A ver, non é unha cuestión de que isto da ordenanza sexa unha cuestión de intencións, é que non podemos construír a casa polo tellado. A ordenanza é o primeiro paso, sen ordenanza non pode haber nada do demais. Entón nese paso estamos agora mesmo. Despois, eu alégrome de que o Partido Popular presentara no seu programa de 2023 isto, cando xa empezamos a traballar publicamente, como así o demostramos, no ano 2021 nunha xuntanza que xa tivemos en Pontevedra para ver como o estaban levando alí, porque era o primeiro concello que estaba sacando este servizo. Xa fomos alí, reunímonos cos técnicos de alí, déronnos toda a información e foi como empezamos a traballar aquí, vendo como se estaba a facer na única cidade que se estaba a levar agora mesmo, non había outra experiencia previa, nós tínhamos que aprender como estaban facendo noutros sitios, porque, dende logo, era un servizo novidoso e que ten moitas dificultades a nivel administrativo para poderse executar. Non é tan sinxelo como poida aparecer.

E despois, a respecto das alegacións propostas que fixo o Partido Popular a este respecto, primeiramente cómpre sinalar que se fixeron de costas ao sector, de feito o sector trasladaba que non estaba de acordo nesas cuestións que presentaba o Partido Popular. Eu creo que se debería ter dialogado, máis con eles. De feito, algúns se sorprendían con isto de converterse nunha especie de axentes turísticos, cando eles mesmos xa están informando ás persoas que chegan. De feito se lles ten dado material dende a Concellaría de Cultura e Turismo, para que poidan repartir nos propios taxis, planos e información de museos, etcétera, etcétera, co cal están encantados, e outro tipo de cuestións. Polo tanto, nós fixemos o traballo deste documento sempre en colaboración co sector, adaptándonos as súas propostas e as propostas que presentaba o Partido Popular, consideraban que non aportaban nada positivo á ordenanza, e nós non as rexeitamos sen ter en conta a súa opinión, como así foi. Entón cremos que, como dixeran ao principio, na primeira intervención, este é un moi bo documento, tanto para o sector do taxi como para a cidadanía de Lugo.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra, en quenda de réplica, tres minutos, o señor Cabarcos.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Pois, señor Arroxó, seguindo co símil construtivo que vostede empregou, é certo que temos anunciado que imos ter unha casa, pero na fase na que estamos é posiblemente o encofrado da cimentación e pouco máis temos feito. Voulle narrar unha cronoloxía aproximada do que ten acontecido con esta iniciativa dende o principio: En abril de 2013 apareceu a obriga de modificación da ordenanza reguladora do servizo de taxi, abril 2013. En maio de 2019, seis anos despois e 12 días antes da celebración das eleccións municipais, o BNG anuncia a intención de pór en marcha o servizo ao longo do mandato 2019-2023. En marzo de 2023, catro anos despois deste anuncio, o BNG afirma publicamente ter cumpridos os seus compromisos do anterior mandato, este incluído, suponse. E, en abril de 2025, dous anos despois, hoxe mesmo, anunciamos que Lugo poderá contar cun servizo de taxi a demanda que comeza cunha aprobación inicial do borrador dunha ordenanza que fai mención, pero non desenvolve, unha organización deste servizo. Case nada do que precisa o servizo de taxi a demanda está listo para funcionar. Despois de oito anos do anuncio dunha promesa incumprida, salvo una asignación orzamentaria de 20.000 euros para un contrato que ten que ser parte dun sistema a definir, formalizar, desenvolver e contratar nos oito meses que restan de ano, non hai nada feito e con todo teño que desdicirme do que resta todo por facer. Non é certo, porque a contía do custo para os usuarios destes servizos xa sabemos. O tenente de alcalde, señor Rubén Arroxó, xa informou o 14 de maio de 2019 que os usuarios pagarán o mesmo prezo que o establecido para os buses urbanos. Algo xa temos, non falta todo, falta case todo. Hoxe os demandantes e mañá usuarios, xa veremos cando, sacan en limpo desta reunión que un borrador dunha ordenanza queda aprobado. Efectivamente, é que non existe ningún modelo de funcionamento previsto nin traballado, pero si, sexa cando sexa, cando o servizo entre a operar, o custo será o mesmo co do autobús urbano, queda dito e prometido e só resta por facer o traballo que faga que isto sexa realidade.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, Sr Cabarcos. Última quenda, un minuto, para o o voceiro municipal.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Simplemente con leer esas declaracións das que vostede fala de marzo de 2023, lería que precisamente o que dixen é que cumprimos todos os compromisos menos o do servizo de taxi a demanda, debido aos grandes problemas administrativos, porque ningún concello aínda o puxera a funcionar. Entón tivémonos que estar investigando como se podía realizar. Un exemplo, seguro, que son os 200 concellos galegos nos que goberna o Partido Popular, nos cales en ningún teñen este servizo, ningún. Nós evidentemente nós puxemos, intentámolo por todos os medios e coa colabora-

ción de todo o Goberno, pero ten as súas dificultades, que estamos corrixindo segundo imos investigando, e, polo tanto, isto ímolo levar adiante. Eu sinto que lles pese, que intentase pois poñer paus na roda presentando esas alegacións no seu momento, para intentar retardar a aprobación desta ordenanza varios meses e que tivésenos que, en vez de aprobala en setembro, como era o noso plan, tela que aprobar agora a finais de abril, pero imos seguir levándoa adiante, póñanse as trabas que se poñan. Nós queremos que toda a poboación de Lugo teña un servizo de transporte.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois pasamos á votación.

ACTAS E GOBERNO

3/56 MODIFICACIÓN DA ACTUAL REDACCIÓN DOS ACORDOS NÚMEROS 4/76 E 5/77, ADOPTADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVOS Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS E ESPECIAIS DO PLENO (2025/G004/000183).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, asinada polo secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente, que seguidamente se transcribe:

“Examinado o expediente tramitado para o efecto e vistos:

A) Acordo número 2/16 do Pleno extraordinario do 1 de febreiro de 2024, polo que se modificaron os acordos números 4/76 e 5/77 adoptados no Pleno extraordinario do 26 de xuño de 2023, relativos á creación e composición das comisións permanentes ordinarias e especiais do Pleno, que é do seguinte teor:

“2/16 PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ACORDOS NÚMEROS 4/76 E 5/77, ADOPTADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 26 DE XUÑO DE 2023, RELATIVOS Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS E ESPECIAIS DO PLENO. Exp.: 2024/G004/000044.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 24 de xaneiro de 2024, do seguinte teor literal:

“Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- Acordos 4/76 e 5/77, adoptados polo Excmo. Concello Pleno na sesión extraordinaria de organización celebrada o día 26 de xuño de 2023, relativos á

creación e composición das Comisións Permanentes Ordinarias e Especiais do Pleno.

2.- Toma de posesión, trala renuncia da anterior titular, de dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo como Alcaldesa deste Excmo. Concello de Lugo efectuada no Pleno extraordinario celebrado o día 18 de xaneiro de 2024.

3.- Decreto número 464/2024, do 19 de xaneiro de 2024, polo que se establece unha nova organización municipal, na que se modifican, entre outros aspectos, a denominación das área municipais.

E tendo en conta o disposto nos artigos 117 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo (ROMP), no que se establece “O Pleno acordará a creación, o número e a denominación das comisións previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en función do número de concelleiros e/ou concelleiras que teñan no Pleno, e os concelleiros e/ou concelleiras non adscritos, de acordo co previsto neste regulamento e nos seus acordos de creación”.

En virtude de todo o cal, e sendo preciso adaptar a denominación e ámbito de actuación das Comisións de Pleno creadas o día 26 de xuño de 2023 á nova organización establecida no Decreto 464/2024, PROPÓNSELLE ao Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

MODIFICAR os acordos números 4/76 e 5/77 adoptados na sesión extraordinaria celebrada polo Excmo. Concello Pleno o 26 de xuño de 2023, segundo o seguinte:

- A Comisión Permanente Ordinaria de Transición Ecolóxica e Impulso Rural, pasará a denominarse **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación en relación coas materias comprendidas na Áreas de Transición Ecolóxica e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás naquelas materias relativas ao ámbito da cohesión social.

- A **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**, que manterá a mesma denominación, e que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación en relación coas materias comprendidas na Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás nas materias relativas ao ámbito da cohesión territorial.

- A Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía e Sostibilidade Urbana e Recursos Internos pasa a denominarse **COMISIÓN PERMANENTE ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DA ALCALDÍA, RECURSOS INTERNOS E PROXECTO DE CIDADE**, que terá as funcións que lle asignan os artigos 115 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e 130.3 do ROMP.

Así mesmo, actuará como comisión permanente ordinaria para os asuntos relativos ás áreas de goberno con competencias en materia de Alcaldía e Planificación da Cidade e de Xestión Integral e Recursos Internos. Neste suposto, tamén asistirá ás súas reunións a persoa titular do órgano de xestión presupostaria, de existir, cando

se traten asuntos relativos ao estudo, consulta, informe, ditame do orzamento e, se é o caso, a aprobación do orzamento ou das súas modificacións.

Ás sesións da Comisión Permanente Especial de Contas e Ordinaria da Alcaldía, Recursos Internos e Proxecto da Cidade asistirán, en todo caso, o Interventor ou Interventora Xeral, así como a persoa titular do órgano de xestión económico-financeira.

Logo das modificacións producidas os referidos acordos quedarán redactados do seguinte xeito:

“4/76 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS DO PLENO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 21 de xuño de 2023, do teor literal seguinte:

“De conformidade co artigo 122 do ROMP:

“1. No inicio de cada mandato -e, en todo caso, dentro dos trinta días hábiles seguintes ao da constitución da Corporación-, o Pleno, por proposta do seu Presidente ou Presidenta, acordará a creación das comisións permanentes.”

Segundo o disposto no artigo 122.3), parágrafo segundo, e 122.4) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

“122.3...

En todo caso, o Pleno...disporá de Comisións que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno.

122.4. Corresponderanlles ás comisións as seguintes funcións:

a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.

b) O seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno.

c) Aquelas que o Pleno lles delegue, de acordo co disposto nesta lei.

...”

E, tendo en conta os artigos 117 e seguintes do ROMP, correspóndelle ao Pleno acordar a creación, o número e a denominación destas comisións.

Constituída o 17 de xuño de 2023 a Corporación municipal resultante das eleccións municipais celebradas o día 28 de maio de 2023, PROPÓNSELLE ao Pleno da Corporación:

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS (artigo 121 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- Carácter e funcións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno asumen as funcións de estudo, informe e consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, o seguimento da xestión do Alcalde ou Alcaldesa e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno, e as funcións resolutorias que o Pleno lles delegue.

2.- Número e denominación: créanse tres comisións permanentes ordinarias coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Áreas de Transición Ecolóxica e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás naquelas materias relativas ao ámbito da cohesión social.
- **A COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**, que manterá a mesma denominación, e que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás nas materias relativas ao ámbito da cohesión territorial.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.

3.- Composición: estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 en representación do Grupo Municipal do Partido Popular
- 3 en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
- 2 en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá á persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e cun/cunha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo Presidente ou Presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros.

De conformidade co artigo 137 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o presidente das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da Corporación, para efectos informativos.

O Secretario ou Secretaria das comisións será o Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

4.- Réxime de sesións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual. A propia comisión deberá fixar, na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas.”

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 23

- **Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,

ACORDA:

A aprobación da creación e composición de COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS (artigo 121 do ROMP), de acordo co seguinte:

1.- Carácter e funcións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno asumen as funcións de estudo, informe e consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, o seguimento da xestión do Alcalde ou Alcaldesa e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ao Pleno, e as funcións resolutorias que o Pleno lles delegue.

2.- Número e denominación: créanse tres comisións permanentes ordinarias coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA E COHESIÓN TERRITORIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Áreas de Transición Ecolóxica e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás naquelas materias relativas ao ámbito da cohesión social.
- **A COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E COHESIÓN SOCIAL**, que manterá a mesma denominación, e que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais e na Área de Cohesión Social e Territorial, agás nas materias relativas ao ámbito da cohesión territorial.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.

3.- Composición: estarán integradas por 9 membros, de acordo co seguinte:

- 4 en representación do Grupo Municipal do Partido Popular
- 3 en representación do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE
- 2 en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego

Así mesmo, os grupos políticos municipais designarán un/unha suplente por cada un/unha dos/das seus/súas representantes, que substituirá á persoa titular en casos de ausencia, vacante, enfermidade ou causa que impida a súa asistencia á sesión.

Contarán cun/cunha presidente/a e cun/cunha vicepresidente/a, que serán elixidos/as de entre os seus membros pola propia comisión na súa sesión constitutiva e nomeados polo Presidente ou Presidenta do Pleno, quen poderá exercer a Presidencia da devandita sesión constitutiva ou delegala en calquera dos seus membros.

De conformidade co artigo 137 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), o presidente das comisións poderá requirir a presenza nas sesións de persoal ou membros da Corporación, para efectos informativos.

O Secretario ou Secretaria das comisións será o Secretario ou Secretaria Xeral do Pleno, ou funcionario/a en quen delegue.

4.- Réxime de sesións: as comisións permanentes ordinarias do Pleno celebrarán sesións ordinarias cunha periodicidade, polo menos, mensual. A propia comisión deberá fixar, na súa primeira reunión, a data e hora da celebración daquelas.”

“5/77 PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DA CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ESPECIAIS DO PLENO.- Vista a proposta da Alcaldía, do 21 de xuño de 2023, do teor literal seguinte:

“O artigo 122 do Regulamento orgánico municipal do Pleno (en adiante ROMP) dispón que: “1. No inicio de cada mandato -e, en todo caso, dentro dos trinta días hábiles seguintes ó da constitución da Corporación-, o Pleno, por proposta do seu Presidente ou Presidenta, acordará a creación das comisións permanentes.”

Á súa vez, o artigo 122.3) parágrafo segundo e 122.4) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispoñen:

“122.3...

En todo caso, o Pleno...disporá de Comisións que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en proporción ó número de concelleiros que teñan no Pleno.

122.4. Corresponderán ás comisións as seguintes funcións:

a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno.

Ben, e tamén vou continuar dando resposta, como non pode ser doutro xeito, á proposición que fai o Partido Popular, e direilles que hai varios meses que esta concelleira xa instou ao seu servizo a traballar para aplicar un programa de reforzo dos equipos da infancia e familiar da rede de servizos sociais comunitarios que temos no Concello de Lugo. De feito direilles que o 26-3-2025, que entendo que por aí vai esta proposición, porque é curioso como se trasladan proposicións que chegan a outras administracións das que teñen franco coñecemento pero que despois non aplican, traballo a prol da infancia, por exemplo, que se deba. Pois, como dicía o 26-3-2025, xa quedou plasmado no programa de xestión e cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios, o desenvolvemento deste programa. Así que traer esta proposición ao Pleno creo que é un descoñecemento profundo do que se está a facer, ou ben un coñecemento e unha mala intención de traela a cabo ou tratar de rendibilizar o traballo doutros, que tamén é algo ao que esta oposición nos ten bastante acostumados. Este proxecto ten como obxectivo, repito, o proxecto de reforzo dos equipos da infancia e familia da rede do Concello na Concellaría de Benestar Social e Maiores ten como obxectivo principal a prevención da detección precoz de situacións de violencia en menores de idade, dirixíndose lóxicamente ao persoal fundamental neste eido, que son as educadoras sociais do Servizo de Educación e Apoio Familiar do Concello, capacitándoas e poñendo en marcha programas que nos permitan identificar situacións de abuso, maltrato e intervir con eficacia para protexer aos menores, tendo en conta que imos traballar nos eidos da prevención primaria, da prevención secundaria e tamén da prevención terciaria. Tamén, e antes de seguírlles desglosando este programa para que o coñezan ben, e ademais non teño reparo en que o copien e o poñan en valor e o desenvolvan en lugares onde alí vostedes teñen responsabilidades de goberno, somos o Concello pioneiro

en poñer a cabo o protocolo de desenvolvemento de detección e traballo conxunto dos menores en risco. Un protocolo que se desenvolveu en colaboración con distintas administracións de Lugo, da provincia, entre elas, o Servizo de Menores da Xunta de Galicia, a comunidade educativa e que está plasmado, vostedes poden acceder a el e ver as distintas actuacións que se levan a cabo nos menores de risco, a fin de que non cheguen a unha situación de desamparo, porque cremos firmemente que os menores son das familias e deben permanecer aí, é onde se realizan de xeito coordinado con Educación, con Menores, con outros departamentos da nosa propia Administración local, accións de intervención tanto comunitaria, familiar, como escolar, e para abordar estes problemas, repito, programa protocolo pioneiro en Galicia, que lles quero comentar. Entón, dicían vostedes, non temos datos dos menores, de todas estas situacións que vostede veña a dicir, que ademáis me asusta un pouco, non, porque é dicir, que existe un abuso sexual masivo, un desamparo masivo dos menores. Ben, xa temos bastantes, non vaíamos a facer masivo que me parece unha demagogia, isto si que é demagogia, utilizar a vulnerabilidade, esa é a definición pura, é moi perigosa. Temos unha intervención directa sobre 549 familias con menores, que xa me parece dabondo nun concello de case 100.000 habitantes, pero, ben, isto non é unha epidemia, estamos falando de 549 familias. Eu teño o dato e vostedes podían acceder a eles.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Gracias, señora Racamonde. Ten agora a palabra, tres minutos, o Sr. Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias. Celebro que se tomen en serio lo que estamos diciendo y que sea usted misma la que nos conteste hoy a esta proposición. Como les dije, esta proposición no es nueva, ustedes mismos, hace un año, votaron en contra. Nos dijeron que las actividades extraescolares eran suficientes para atender a la población infantil. Aquí. No lo dijo usted, en ese caso no fue usted, fue un concejal compañero suyo, pero celebro que se lo hayan tomado en serio, por supuesto. Usted dice que yo he dicho que es masivo el problema, eso no son palabras mías, pero que existe el problema y está sin atender, eso es una realidad. La infancia no necesita discursos vacíos ni declaraciones simbólicas, necesita hechos, necesita instituciones que estén a la altura, que trabajen con responsabilidad y que garanticen un entorno de libertad, protección y oportunidades reales para nuestros niños y nuestras niñas. Los ayuntamientos, como administración más cercana, tenemos el deber de actuar, de conocer de cerca la realidad de nuestros niños y adolescentes y de impulsar políticas valientes y eficaces para asegurar su bienestar. Si cualquiera de ustedes visita un centro social y habla con las educadoras sociales, esta es su primera reivindicación desde siempre, esta necesidad, un plan integral de atención a la infancia, es sencillamente eso. Estamos hablando de temas especialmente delicados, hablamos de niños y niñas y la realidad es que ustedes tienen en su mano poder intentar cambiarla, aprovechen esta oportunidad y actúen, no esperen a que otros lo hagan y tampoco de declinen sus responsabilidades en otros. Les vuelvo a repetir lo que les dije antes: no se trata de un debate político, no se trata de una discusión entre ustedes y nosotros, se trata

de algo mucho más importante. Si un solo niño o niña es víctima de violencia de género, de desamparo, de desprotección, víctima de trata de seres humanos, de explotación sexual, un solo niño merece una respuesta contundente por nuestra parte. No hace falta que sea masivo, uno solo. Por qué un plan integral de protección de la infancia? No es una proposición caprichosa de este grupo. Si cualquiera ustedes, como le dije, visita un centro y escucha a los trabajadores, lo tendría absolutamente claro. Porque los servicios sociales necesitan una herramienta que actúe en todo el ámbito del problema que estamos tratando, un plan municipal de infancia no como un trámite burocrático más, sino como una herramienta de trabajo real; un plan que sirva para escuchar a las familias y atender sus necesidades, proteger a los menores en situación de vulnerabilidad, impulsar medidas de conciliación y apoyo desde esta administración local, y coordinar todos los servicios municipales que afectan a la infancia, porque proteger a la infancia es proteger el futuro, y hacerlo con seriedad sin caer en el populismo, sin eslóganes, con medidas concretas, es lo que nos diferencia. Gracias.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten a palabra a portavoz municipal.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Ben, vostede dicía nunha parte do seu discurso, agora, que ten que ser unha actuación. Ben, eu vou dicir a palabra: protocolizada, é que temos o protocolo e que está perfectamente determinado de quen é a responsabilidade de cadaquén e o alogaritmo de intervencións, e que iso está. Iso está. Eu invítolles, ademais, a velo e a estudalo. O obxectivo deste programa, que ademais agora vén a reforzar ese protocolo, son estratexias preventivas, preventivas, unha palabra que ademais é fundamental entender a transcendencia que ten, e que promovan un entorno seguro e saudable en familias destinatarias da intervención, fortalecendo fundamentalmente as contornas seguras e promovendo a intervención eficaz. Estas son accións, son obxectivos operativos, non son metas a longo prazo nin plans estratéxicos a longo prazo, non o son, son, imoss falar de obxectivos operativos, de medidas que se están implementando xa agora, agora mesmo. Entón, isto está, isto está, e repito que me chama a atención que se no mes de marzo, eu mesma firmei a posta en marcha da estratexia, que veña a este pleno de abril, permítanme que me chame a atención. E dicir que temos a menores desamparados, a ver, o menor pode estar nunha situación de risco ou desamparo ou vulnerabilidade, temos que ter coidado coas palabras. O desamparo dun menor é responsabilidade exclusiva, por lei, non porque o diga esta concelleira, do servizo de menores, un menor en risco é responsabilidade dos servizos de intervención comunitarios e primarios, como poden ser incluso traballadoras sociais, outros profesionais da saúde doutros ámbitos. Entón usemos as palabras tal como debemos, vale? O desamparo é unha situación dunha contorna social para un menor onde xa nos imos poñer en situación se quita da familia, non? Entón temos moitos menores, por definición, Gustavo, por definición é así. Outra cousa é a vulnerabilidade. Vamos falar correctamente, vamos falar correctamente, e entón, o que temos que evitar precisamente é sacar aos nenos das familias, e temos que ir por aí, E si é un de-

bate ideolóxico, si que o é, porque de como plantexemos a nosa sociedade, vai depender a maior ou a menor vulnerabilidade, así que non nos saquemos dese debate, porque o é ... Moitas grazas.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten a palabra, última quenda, o Sr. Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Tiene usted razón de que sacar a los niños de la familia, eso es de lo que estamos hablando y eso es lo que tratamos de proteger, detectar esas situaciones de vulnerabilidad o incluso de desamparo, aunque tenga una familia, habría que ver coas condiciones da familia e ahí si que el Concello tiene su función detectarlo precisamente para no tener que sacarlo de la familia y que tenga el menor que ir a un centro, como está hablando, de la Xunta, por ejemplo. Ustedes empezaron a hacer esto en el mes de marzo, hace un mes, aproximadamente, según nos dice. Nosotros no sabemos, porque a nosotros no nos informan absolutamente de nada. Nosotros, a veces, traemos cosas porque no sabemos ni lo que hacen, pero hace un año, como le dije, nosotros trajimos esta proposición aquí a este pleno, y creo que no se la tomaron en serio en ese momento, pero en realidad vivimos en tiempos en los que se habla mucho de derechos, de igualdad, de justicia social, pero cuando salimos a la calle, a los barrios, al Lugo real, nos encontramos con una infancia que no siempre está protegida como merece. Eso, les guste o no, es un fracaso colectivo, y ustedes se alejan de un problema justificándose en que ya existen políticas destinadas a ello, pero son políticas que, a la vista está, no dan resultado. Si no, entonces por qué nos advierten con tanta preocupación de la necesidad de un plan para atacar estos problemas en los propios centros sociales dependientes de esta administración? Evitar la realidad no es más que ponernos una venda en los ojos y el perjudicado siempre es el mismo: el más vulnerable. Por eso hoy presentamos esta propuesta con una convicción clara: la infancia no puede seguir siendo la gran olvidada en las políticas municipales, porque proteger a los niños no es sólo repartir caramelos en navidad o promover actividades extraescolares, como nos dijeron hace un año, exactamente. Es garantizarles una vida digna, segura, libre de violencia y con oportunidades reales para crecer. Proponemos instar al Gobierno municipal la elaboración urgente de un plan integral de protección a la infancia, con medidas reales... y medibles... Muchas gracias.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Moitas grazas. Rematado o debate e pasamos á votación deste punto número nove.

10/63 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 124/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A ELABORACIÓN DUNHA ORDENANZA ESPECÍFICA PARA O AUDITORIO “FUXAN OS VENTOS” (Exp. 2025/G004/000216).- Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“O Auditorio Fuxan os Ventos foi concibido como un espazo clave para impulsar a vida cultural de Lugo, pero, tras máis de catro meses desde a súa inauguración, e sen coñecer o seu modelo de xestión, continúa sen unha programación estable nin unha normativa que regule o seu uso. Esta falta de planificación está a provocar a súa infrautilización e limita o acceso de asociacións e colectivos culturais ao espazo.

Para garantir o seu funcionamento eficaz, transparente e accesible, resulta imprescindible a creación dunha ordenanza específica que estableza normas claras, un marco tarifario xusto e un modelo de xestión estable. Só así poderá o Auditorio Fuxan os Ventos cumprir coa súa finalidade como motor cultural da cidade.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que suscribe esta proposición, considera de especial interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

Que o Goberno Municipal dote a estas instalacións dunha normativa que permita un uso transparente da mesma.

Que o Goberno Municipal determine o modelo de xestión para a instalación.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 12 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 13 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular.

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Primeira quen-da para o grupo propoñente, o Grupo Municipal Popular, teñen a palabra.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Gracias señor alcalde. Hoy comparecemos en este Pleno para defender una moción con la que yo creo que deberíamos contar con el respaldo unánime de toda la Corporación, porque lo que planteamos es ni más ni menos que de sentido común, de responsabilidad y de compromiso, en definitiva, con la cultura de Lugo. La situación del auditorio Fuxan os Ventos es el enésimo reflejo de una gestión marcada por la improvisación, por la falta de planificación y la obsesión por la propaganda. Porque este auditorio, que debería ser el eje central de la vida cultural de nuestra ciudad, sigue a día de hoy infrautilizado, mal

gestionado y carente del mínimo marco normativo que garantice su funcionamiento regular, equitativo y, desde luego, transparente. Y digo a día de hoy porque han pasado ya más de cuatro meses desde su inauguración y este auditorio no cuenta con una ordenanza reguladora, cuatro meses en los que la actividad ha sido escasa, desordenada y, lo más preocupante, opaca. Es decir, tenemos una infraestructura moderna, costosa, con un gran potencial, pero sin reglas claras, sin un modelo de gestión y sin una programación que justifique su existencia. Y eso, señor alcalde, si me lo permite, es una irresponsabilidad política y es una oportunidad perdida para la ciudadanía. Por eso el Grupo Municipal del Partido Popular lo que exigimos. en definitiva, no es otra cosa que rigor, previsión y gestión. Exigimos que el auditorio Fuxan os Ventos deje de ser un espacio fantasma y se convierta de una vez por todas en lo prometido que fue un auténtico motor cultural. Por ello, permítame desglosar una serie de problemáticas que nos trasladan día a día los colectivos culturales e las entidades culturales y las entidades que quieren o querrían utilizarlo. En primer lugar, una infrautilización evidente, porque si vemos la relación entre los días que el auditorio ha estado abierto y el número de eventos celebrados, es, sinceramente, por ser benevolente, muy discreta. Ustedes saben que tienen un amplio margen de mejora, muy amplio. De verdad esto es lo que se entiende por dinamización cultural? Otros auditorios de ciudades de igual tamaño tienen una actividad semanal, incluso diaria, aquí mientras tanto permanece cerrado la mayor parte del tiempo. Después existe además también la falta de transparencia. Es decir, yo les hago una serie de preguntas: quién decide, qué se programa en el auditorio, en base a qué criterios, con qué justificación. La respuesta realmente nadie la sabe, porque no hay una normativa clara que regule la cesión del espacio, lo que abre la puerta al favoritismo y lógicamente a la gestión opaca, porque la cultura debe ser accesible a todo el mundo y no solamente un cortijo al servicio de unos pocos. Miren, por otra parte, las asociaciones culturales, muchas de ellas sin ánimo de lucro, no saben cuanto cuesta utilizar el auditorio. No saben si hay bonificaciones, si existe la posibilidad de la cesión gratuita o si hay algún criterio social o cultural que se aplique. Y, claro, cuando no hay certezas, lo que hay es desconfianza y desmotivación, y ya están, por otra parte, los obstáculos burocráticos, porque tampoco hay un procedimiento ágil para solicitarlo. Les vuelvo a preguntar, donde se pide, con cuanto tiempo, que requisitos se exigen, quien resuelve, en que plazo? Todas ellas son preguntas sin respuesta. Y al final estamos hablando de un edificio público que tiene que estar al servicio de la ciudadanía y no convertirse, en definitiva, en un laberinto administrativo que es en lo que se ha convertido. Por tanto, todas estas cuestiones son una pérdida de oportunidades para la ciudad, y el auditorio Fuxan os Ventos podría y debería ser un referente cultural no solamente en Lugo, sino también en un referente cultural para Galicia, pero lo están dejando morir antes de que nazca, y cada día sin programación y sin normas es un período perdido. Por tanto, señor Fernández, señores del Bloque, esto es su responsabilidad directa, han inaugurado una infraestructura millonaria sin que exista una ordenanza, sin un plan cultural, sin un calendario de eventos, sin un procedimiento de uso. Para que se abre o no auditorio, si no se puede utilizar con normalidad? La política cultural no se somete solamente a una foto con tijera y una cinta roja. Ustedes lo saben muy bien. Déjense de

titulares grandilocuentes, se trata de gestión, de compromiso y de respeto. Muchas gracias.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Vázquez. Ten agora a palabra a voceira do goberno, Maite Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Moitas grazas, señor alcalde, e bo día a todas e a todas. Menuda película se teñen montado os concelleiros e concelleiras do Partido Popular co tema do auditorio. É curioso, porque hai unha semana vostedes mesmos presentaron unhas preguntas na Comisión de Cultura, máis ou menos que veñen a dicir o que vostede acaba de dicir agora e que plantexa agora nesta proposición. É curioso porque nesa Comisión de Cultura respondéuselles a sete preguntas que foran presentadas, pero xa presentaron a moción para o Pleno de hoxe sen dar tempo a celebrar esa comisión, porque, claro, como xa se tiñan montado esa película, para que imos esperar as respostas da comisión e imos a facer a foto non, saír cun tema de mentiras, de falsidades, que é o que habitualmente utiliza o Partido Popular cando non teñen realmente argumentación para criticar a xestión, neste caso, do auditorio Fuxan os Ventos. O outro día, señor Javier, e vouno repetir porque, a verdade, é que, ben, hai que ocupar tempo en algo, que é o que fan vostedes. Dixémoslle que xa estabamos traballando para esa ordenanza e que levamos moito tempo traballando, pero antes de facer unhas cousas hai que testar ese edificio, estase programando. Deben ser vostedes os únicos que non saben as programacións que hai alí. Ben, sábeno porque algúns dos seus compañeiros foron, a semana pasada mesmo estiveron alí algunha, verdade señora Cristina Sáenz? A señora Candia foi tamén algunha vez que a teño visto alí nalgunha actividade programada dende esta área. Di opaca, unha programación opaca, pero, señor Vázquez, vostede sabe o que significa opaca? Xa digo, outra cousa é que vostede non saiba esa programación, pero, mire, alí actuou xente, dende logo, moi variada, grupos moi variados e diversos, salvo que entendan que no noso cortixo está o Conservatorio de Música Xoán Montes, que no noso cortixo estea o Conservatorio de Danza de Lugo, que no noso cortixo estean Airiños de Orbazai, ou a Asociación Ponte nas Ondas, dos centros escolares dependentes da Xunta de Galicia, ou o Diario El Progreso. E, ben, non vou seguir dicindo... A asociación de Lugo que levaron alí unha obra de teatro.

É curioso, é curioso, que fan a mantra de que é un cortixo, de que non programamos, de que non se sabe como solicitalo, como acceder a ese auditorio, nin que se son gratuítas. Claro que o saben, o que non o sabe é vostede e o grupo do Partido Popular, pero todas esas asociacións que actuaron alí, colectivos de Lugo que, ademais, precisamente dende a área de Cultura tivemos moi claro cales ían ser as actividades do novo auditorio, porque cremos que a xente que fai cultura en Lugo e que programa actividades culturais en Lugo sexan as primeiras e os primeiros en utilizar ese edificio, e sabe por que? Porque eles tamén nolo pediron e saben moi ben onde acudir. Home, eu pediríalles que se informen máis, un pouco máis do que se está facendo, pero, xa lle digo, vaia, mire na programación, vostedes que cando é na Oficina de Turismo van coller a programación da área de Cultura, non a piden

para ir aos actos, pídena para despois criticala, pero vaian aos actos, vaian os actos programados en todos estes meses no Fuxan os Ventos e verán que a xente sabe moi ben os horarios, as actividades, onde coller as entradas e disfrutan, van e participan. Claro, vostedes só van aos que lles interesa, pero vaian, vaian e despois, de verdade, se teñen algo que dicir, díganlo, pero polo menos non digan mentiras, non diga as mentiras. Non está nin inutilizado, nin hai actividade opaca, nin hai unha falta de programación, nin hai nada absolutamente do que vostedes din. Temos posibilidades, sabe todo o mundo como pedilo, estamos preparando a taxa, estamos poñéndoo a funcionar precisamente para detectar todas esas eivas que a Xunta de Galicia deixou sen cumprir, e vostedes sábeno moi ben e podémolo dicir como, por exemplo, un lousado plano que se inundou o outro día, e sábeno vostedes tamén. Moitas grazas.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Ferreiro, segunda quenda para o Sr.Vázquez. Cando queira.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Moitas grazas, señor alcalde. Bueno, pues vayamos por partes. En primer lugar, señora Ferreiro, usted quiere hacer ver que el Auditorio está funcionando con normalidad. Y, además, ustedes creen que durante los cuatro meses, con lo que llevan programado, y con todos los respectos se lo digo, es una programación digna de una infraestructura que ha costado 22 millones de euros? Eso, señora Ferreiro, con todos os respectos, es llenar el calendario para justificar la inacción. Además dice usted que ya están trabajando en la ordenanza. Es curioso, además, lo que no o dice usted es que recibieron el auditorio en el año 2020 y que lo tuvieron tres anos parado, y ahora pretenden culpar precisamente, como no, a la Xunta de Galicia, que tardaba en aparecer, que durante cuatro meses que tuvieron para hacer la ordenanza. Sean ustedes serios, y no pretenda hacernos comulgar con ruedas de molino. Además reconocen abiertamente que no tienen esa ordenanza, pues, bueno, supuestamente... es decir, yo entiendo que ustedes siguen improvisando y siguen ustedes dando a dedo a qué empresas y a que no ustedes les permiten el uso del nuevo auditorio, y eso no es ni transparente, ni equitativo, ni muchísimo menos democrático. Y le pregunto, ademais, es decir, donde están los criterios que garantizan la igualdad de oportunidades para todos los programas culturales de Lugo? Dónde están las tarifas públicas? Donde está la convocatoria? Se lo digo yo: No existe. Podemos hablar, señora Ferreiro, pinta usted que no haya ordenanza como algo lógico, normal, casi inevitable. Y, claro, así no se puede trabajar ni se puede programar, obviamente. Hai auditorios, como Santiago, como Pontevedra, como A Coruña, que están programando permanentemente, ustedes eso no lo hacen, es decir, es una oportunidad perdida, y usted lo sabe perfectamente. Que imagen damos con esa imagen. Así, desde luego no se construye una centralidad cultural, así lo que se pierde es liderazgo. Desde nuestro grupo lo que pedimos en reiteradas ocasiones es abrir el auditorio, pero, claro, es responsabilidad del Gobierno, como comprenderá, y tener la infraestructura, pero tener una ordenanza, y creo que cuatro años han sido tiempo más que suficiente para redactar por lo menos el proyecto de una ordenanza. Pero al ciudadano hay que darle

simplemente lo que ha pagado, porque, al final, va de esto, el ciudadano es el que paga con sus impuestos. Se trata de que las cosas salgan bien, y lo que ustedes han hecho aquí es improvisar y justificar la gestión con excusas técnicas y discursos ideológicos. Nosotros vamos a seguir exigiendo certezas, y esta moción no es partidista es una llamada simplemente de atención, en nombre de muchos colectivos que, a día de hoy, están ignorando.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Acabou o seu tempo. Tres minutos para a señora Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Non sei se realmente son conscientes do que acaban de dicir aquí agora. Está dicindo actividades que non son dignas daquel auditorio... Si, si, dixo que eran actividades que non eran dignas. Estame dicindo que a actuación do Conservatorio de Danza... (voces de fondo: estou falando da programación) ... estou falando da programación que son as actividades que se fixeron alí, ... non, non... E, por favor, no me interrumpa. Díxoo da programación. Estoulle dicindo, alí actuou Conservatorio de Música, é indigna esa actividade, é indigna? Ben, non é digna. Estou falando da programación, señor Vázquez, estou falando da programación. É indigno O Progreso cando organizouse unha charla? É indigno Leo Harlem? É indigno Abrahám Cupeiro, que vai actuar alí? e son indignos todos os grupos culturais de Lugo, e volvo a falar: Airiños de Orbazai, que encheron, Achádego, a Asociación do ... Lugo, Cantigas e Flores, e a Asociación Potes das Ondas, Hipócrita Teatro, Palimoco Teatro, Teatro Coro da USC, non son dignos esas actividades para facer no Fuxan os Ventos? ... Non me interrompa, por favor. Vostede dixo que non era unha programación digna, que entenden? que entenden, é unha indignidade cos grupos de Lugo vaian a ser os primeiros que utilicen un auditorio como o de Fuxan os Ventos, ou outro me dáme igual? Parécelle indigno daquel auditorio actividades onde se encheron nas súas programacións e se están enchendo e esgotando as entradas? E unha, por exemplo, voulle dicir a próxima, Abrahám Cupeiro que vai facer dous pases porque esgotou as entradas? Eu creo que non saben nin o que dixeron, como se vai facer unha ordenanza antes de testar a apertura dun edificio? Se non sabemos nin as necesidades que ten... Si, si, abrir, abrir un edificio público, hai que saber como funciona e as eivas e as necesidades que ten. A ver, e vostedes sábeno moi ben, que quixeron inauguralo, hasta tiveron que vivir os técnicos de Santiago dicirlles que nin se lles ocorrera, que podía pasar unha desgracia. Si, si, si..., sábeo vostede ben, sábeo vostede ben e tamén os que estiveron alí, pero, ben, que lles imos facer: onde non hai, non se pode pedir.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Ferreiro.... DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: ... Sigan, sigan falando moi ben de todos os colectivos de Lugo Culturais e sigan falando moi ben porque despois... O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Sra. Ferreiro, acabou a súa quenda. Última quenda para o señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Señora Ferreiro, vostede terxiversa absolutamente o que eu dixen. Eu non dixen que as actuacións eran indignas nin moitísimo menos, primeiro, porque me parece moi dignas e, segundo, porque non teño a categoría profesional para opinar se son dignas ou non, podo opinar do que me gusta, pero dende logo a programación non é digna, e o que non é para nada digno é que se abra un auditorio sen unha ordenanza, e vou facerlle referencia ás palabras do seu portavoz que dixo na intervención sobre o tema do taxi: *La ordenanza es el primer paso. É dicir, recolla vostede... si, si, ... claro, claro.* O que parece increíble é que vostedes utilicen de forma absolutamente arbitraria a ordenanza se é o primeiro paso, ou, por exemplo, eu estou totalmente de acordo con el, e a ordenanza non se para testar o auditorio. A ninguén se lle ocorre abrir unha infraestrutura como é o Auditorio Fuxan os Ventos sen unha ordenanza, pero o que é máis increíble aínda, é que vostede veña aquí a xustificar que durante catro anos vostedes foron incapaces... sen ter ter unha ordenanza previa... Moitas grazas.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ben, pasamos á votación

11/64 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 125/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O CONCELLO DE LUGO REALICE OS TRÁMITES NECESARIOS PARA QUE A CIDADE CONTE CUNHA ZONA DE BAÑO FLUVIAL NO VERÁN DO 2025 (Exp. 2025/G004/000217).- Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“No ano 2011 a Deputación Provincial de Lugo inicia o trámite de autorización para a execución do proxecto de “Construción de pantalanés para zona de baño no Río Miño” na contorna do tramo fluvial de “Los Robles” que tras varios trámites non chegou a executarse e do que tanto Concello como Deputación desistiron.

Dende esta data foron varias as ubicacións propostas, como a do BNG no ano 2014 de situala fronte ao Pazo dos Deportes, a do Goberno municipal de instalar as estruturas flotantes no Paseo do Miño, enfronte do parque infantil ou a derradeira, no ano 2024, de colocar unha rampa de baño no Río Miño durante 13 días do mes de setembro.

O certo é que a día de hoxe, no ano 2025, Lugo segue sen contar cunha zona pública de baño debidamente acondicionada e con garantías de seguridade, comodidade e salubridade para os usuarios, instalacións que sí ofrecen concellos da contorna, como por exemplo Outeiro de Rei (Santa Isabel), O Corgo (río Chamoso) ou Begonte (río Parga), e que son empregados de forma recorrente polos veciños de Lugo ante a falta destas infraestruturas na cidade.

Ante as manifestacións realizadas no mes de marzo polo sr. alcalde, indicando que “os lucenses volverán a dispoñer dunha rampa para bañarse no río Miño” no lugar onde foi instalada o ano pasado, o Grupo Municipal do Partido

Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno Municipal acorde:

1. Realizar os trámites necesarios para que a cidade de Lugo conte cunha zona de baño fluvial no verán de 2025."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Pois moi bo día e moitas grazas. Únome tamén ao agradecemento ás forzas e corpos de seguridade, como o fixen antes de entrar no Pleno, e tamén moi especialmente a que nos acompañen os dous concelleiros que se encontran nunha situación de baixa laboral, que sempre é un motivo de alegría que estea a Corporación completa, e aos que lles desexamos unha pronta melloría. Hoxe traemos unha iniciativa, como coñeceron, porque se rexistrou en tempo e forma, que podía reproducir debates que esta Corporación tivo hai moitos anos e, por suposto, levados adiante por distintas forzas políticas.

Hai un ano e medio, o meu compañeiro iniciaba o seu debate dicindo que había tres feitos innegables: Que neste momento Lugo non tiña unha zona de baño pública, acondicionada de xeito suficiente como Lugo merece en termos de seguridade, comodidade, salubridade, sostibilidade e protección ambiental; que era ademais un dos poucos concellos que non a tiña, hoxe recoñecía un dos compañeiros que interviu que un dos exemplos para mirarse a traballar eran os concellos do Partido Popular, pero tamén traio algún exemplo de concellos que non están gobernados polo Partido Popular; e o terceiro feito innegable é que, para conquistar ese reto ao que non estamos dispostos a renunciar, necesitábase un traballo coordinado e conxunto entre, polo menos, tres administracións, e podía ser una cuarta, sobre todo dende o punto de vista do financiamento: O Concello de Lugo, que, entendo, debe ser o principal interesado; a administración competente en velar en termos medioambientais, que é a Xunta de Galicia; e, por suposto, a titular da conca, que é a Confederación Hidrográfica.

É imposible en cinco minutos contar a historia do que pasou nesta cidade co espazo de baño público dende o ano que se aproba o Plan de protección do río Miño, que é no 1997 ata o primeiro proxecto que se coñece no 2011, do que se desiste no 2016; o segundo proxecto no 2017, que ten unha concesión condicionada do 15 de xuño, e de aí a idoneidade de plantexalo neste Pleno, ata o 15 de setembro, un proxecto que deu tinta e tinta na hemeroteca con explicacións duns e doutros, con informes condicionados, con advertencias ata da UNESCO, absolutamente preocupante, pero, por dar, ata deu tres requirimentos para pago de taxas no ano 2017. Fíxese o pouco interese, e vou usar datos absolutamente obxectivos, porque o que se trata de todo isto é, como fixemos hai un ano e medio, trasladar a vontade de colaboración, pero tamén o compromiso cos lucenses de que non quede no esquecemento, porque, aínda que nos queiran facer ver outra cousa que, como ben se viu no debate anterior, teñen unha enorme habilidade para terxiversar e darlle a volta ás cousas, unha realidade innegable é que neste momento non hai praia fluvial. Por non haber, non está case nin garantido que esa plataforma que se colocou o ano pasado, creo que foi a plataforma máis breve da historia do espazo de baño público, non vou dicir de Lugo, senón do mundo, esa plataforma que tamén probablemente baterá récord Guinness de menos uso. A verdade é que a climatoloxía non axudou, pero si pos en funcionamento algo para bañarse no río Miño en setembro pode vir una ola de calor, pero tes moitas posibilidades de que sexa un gasto absolutamente sen ningunha repercusión positiva na cidadanía lucense. Pero é que, a maiores, en palabras de técnicos que coñecen, non de políticos, porque aquí probablemente os políticos falan bastante. Dicía un biólogo, absolutamente con ningunha vinculación co proxecto político ao que eu pertenzo ou no que eu milito, que levaría dous meses cada ano trasladar os mexillóns antes de abrir a praia fluvial. Non o di o Partido Popular, dío un biólogo técnico, nada sospeitoso de pertencer a un partido político. Ante esta situación, e dado que, probablemente, a persoa que o leve me tranquilice e me diga que xa se iniciaron os trámites para este exercicio do verán 2025, a información que nós temos, como ben dicían os compañeiros, moi sesgada, porque a transparencia dende logo é unha disciplina pendente nesta Corporación, non nos consta ningunha solicitude para iniciar novamente esa translocación no exercicio 2025. Pero en todo caso, e aí vou ser positiva, porque nas primeiras declaracións do actual alcalde dicía que era unha unha saída que non satisfacía dende logo as necesidades nin as expectativas dos lucenses, a colocación desarrollada, que se estaban replanteando outra ubicación, e eu, que son, dende logo, moi defensora desa frase, porque define moi ben o que vostedes fan, que cando rectifican acertan, este é o que queremos: Que rectifiquen.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, Sra. Candia. Ten a palabra a señora González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, Sra. Candia, vostede está acostumada a dicirnos o que temos que facer. Acaba de dicir que *espero que me digan*

que xa se iniciaron os trámites. Pois non, voulle dar ao argumento das ... de intervención neste proceso.

Dende o ano, 2016, como vostede relatou, levamos loitando dende o Concello, o que vostede lle chama pouco interese, para que o noso municipio conte cunha zona pública de baño como teñen outros municipios da rodeada, así como 507 en toda Galicia. E a miña pregunta é se en Lugo non nos merecemos ter esa praia ou esa zona fluvial. Este desprezo cos veciños e veciñas de Lugo non depende do Concello. Dende a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral que, por certo, creo que forma parte o funcionaria da fotografía que acaba de ensinar, ese técnico biólogo ao que fai referencia, puxéronnos numerosas trabas de todo tipo para impedir a instalación da zona de baño pública no río. Temos presentado un traballo técnico, elaborado por profesionais na materia e avalado polo persoal técnico do Servizo de Medio Ambiente. Non como di ese informe da UNESCO, que non é vinculante, xa non sei cantas veces llo dixemos, seguiuise traballando porque queremos esa zona de baño público. E estes traballos técnicos baseáronse en batimetrías realizadas para ver as profundidades do río, estudos de poboacións existentes de mexillóns ou outra fauna acuática e alternativas posibles para estas problemáticas que se podían presentar. Pero parece que nada de todo o que se fai lles vale, como o can do *hortelano* nin come nin deixa comer. Polo tanto, tratan sempre de buscar esas escusas para boicotear este proxecto tan necesario.

Falaba vostede de prazos, pois cando nos permitiu a Xunta porque, se non se movían para un lado, non se movían para outro ou non podían ir para aló, segundo o señor que vostede ensinou na foto. E agora, pois, promoverán unha especie sobrenatural que impida esta instalación para este ano na zona de baño porque a que verdadeiramente non está interesada é a Xunta de Galicia.

Eu é que non chegou a entender como presentan, ben, si que chego, oportunismo, pero por qué presentan esta proposición instando o Consello a, como din, a realizar os trámites necesarios para que a cidade de Lugo conte cunha zona de baño fluvial. E logo, quen pensa que está traballando? A Xunta non, é dende o Concello, que levamos desde 2011, e máis activamente dende 2016, traballando para ter esta zona de baño fluvial.

Esta reiterada negativa da Xunta, do goberno autonómico, repercute na calidade para os veciños e veciñas, porque nós o que pretendemos é que gocen de forma segura e cómoda dunha área axeitada que xa en terra ten todos os servizos que propoñiamos, pero a Xunta non nos permite habilitar esa zona de baño público e para desfrute de toda a veciñanza. Isto supuxo un esforzo tamén económico do Concello de Lugo, un investimento de máis de 400.000 euros de todos os lucenses e todas as lucenses para garantir esa seguridade para todas as persoas que queiran bañarse nesa contorna fluvial e aproveitando os distintos recursos que xa están alí dotados, e todo iso nun entorno natural que fai que os veciños e veciñas puidéramos desfrutar desa natureza, xa é unha zona moi concorrida, é unha zona onde se practica deporte, onde se vai camiñar, onde se pode ir a merendar, comer e tomar o sol no verán.

Parece que vostedes non teñen ese interese. Mentres que a Confederación, como tamén a nomeou, nos ten autorizado ao Concello unha concesión por 25 anos para

poder instalar a tan necesario zona de baño público, os informes da Xunta seguen bloqueando e bloqueando e impedíndonos os cidadáns de Lugo desfrutar desta zona pública.

E, volvendo ao inicio da miña intervención: deixen xa de poñer paus nas rodas, de intentar levarse méritos e de ser vostedes agora os protagonistas de que fai falta unha zona pública de baño en Lugo.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Abelleira. Quenda de réplica, tres minutos, para a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben. Sobre todo, así empezaba a miña intervención para apuntalar feitos innegables. Que os lucenses teñen un espazo para facer deporte, para tomar o sol e para xogar, si, efectivamente, grazas a un goberno precisamente do Partido Popular, que non quería entrar aí, pero xa que hai que recordar determinadas cousas, creo que si que é bo e acaida esta reflexión. Que é o que non teñen os lucenses hoxe, a 30 de marzo do 2025? Un espazo de baño público, quen goberna nesta cidade máis de 312 meses? Estes días comentábanme nun asunto ademais de moita importancia, que un membro en representación do goberno lles pedía tempo porque levaban poucos meses gobernando. Eu a verdade, non daba crédito ao argumento. Levan vostedes gobernando esta cidade dende 1999. Dicíao vostede con bastante actitude sorrinte, incluso desafiante, á miña compañeira no debate anterior, que non tiveramos posibilidade de gobernar, e é certo, e por iso felicítóos, e felicitámoslos sempre, pero gobernar é decidir. Non pode vostede coller o molo e deixar a coda, a praia fluvial para o Goberno socialista, e tamén o Bloque Nacionalista Galego, que teño que dicir, xa o dixen un debate anterior, creo que nisto puxo máis empeño, pero non lle deixaron. E no 2011 foron vostedes os que desistiron desa autorización é dese trámite que estaban facendo coa Confederación Hidrográfica no ano 2016, que teño aquí a copia precisamente. Entón isto non viña atribuír ningún mérito, viña para que non quede no esquecemento, despois de 26 anos, unha materia pendente que ten o Partido Socialista cos lucenses, e deixen de botarlle a culpa á Xunta de Galicia, teñen xa todo, dicíano vostedes, dicían foi logro de todos, conseguimos vencer todas as trabas. A realidade é que falta mes e medio para a colocación nos termos, que vostedes..., que o proxecto que pretendían facer no 2018 non era un bo proxecto, recoñéceno ata vostedes nas últimas declaracións. Fixándose no Sena, pretendían colocar unas piscinas flotantes no río Miño, e o río Miño non ten nada que ver nin biolóxica, nin en termos de caudal, nin en termos de protección da natureza co Sena. Iso foi un erro. Errores, evidentemente quen goberna tamén comete erros, pero a pregunta é moi clara: estamos a 30 de marzo do 2025, van vostedes confirmarse nese erro e van volver a colocar o mesmo sistema, isto que tiñamos aquí para este verán do ano 2025, vai ser esta praia fluvial que lle van dar os lucenses? Se é así, por favor, inicien os trámites e non lle boten a culpa a ninguén porque teñen que facer un traballo previo e non o teñen iniciado, ou van empezar de verdade un espazo de baño público, e eu aí apoio, por suposto, as declaracións que fixo o señor alcalde recentemente.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Seguinte quenda para a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: ... Por que non temos os lucenses unha zona de baño público? Porque a Xunta de Galicia só nos puxo trabas a Xunta de Galicia. De aí que poucas alternativas nos queden: podemos iniciar accións legais para determinar a negativa da Xunta continúa; podemos reformular o proxecto inicial e solicitar novamente as instalacións do Concello e os permisos pertinentes ante as distintas administracións implicadas; podemos iniciar os trámites, como vostede di, da zona de baño pública nunha ubicación diferente, pero a garantía de que a Xunta de Galicia nos siga dicindo que non, que non e que non, porque o verdadeiro interese da Xunta de Galicia... dixo vostede *quén goberna*, pois efectivamente levamos desde 2016 intentando que nos permitan colocar a zona de baño público sen éxito porque sempre hai trabas da Xunta de Galicia para instalala. Alí onde pensemos, onde proxectamos, onde analicemos, onde todo, quen non ten interese en que se faga a zona de baño pública? Dende logo o goberno de Lugo non, senón que é a Xunta de Galicia, que pon continuamente trabas, independentemente dos informes técnicos vinculantes das actuacións dos distintos servizos do Concello. E vostede, como dicía antes, ao mellor é que non lle parece digno que Lugo teñamos unha zona de baño público.

Vostede fai preguntas das que levamos tempo sen ter resposta por parte da Xunta de Galicia. Hoxe por hoxe vén un veciño visitar Lugo e quere ir a unha zona de baño pública e nós o que lle temos que contestar é a realidade que lles estou contando aquí, que non ten onde por que a Xunta de Galicia non nos permite habilitar esas zonas. Entón o Concello de Lugo vai seguir traballando, o goberno de Lugo, e loitando para que os veciños e veciñas dispoñamos desa zona pública de baño, nin máis nin menos. Queremos os dereitos que teñen as 507 ubicacións de zonas de baño ou praias fluviais que hai en toda Galicia, pero a Lugo non se nos consente por culpa da Xunta de Galicia.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Última quenda, señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Señora Abelleira, eu négome a crer que os veciños de Becerreá, con distinta cor política, que os veciños do Corgo, que os veciños de Outeiro de Rei, dios mío, que os veciños, señor alcalde, de Ribeira de Piquín, que son 412 habitantes, foron capaces cos seus gobernantes de ter un espazo de baño público, gobernando distintas cores políticas, e o Goberno de Lugo cunha xestión de máis de 100 millóns de euros ao ano, ¿creen de verdade que os lucenses van seguir comprándolles ese discurso de que a Xunta de Galicia non lles deixa facer unha praia fluvial? Pero, se ademais depende da Confederación Hidrográfica, pero que nos están contando De verdade considera que todos estes veciños son máis listos, máis capaces, máis traballadores que os gobernantes de Lugo? Pois eu creo que non, e aí, créanme, falo en positivo e quero crer que un Concello de 412 habitantes non pode adiantarnos pola dereita. Por favor, e sen acritude, pero coa mellor

actitude construtiva do grupo municipal do Partido Popular, non abandonen ese compromiso, que é un compromiso de todos, os lucenses non o merecen.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pois eu, aínda que en principio non tiña pensado intervir porque, ben, por calquera dos compañeiros e compañeiras e voceiros do grupo deste Goberno o fan perfectamente e dan argumentos máis que máis que suficientes, como acaba de facer a señora Abelleira, si neste caso creo que teño que facer un par de puntualizacións, porque esa indignación, que eu creo que que aparente, que vostede mostra en relación a que o Concello de Lugo non dispoña dunha zona de baño, eu haille moito tempo que a estou sufrindo e, a verdade, é que nunca o din entendido, non sei porque somos diferentes aos 20 e pico ou 30 e pico concellos que hai espallados pola provincia e que dispoñen desa zona de baño. A realidade e o feito é comprobable é que non a temos polos atrancos e imposibilidades que nos puxo a Xunta de Galicia, Patrimonio Natural e a Xunta de Galicia. Na Confederación Hidrográfica temos unha autorización de uso por 25 anos para a instalación das plataformas, e por máis que solicitamos en tempo e forma o ano pasado e o faremos este, nos autorizaron moi entrado xa o verán e, por tanto, dificultou a instalación desa plataforma. Este ano farémolo igual. É certo que non se pode facer, non ten sentido facelo con moita anticipación, porque eses estudos hai que realízalos en época de estiaxe e, por tanto, nós solicitaremos, pero sabemos que ata que se achegue a época de estiaxe non van facer e, ademais, é que non quero entrar nese debate, é dicir, porque de verdade que saerían moi mal parados, a Xunta de Galicia, en relación coa discriminación de Lugo e en relación a praia fluvial, pero, mire, imos ser positivos e imos ser propositivos, e eu quero é que imos pelexar para que os veciños de Lugo teñan esa zona de baño que temos habilitada con esas plataformas de acceso ao río desde o 15 de xuño ou cando nos autoricen ata o 15 de setembro, cando se autorizan. E voulle facer un reto, nós, este Concello en concreto, e tamén da Deputación no seu momento, tiveron que renunciar á zona dos Robles por imposibilidades de protección do río, etcétera, etcétera. Eu rétoa a que por unha vez, señora Candia, demostre esa positividade que nos trasladou, e que, por unha vez deixe, de actuar de delegada da Xunta en Lugo *"in pectore"* e que actúe como xefa da oposición e como voceira do Partido Popular, e vaíamos xuntos da man á Xunta de Galicia, á Deputación Provincial e á Confederación, e apostemos por esa zona de baño na zona do Robles, que é onde moitos veciños e veciñas utilizaron durante anos, e falámolo-Vostede comprométase a interceder diante da Xunta de Galicia, simplemente que cumpra a normativa e que non poña impedimentos nin atrancos, por parte do Concello de Lugo, non os vai haber. E se despois quere vostede publicamente asumir todos os méritos, ningún problema, nós o que queremos é que os veciños e veciñas de Lugo teñan como mínimo a mesma dispoñibilidade no verán de dispoñer dunha zona de baño como o resto da provincia. Moitas grazas. Imos votar...

(Voces de fondo da Sra. Candia solicitando a palabra)

Non, non. Non ten a palabra porque rematou. Tivo ocasión, tivo tres intervencións nas que puido dicir o quixera...

(Persisten as voces de fondo)

Ben, pero de forma moi breve, por favor.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Eu podía contestarlle o que me contestou vostede cando lle propuxen Os Robles, eu persoalmente nestas sesións de Plenos, pero precisamente, como lle dixen na reunión que mantivemos unha vez que vostede tomou posesión, o único que nos move é traballar por Lugo, esa ubicación para nós sempre nos pareceu axeitada. Así que contéstolle dunha maneira alta e clara que acepto calquera reto que supoña que as nosas iniciativas saian adiante, e agradeceireillo ademais publicamente a súa rectificación e o seu cambio de actitude. Moitas grazas.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, dito isto, pasamos a votar.

12/65 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 126/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REHABILITACIÓN INTEGRAL DO FIRME DA N-540 LUGO-OURENSE E IMPULSO DOS PROXECTOS PARA A POSTA EN MARCHA DA AUTOVÍA A-56 (Exp. 2025/G004/000218).- Vista a referida proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“O estado das infraestruturas titularidade do Estado é un claro reflexo do constante desagravio que sofre a nosa Comunidade Autónoma, en xeral, e a nosa provincia, en particular, por parte do Goberno de España liderado por Pedro Sánchez.

Das distintas estradas que se atopan en mal estado na nosa provincia, destaca a N-540 que une a cidade de Lugo con outra capital de provincia de Galicia, Ourense.

Precisamente tamén son máis que evidentes os atrasos na finalización da construción da autovía A-56, fundamental para enlazar estas dúas cidades. Pero dado que non parece que vaia a producirse a curto prazo, a N-540 segue sendo a vía de referencia para realizar os percorridos entre ambas cidades.

E non só para unir ambas cidades, xa que esta estrada comunica vilas importantes do centro e sur da provincia de Lugo como Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada ou Carballedo, dando acceso tamén a Antas de Ulla ou Monterroso entre outras.

Dita vía é ademais a principal conexión da Provincia non só con Ourense, senón tamén coa Alta Velocidade Ferroviaria, logo de que o goberno do Estado deixase fora do mapa da alta velocidade e do corredor de mercadoría a nosa cidade.

A estrada ten un tráfico importantísimo, de turismos e camións de transporte, que están a sufrir o seu mal estado e o total abandono no mantemento. Son innumerables as fochancas que se atopan en todo o trazado, ocasionando incluso danos en vehículos e incidentes na condución que se intensifican co mal tempo. Actualmente presenta unhas condicións realmente perigosas para os

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

usuarios e son miles os veciños da provincia e da nosa cidade que a sofren e padecen a diario.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular, que suscribe esta proposición, considera de especial interese que o Pleno da Corporación Municipal acorde instar ao Goberno de España:

A levar a cabo de maneira inmediata a rehabilitación integral do firme da estrada nacional N-540 Lugo-Ourense.

A impulsar de xeito decidido os proxectos e obras precisos para a contrucción e posta en marcha da Autovía A-56.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 17 dos Grupos Municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 8 do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA** instar ao Goberno de España:

- A levar a cabo de maneira inmediata a rehabilitación integral do firme da estrada nacional N-540 Lugo-Ourense.

- A impulsar de xeito decidido os proxectos e obras precisos para a contrucción e posta en marcha da Autovía A-56.

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra, en primeiro lugar, o voceiro do Grupo Popular.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcaldesa. Bendita a intelixencia artificial, que lle preguntas cando é a época de estiaxe en Galicia e rapidamente pon que é de xullo a outubro, co cal se van comezar os trámites e os estudos de xullo a outubro, temos un problema para ter praia fluvial este ano ou polo menos para tela no momento en que se deberían abrir, que en xuño, como o resto das piscinas e demais.

Non sei nin por onde comezar o debate de infraestruturas que imos ter hoxe aquí. A verdade é que me gustaría, vendo o tono do resto dos debates, pedirilles un exercicio de reflexión, un exercicio de responsabilidade, un exercicio de abstracción e de deixar dun lado durante uns minutos a ese sectarismo ideolóxico, que podemos ter calquera dos que estamos hoxe aquí sentados. Tamén ese exercicio ás veces de

autocrítica, como o que acabo de facer eu e, dunha vez por todas, neste Pleno antepoñer os intereses da nosa cidade, dos nosos veciños, por diante dos intereses doutros partidos políticos, dos partidos políticos ou dos compañeiros do mesmo partido. Saben, ademais, que a min me gustan aos debates, me gusta ademais practicar a vehemencia, pero neste vou intentar fuxir delas, se son capaz, vou intentalo, porque se algo necesita esta cidade son infraestruturas, se algo necesita Lugo é conectividade, se algo necesitan os lucenses é mobilidade e conexión. Lugo, a día de hoxe, non creo que descubra nada novo para os que estamos aquí, Lugo está illado. Lugo está illado se o comparamos con outras cidades, totalmente illado. Lugo está illado, evidentemente, por vía aérea, é unha obviedade; está illado por tren, outra realidade; e está illado por estrada, e iso sabémolo todos tamén perfectamente. Eu creo que aquí tamén hai que facer un exercicio, un pequeno exercicio de autocrítica, e asumir que todos podemos ter un pouco de responsabilidade nesta materia. Iso é certo, porque seguro que, ademais, o van a dicir nas súas intervencións. Claro que todos estivemos gobernando, os nosos partidos, en Madrid. Dende o 1978, o PSOE gobernou 28 anos neste país e o Partido Popular gobernou 15. Simplemente é un tema de aritmética sobre quen tivo máis oportunidades de impulsar, o territorio e de construír infraestruturas.

Dicía a señora Abelleira que o Partido Socialista e o BNG levan gobernando xuntos a cidade de Lugo, ás veces xuntos, ás veces non tan xuntos, pero dende o ano 1999, 26 anos leva gobernando Lugo o PSOE e o BNG. E a min gustárame facer ese exercicio de reflexión de que fixo o PSOE en Madrid nestes anos, e, sobre todo, o que fixo o goberno municipal de Lugo nestes anos para intentar mellorar a situación de Lugo. E voume centrar nos últimos sete anos.

Os últimos sete anos está gobernando Sánchez na Moncloa. Volvo repetir, xa fixen o exercicio de autocrítica, todos o puidemos facer mellor, non hai dúbida, pero nestes últimos sete anos a situación empeorou de xeito flagrante en canto á conexión. A situación empeorou de forma dramática porque ademais xerou máis desequilibrios, máis desigualdades co resto de cidades de Galicia e co resto de cidades do contorno da nosa provincia, E isto é unha realidade, isto é unha obviedade e ningún pode discutirlle a pregunta que fago eu, que lle fixemos os veciños de Lugo ao Goberno de Madrid?, Que lle fixemos? Dicía o alcalde: por que somos diferentes ao resto de cidades? Pois non o sei. Non sei por que non temos alta velocidade, non o sei, porque, como ben saben, comprometeuse polo ministro Da Serna, chegou unha moción de censura 15 días despois, e anulouse a alta velocidade, E aquí nin chegou a alta velocidade nin vai chegar a medio longo prazo, porque as obras que se están facendo só garanten una media de circulación entre Lugo Ourense de 75 quilómetros por hora e iso non é a alta velocidade. E, se queremos ir a coller esa alta velocidade, temos que ir a Ourense, non nos queda outra, non hai outra opción. E a opción que temos é a A-56, ah, perdón, a A-56 non a temos porque a A-56 está durmindo nun caixón tamén dende que Sánchez está na Moncloa. A A-56, a auto-vía Lugo Ourense *sigue olvidada, el gobierno quiere esquivar concretar prazos para las autovías entre Lugo y Ourense y también la de Ponferrada*. E esta é a realidade, esta é a realidade dos últimos sete anos na nosa cidade, na nosa provincia. Non temos alta velocidade, non temos A-56 para conectarnos con Ourense, e, se quere-

mos ir ao sur da nosa provincia, ir a Carballido, ir a Chantada e ir a Taboada, movernos polo sur da provincia, ou ir a Ourense, ou ir a Portugal, temos que ir por esta estrada, temos que percorrer estes baches (ensina fotos). O outro día ía hacia Chantada e había un cartel a saída de Guntín que poñía *Carretera ao Inferno*, e efectivamente esta é a estrada ao inferno, porque por aquí teñen que pasar cada día miles e miles de condutores xogándose as rodas do seu coche, nos mellor dos casos, pero a integridade, no peor. E nestes últimos sete anos, a situación, como digo, lonxe de mellorar, vai cada día... Non sei que fixemos os de Lugo...

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Grazas, señor Ameijide. Ten a palabra ao voceiro do Bloque, Rubén Arroxó.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas alcalde. Ben, quero darlle os parabéns ao señor Ameijide porque é a primeira vez en moito tempo que realmente fai autocrítica cando se están a falar de infraestruturas que dependen do Estado, fai autocrítica porque, evidentemente, aquí o Partido Popular tamén terá moitas responsabilidades na situación que está. En concreto, centrándonos na proposición, cando falamos da Nacional 540, tamén me gustaría lembrar que a principios do ano 2018, estaba Mariano Rajoy no goberno, o ministro, do que vostede acaba de falar hai un un momento, e había unhas fochancas tremendísimas, sobre todo á altura de Chantada. A solución en principio podería ser reasfaltar, non foi así; podía ser bachear, tampouco foi así, senón que é a solución que adoptou o Goberno do Estado naquel momento foi poñer unha sinal de prohibido ir a máis de 40, entón así xa quedaba solucionado. Efectivamente, pois iso foi cun Goberno do Partido Popular nesta mesma estrada que se trae hoxe a este o Pleno. Polo tanto, é evidente que a Nacional 540 leva xa moitos anos nunha situación na que require melloras e que, polo tanto, creo que calquera persoa é consciente diso e que, polo tanto, de primeiras está de acordo, pero iso sempre tendo en conta que hai que ser autocrítico co que se fixo durante moitos anos, porque evidentemente o estado ao que se chegou non é de agora, nin moito menos. Por outra banda, eu tamén quero recoñecer que neste momento si que se están a facer traballos de mellora. De feito, estes días pois se veía como se estaban a arranxar sobre todo a contorna máis próximo a Barreña, que era un dos que peor estaban, e que, polo tanto, se debe levar adiante toda esta intervención para ter unha nacional segura, e ter unha nacional segura sen, evidentemente, renunciar á autovía, que é algo totalmente necesario, é unha autovía estratéxica, une as dúas provincias galegas do interior, une ás dúas cidades galegas do interior e, polo tanto, é un eixo que hai que facer e hai que executar. Ligado a isto, tamén hai que dicir que para unir tamén o interior é necesario rematar tamén ese desdoblamento do corredor Nardela Monforte, que é outro vial estratéxico polo interior da provincia de Lugo, e tamén para unirmos con Ourense, que é unha vía que cada vez se usa máis para comunicar a cidade de Lugo con Ourense e certas comarcas da provincia de Lugo..., e, polo tanto, debe ir o seu carón.

En conclusión, nós imos apoiar esta proposición porque entendemos que o que se pide é necesario, pero tamén temos que ser consecuentes con todo o que dixeran, nin agora é tan malo, nin antes era tan bo, porque igual que agora se están facendo

reparacións, vivimos ese momento do 2018, curioso, no que a reparación consistía nunha sinal de *non vaia vostede a máis de 40*.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, e agora ten a palabra a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas, señor alcaldes. Señor Ameijide, aí tamén se confunde, porque a estiaxe, eu non son especialista, pero creo que comeza en marzo. Ben, e dende logo da guía que utilizemos.

De todas as maneiras, mire, pensei que cando empezou a falar que ía retirar a súa proposición, porque os traballos estanse realizando, tal e como manifesta na proposición presentada, do que dixó vostede de levar de maneira inmediata a rehabilitación integral do firme da estrada Nacional 540 Lugo Ourense. Ese traballo está iniciado, por iso pensei que ía retirar a proposición, pero, nada, era para facer autocrítica, non sei que autocrítica fixo, pero, ben. De todas as maneiras, señor Ameijide, como vemos durante todo este pleno, as mocións do PP nos últimos plenos teñen como o único obxectivo negar a realidade. Pasounos coa zona de baño, pasounos con todas as proposicións que se veñen levando ultimamente.

O Partido Popular está desenfocando o que pasa, e continuamente. Nunca busca para os lucenses e as lucenses protexer os dereitos que temos adquiridos como como cidadáns. Simplemente as presentan para xustificar a inacción e defender o non traballo da Xunta de Galicia, porque, como dicía, a acción política, a súa xestión, non ten por obxectivo mellorar a vida das veciñas e dos veciños, ten por obxectivo xustificar o inxustificable, porque evidentemente somos persoas, as políticas e os políticos somos persoas e cometemos erros, e as decisións poden ser máis ou menos acertadas, pero, dende logo, o goberno de Lugo pretende..., ou todo aquilo no que que traballa é con ese interese que o Partido Popular non está demostrando ou, polo menos, desde o meu criterio. A súa estratexia xa resulta, supoño, un pouco cansina pleno tras pleno, con datos que que non son os reais, que dan a coñecer a cidadanía a unha realidade que, polo menos, eu descoñezo. Actualmente o investimento que está facendo, xa que falamos do goberno estatal, Pedro Sánchez en Galicia, en Lugo, está a anos luz do parón daquel Rajoy, de Feijóo e noutras horas gobernos.

Dicía vostede meter no caixón a alta velocidade. Onde quedou? Quen foi a responsable? Pois foi unha ministra do Partido Popular. Polo tanto, eu creo que hai que falar con máis seriedade, falar da realidade, con cifras, con datos e con feitos. Di vostede: *dende o 1999*, logo Lugo, realmente vostede sae por aí e está igual que hai 99 anos? A proxección de Lugo, e o modelo de cidade de Lugo non é o mesmo, ou vostede..., por iso digo que vén unha realidade totalmente distinta ao que creo que ve a maior parte da cidadanía, senón tampouco nos tería elixido durante todo este tempo. Esa realidade camiña para o PP a dobre ritmo, mellor dito a vontade. É dicir, cando lles interesa dar cera, dan cera. Cando lles interesa dicir que facemos ben, en moi poucas ocasións, porque tampouco creo que que nos vaíamos a confundir en todas e cantas decisións tomamos dende este Goberno. Polo tanto, nesta moción téñolle que dicir que as obras de rehabilitación do firme no tramo que discorre

na Nacional 540 estanse facendo dende o quilómetro 57, que a subdelegada do Goberno xa saíu anunciándoo, e que esta rehabilitación do firme son 68 quilómetros que discorren por Lugo e que se comezou xa o ano pasado. Están pedindo algo no que xa se leva traballando desde o ano pasado. Que pasa? Que empezaron polos parches porque era necesario para darlles logo a reforma inicial e cunha inversión de 11 millóns de euros. Polo tanto, señor Ameijide, eu remato como empecei, pensei que ía retirara a proposición porque o que pide realmente é a rehabilitación integral da Nacional 5, 40, que é o que se está facendo actualmente.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Gustaríame pedirlle que lles indique ou que lles comente os seus concelleiros que teñan unha pequena labor de contención á hora de proferir insultos cara esta bancada, aínda que xa polo baixo, porque é un pouco molestos, nonn porque ofendan, nin moito menos, pero é algo molesto estalo escoitando constantemente.

Señora Abelleira, esqueceuse do segundo punto, o primeiro punto pedía, evidentemente a Nacional 540, traballar de xeito decidido nela, pero tamén pedimos a A-56 que é a conexión entre Lugo y Ourense, que é importante, por que é importante? Porque son as únicas dúas capitais de provincia que non están conectadas por unha autovía estatal. E a iso evidentemente non podemos renunciar, por iso lles pediamos ese exercicio de autocritica e ese exercicio de demandar aos nosos, neste caso, e, no voso caso, de demandar aos seus, e, efectivamente, di que é unha realidade que descoñece, e eu por iso lla traio hoxe aquí, porque evidentemente ao mellor non tivo ocasión de ir nas últimas datas por esas estradas, pero é a realidade de como están estas estradas, non é nada novo, isto está así, estas fotos foron feitas a semana pasada, a realidade é que están así.

E, en canto aos paróns dos que falaba, home, sabe que Rajoy, no Goberno de Rajoy inauguráronse o 80% dos tramos que hai abertos a día de hoxe da A-54, que é a autovía Lugo Santiago; a alta velocidade comprometeuse co Goberno de Mariano Rajoy na subdelegación de Goberno precisamente cun proxecto de 1600 millóns de euros para que chegase á alta velocidade a Lugo, e parouse en canto aos 15 días houbo unha moción de censura por parte do Partido Socialista. Supoño que sabe ou que as datas lle cadran.

Agradezo o ton e a reflexión que fixo o señor Arroxó, incluso facerme recordar o que pasaba no ano 2018, que evidentemente si estaba moi mal estado esa estrada, ten toda a razón. Ruben ten toda a razón. De feito, o 4 de maio de 2018, houbo un compromiso do Goberno central, gobernado por Mariano Rajoy, para repavimentar integralmente a Nacional 540 entre Lugo e Ourense. Efectivamente, saben que pasou 15 días despois? Houbo unha moción de censura. Sí. E sete anos despois, e sete anos despois, a estrada está así, sete anos despois. Paralizouse ese proxecto e sete anos despois esta así. E coincido co señor Arroxó que a A-56 é estratéxica para Lugo, por iso a pedimos, é estratéxica porque sería a conexión entre Lugo e Ourense, que non estamos conectados, como ben sabe, pero sería tamén esa co-

nexión co norte de Portugal, co sur de Galicia, con Vigo, con Pontevedra; en definitiva, sería unha conexión transversal, é máis, conectaría o corredor que hai entre Francia e Portugal, todo por autovía, que o único treito que falta é, curiosamente, entre Lugo e Ourense. Por iso rétoos a que hoxe teñan á altura de miras suficiente, que o Bloque anunciou que si o vai ter, de pedir algo para a provincia de Lugo, algo que, como digo, eu creo que en toda a intervención fun autocrítico co que fixemos ou co que non se fixo, pero hai que pedir aos que leva sete anos gobernando.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Gracias, señor Ameijide. Quenda agora para Ana González Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, é que volvemos ao mesmo. Todo o mundo ten acceso o que piden e aquí piden impulsar de xeito decidido, e logo que pensa que facemos dende o Goberno de Lugo? A A-56, impulsala, pero é que nós, seguindo, como lle dicimos pleno tras pleno, por iso lle digo que é un pouco cansino, é que todo aquilo que se está levando a cabo imos votar que non, porque xa o estamos facendo, que creo que xa o dixeran noutros plenos e ás *medallitas* a quen lle corresponden. Vostedes sempre, a última hora, presentan para levarse ese recoñecemento, e estase traballando. E dicía vostede da moción de censura, mirenen, eu, porque non recordaba e preparando esta moción onte pola noite encontrei que a A-56 era una autovía planificada xa hai 20 anos, no Plan Galicia 2003, creo que sabe quen estaba gobernando e contaba cun investimento previsto de 525 millóns de euros, dos que só se executaron uns 50 millóns, menos do 9% do total. Polo tanto, a autocrítica hai que facela nese sentido, non dicir facer *un poquito bien*, *un poquito mal*, non, hai que poñer as realidades, os datos, os datos que tanto lle gustan. Polo tanto, señor Ameijide, o Goberno, neste caso estatal, está traballando na reforma integral da Nacional 540 e impulsando os traballos necesarios, que a boas horas se veñen acordar vostedes, da A-56, que sabemos que de imperiosa necesidade da comunicación de Lugo, que o levamos loitando e pelexando dende sempre, para conectarnos non soamente, polas autovías ou estradas, senón tamén a través dos tren de alta velocidade. E e seguiremos traballando por isto para que Lugo sexa tamén unha cidade conectada como outras, como lles dicía na anterior intervención, non pedimos máis, pedimos o mesmo que o resto e as trabas sempre veñen do mesmo sitio. Tamén é de reflexionar.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Pois última quenda para o señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Supoño que non intenta dicir que a Xunta de Galicia lles estea impedindo construír a A-56? Digo eu, porque sería xa o colmo das cousas que hai que escoitar neste salón de plenos. Fixo unha pregunta, que creen que facemos? Gustaríame dicirlle que nada, pero vou ser xeneroso e voulle dicir que pouco, que pouco, porque fai sete anos que entrou Sánchez a gobernar e paralizou a repavimentación integral da Nacional 540, anunciouno o sete de agosto de 2023, qué iba a ser inminente, e estamos en abril de 2025, e a día de hoxe segue

sen estar repavimentada. Por tanto, que fan? Pouco. Di que están impulsando de xeito decidido a A-56, pois impúlsena un pouco máis, porque, oian, levan sete anos e en sete anos segue no mesmo caixón, perdón, levan vinte de oito anos á fronte do Goberno do Estado, 28 ou 26 á fronte desta cidade. Eu, ou nós, podemos facer autocrítica con respecto aos 14 anos, que evidentemente púidose facer mellor, probablemente, fíxose o mellor que se puido, pero lévase durante oito anos de gobernos do Partido Socialista, sean sen xenerosos na provincia, sexan xeneroso, xenerosos coa cidade e pidan tamén ao Goberno central que faga algo por nós.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematado o debate e pasamos entón á votación deste punto.

SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

13/66 SOLICITUDE DE COMPARECENCIA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLEIRO ENCARGADO DA ÁREA CORRESPONDENTE PARA DAR CONTA DAS XESTIÓN REALIZADAS RESPECTO AO CONTROL DA CALIDADE DA AUGA DE CONSUMO HUMANO (2025/G004/000204).- Examinado o expediente tramitado para os efectos:

1. PROPOSTA DA SECRETARÍA, asinada pola secretaria xeral do Pleno, co conforme do alcalde presidente, do teor literal seguinte:

“Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

A) Escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 102/2025 de Rexistro de Pleno, do 14 de abril de 2025 -posteriormente rectificado polo 112/2025 de Rexistro de Pleno, no que atinxe á aclaración do artigo de referencia, 111 do ROMP-, cuxo texto é do seguinte teor:

“O Grupo Municipal do Partido Popular ao abeiro do artigo 111 do ROMP solicita a comparencia do concelleiro encargado da área correspondente, para dar conta das xestións realizadas ao control da calidade da auga de consumo humano, dando resposta ás seguintes cuestións:

- Quen realizou os controis da “calidade da auga de consumo humano na saída de depósitos de regulación, rede de distribución, billa, grifo, do usuario, fontes públicas non conectadas á rede de abastecemento así como control sanitario das piscinas municipais de uso público e as Caldas do Miño” dende o anuncio de licitación do contrato, o 18/06/2024, ata a formalización do mesmo, o 31/03/2025? Que soporte documental ou procedemento amparaba os traballos realizados nese período?

- Pode o Concello confirmar que en todos os puntos da rede de subministro de auga se cumpren actualmente os niveis mínimos de cloro?

- O goberno local mencionou que a incidencia foi un “problema puntual” debido a unha avaría. Que protocolos se están implementando para garantir que problemas semellantes non se produzan no futuro?

- Por que o concello de Lugo non presentou alegacións á sanción imposta pola Xunta de Galicia?

- Tivo o Concello de Lugo expedientes sancionadores previos ao que motiva esta solicitude?”

B) Informe emitido pola secretaria xeral do Pleno, o 16 de abril de 2025, que, a continuación, se transcribe:

“En relación asunto epigrafado, relativo á *solicitude de comparecencia ante o Pleno da Corporación do concelleiro encargado da área correspondente, para dar conta das xestións realizadas respecto ao control da calidade da auga de consumo humano*, subscrita polos concelleiros integrantes do Grupo Municipal do Partido Popular, rexistrada con número 102/2025 de Rexistro de Pleno -posteriormente rectificado polo escrito 112/2025 no que atinxe á aclaración do artigo de referencia, 111 do ROMP-, a funcionaria que subscibe informa:

ANTECEDENTES

O 14 de abril de 2025, o Grupo Municipal Popular presenta no Rexistro do Pleno a solicitude de comparecencia do concelleiro encargado da área correspondente -neste caso o alcalde-, para dar conta das xestións realizadas respecto ao control da calidade da auga de consumo humano.

NORMATIVA APLICABLE:

Os instrumentos de información, impulso e control pódense considerar incluídos no réxime organizativo e de funcionamento dos órganos das entidades locais. Aínda que o Tribunal Constitucional na súa sentenza do 21 decembro de 1989 declarou inconstitucional o artigo 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (en diante LRBRL) porque o contido do precepto analizado, prescindindo da afirmación preliminar “*da prioridade absoluta da propia Lei reguladora das bases de réxime local que naturalmente existirá na medida na que os seus preceptos poidan apoiarse nos títulos competenciais que o Estatuto ten, o resto dos parágrafos que o artigo 5 contén establece como queda este, unha orde de prelación de fontes que será correcta na medida en que coincida co disposto no bloque de constitucionalidade, e incorrecta en canto se aparte del. En canto tal coincidencia exista, o precepto é en consecuencia superfluo e en canto non exista, inválido. A súa anulación non orixina por tanto baleiro normativo ningún*”, o certo é que a súa dicción literal serve como criterio de interpretación pois foi seguida de xeito xeral pola doutrina, o que implica que as entidades locais se rexen en canto ao seu réxime organizativo e de funcionamento dos seus órganos, en primeiro termo pola LRBRL, deseguido polas leis das comunidades autónomas sobre réxime local, polo regulamento orgánico propio de cada entidade -Regulamento orgánico municipal do Concello de Lugo aprobado o 9 de abril de 2007 con modificacións posteriores (modificacións publicadas no BOP de Lugo do 18 de outubro de 2010)- e, por último, polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e

réxime xurídico das entidades locais (en diante ROF) que servirá para cubrir lagoas así como ofrecer criterios de interpretación, de ser o caso.

Sentado o anterior:

A) O artigo 123.1.a) da LRBRL establece como primeira competencia ou atribución do Pleno “o control e fiscalización dos órganos de Goberno”.

Aínda que se trata dunha clasificación doutrinal, como medios de control e fiscalización dos órganos de goberno poderíamos distinguir:

- Acceso á información
- Remisión de actas da Xunta de Goberno Local.
- Dación de conta das resolucións, rogos e preguntas.
- Interpelacións, proposicións e mocións.
- Requirimentos de presenza (comparecencias).
- Solicitude de convocatoria de sesión extraordinaria.
- Moción de censura e cuestión de confianza.

Todos eles se atopan regulados, entre outros, no ROM do Concello de Lugo agás as interpelacións que, polo tanto, non terían cabida, e das que podemos dicir que, segundo o artigo 180 do Regulamento do Congreso, virían a ser no ámbito local, as que presenten os membros corporativos no Pleno ou nas comisións, directamente ou a través dos portavoces dos grupos, e vaian dirixidas ao alcalde ou a calquera membro do executivo local en relación cunha materia de política xeral local.

B) O artigo 109 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, dispón:

“1. Os concelleiros e/ou concelleiras con responsabilidades de goberno - concelleiros delegados e/ou concelleiras delegadas incluídos- e os membros da Xunta de Goberno Local que non teñan a condición de concelleiro/a estarán obrigados a comparecer ante o Pleno, cando así o acorde este, co obxecto de responder ás preguntas concretas que se formulen no escrito de solicitude da comparecencia sobre a súa actuación.

2. Acordada polo Pleno a comparecencia mencionada na alínea anterior, o presidente ou presidenta incluírá o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria que vaia celebrar a corporación, e notificaráselle ao interesado ou interesada o acordo adoptado e a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer. Entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

3. Así mesmo, os cargos a que se refire o número 1 deste artigo poderán comparecer a petición propia, sen que sexa preciso, en tal suposto, que o Pleno o acorde previamente, debendo figurar a comparecencia na orde do día da convocatoria da sesión.”

C) O artigo 110 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, dispón:

O presidente ou presidenta, oída a Xunta de Portavoces, non admitirá a trámite as comparecencias nos mesmos supostos previstos para as preguntas no artigo 103. O dito artigo alude no apartado e) ao suposto das que puideran ser

reiterativas doutra pregunta de resposta oral ou escrita substanciada durante o mesmo ano natural ante o Pleno ou ante unha das súas comisións.

D) O artigo 111 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, titulado Presentación de solicitudes de comparecencia, dispón:

1. Estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do Pleno as solicitudes de comparecencia presentadas no Rexistro do Pleno coa antelación necesaria para ser incluídas na orde do día da sesión correspondente.

2. En cada sesión poderase incluír, como máximo, unha solicitude de comparecencia por cada grupo político.

E) O artigo 112 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, titulado Desenvolvemento das comparecencias, dispón:

O desenvolvemento das comparecencias axustarase aos seguintes trámites:

a) Exposición oral do grupo político ou dun dos concelleiros ou concelleiras autores da iniciativa, por un tempo máximo de cinco minutos, co obxecto, exclusivamente, de precisar as razóns que motivan a comparecencia e formular as preguntas en que se concreta aquela.

Nas comparecencias a petición propia omitirase este trámite.

b) Intervención do/da comparecente polo tempo que fixe o presidente ou a presidenta, que non poderá exceder de dez minutos.

c) Intervención dos/das representantes dos grupos políticos, por un tempo máximo de cinco minutos cada un, para fixar posicións, facer observacións ou formular preguntas.

d) Contestación do/da comparecente, por un tempo máximo de dez minutos.”

ÁMBITO SUBXECTIVO

Trátase de analizar cales son os suxeitos activos e pasivos das iniciativas nas que se enmarcan as comparecencias, é dicir, os requirentes da comparecencia e os obrigados a comparecer.

En canto aos primeiros, trátase do Pleno do Concello, o órgano que ten a facultade de acordar a comparecencia ante el mesmo, no exercicio da súa competencia ou atribución de “control e fiscalización dos órganos de Goberno” que se configura como o control político dos órganos executivos e como a atribución máis relevante do Pleno, como xa se sinalou.

Os obrigados a comparecer son *os concelleiros e/ou concelleiras con responsabilidades de goberno*, é dicir, tanto os concelleiros con delegacións xenéricas referidos a grandes áreas de xestión que no Concello de Lugo coinciden cos tenentes de alcalde como os delegados con delegacións específicas, é dicir, *os concelleiros e/ou concelleiras delegadas incluídos*.

Esta dicción literal do ROM conduce a considerar como obrigados a comparecer a calquera membro da corporación que teña ademais a condición de delegado/a do alcalde a fin de que informe ao Pleno sobre a súa área de xestión o que exclúe ao alcalde mesmo agás que se trate de materias sobre as que teña responsabilidades de goberno, ou o que é o mesmo, sobre materias non obxecto de delegación.

En relación coa petición de comparecencia formulada, para determinar quen debe comparecer, a xuízo da que subscribe, cómpre acudir ao Decreto nº 2730/2025, do 19 de marzo, Decreto de organización, no que ao alcalde lle corresponde a coordinación executiva e supervisión directa, entre outros asuntos, da xestión integral do ciclo da auga e as súas redes.

ÁMBITO OBXECTIVO

Neste caso, trátase da análise do contido da comparecencia que non é outro que todo o relativo aos asuntos de interese incluídos na área de xestión da Alcaldía. Comprende todos os aspectos da súa actuación sen que se poida entender limitado obxectivo e materialmente a unha área de xestión, senón que a información terá que ser todo o completa e ampla que a resposta das preguntas formuladas esixa o que xustifica que o obrigado a comparecer dispoña dun período mínimo para recompilar a información precisa en calquera asunto (xestión de bens e instalacións, contratación de servizos, subministración, persoal...) incluído na súa área de xestión.

PROCEDEMENTO

O artigo 122.4 da LRBRL dispón que corresponderán ás comisións entre outras, a función: a) o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno. O ROM no contén disposición ningunha, a xuízo desta informante, que exclúa as solicitudes de comparecencia da necesidade de obter o ditame da comisión resultando que dos antecedentes de solicitudes de comparecencia consultados e tramitados na Secretaría Xeral do Pleno, todas foron obxecto de tal sometemento ao tratase dun asunto sobre o que o Pleno debe adoptar unha decisión ao respecto.

CONCLUSIÓN

Polo anterior, a solicitude formulada debe ser obxecto de ditame da comisión informativa competente por razón da materia. Seguidamente, incluírase na orde do día da sesión plenaria correspondente para os efectos de que tal comparecencia sexa acordada polo Pleno por maioría simple, e unha vez acordada, o alcalde presidente virá obrigado a incluír o asunto na orde do día da próxima sesión ordinaria ou extraordinaria que vaia celebrar a corporación. Este é o meu informe, que carece de carácter vinculante, e que someto a calquera outro mellor fundado en dereito, en sen prexuízo de que a corporación adopte a decisión que considere máis axeitada aos intereses xerais."

En virtude do exposto propónse someter a ditame da Comisión Permanente Ordinaria de Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial, previo á súa elevación ao Pleno, a referida solicitude de comparecencia, con fundamento no exposto no informe da secretaria xeral do Pleno."

2. DITAME FAVORABLE da Comisión de Transición Ecolóxica e Cohesión Territorial, emitido na sesión celebrada o día 24 de abril de 2025.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- APROBAR a comparecencia do Excmo. Sr. alcalde da Corporación, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, solicitada polo Grupo Municipal do Partido Popular para dar conta das xestións realizadas respecto ao control da calidade da auga de consumo humano.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado, indicándolle que a data en que se celebrará a sesión en que deberá comparecer e significando que entre esta notificación e a celebración da sesión deberán transcorrer, polo menos, tres días.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

INTERVENCIÓN

14/67 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO DURANTE O ANO 2024.- Vista a proposta da Alcaldía, do 8 de abril de 2025, na que se sinala:

“O artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. *El órgano interventor deberá elaborar con carácter anual y con ocasión de la aprobación de la cuenta general, el informe resumen de los resultados del control interno señalado en el artículo 213 del Texto Refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.*

2. *El informe resumen será remitido al Pleno, a través del Presidente de la Corporación, y a la Intervención General de la Administración del Estado en el curso del primer cuatrimestre de cada año y contendrá los resultados más significativos derivados de las actuaciones de control financiero y de función interventora realizadas en el ejercicio anterior.*

3. *La Intervención General de la Administración del Estado dictará las instrucciones a las que habrán de ajustarse el contenido, estructura y formato del informe resumen y deberá crear un inventario público que recoja los informes recibidos de las Entidades Locales”.*

En cumprimento da mencionada normativa, o 07.04.2025, a Intervención Xeral Municipal emitiu o informe Ref.: 492/2025, relativo ao **“Resumo dos Resultados do Control Interno 2024”**. É polo que

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe Resumo dos Resultados do Control Interno do exercicio 2024 (Ref: 492/2025).”

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

15/68 DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DO EXERCICIO 2024.- Formulada pola Intervención Xeral Municipal e informada polo Interventor, foi aprobada por Decreto número 3785/2025 do 14 de abril de 2025 a Liquidación do Orzamento do Concello de 2024, do que se DÁ CONTA ó Excmo. Concello Pleno, conforme ó establecido no art. 193.4 do R.D. lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigo 90.2 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, co seguinte resultado:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento do Excmo. Concello de Lugo do exercicio 2024, cos seguintes resultados, en base ó informe da Intervención Xeral Municipal 2025/521 de 11.04.2025 que se reproduce a continuación:

“Informe de Intervención

Asunto: Liquidación do Orzamento do Concello de Lugo. Ano 2024

Antecedentes:

-Peche da contabilidade respecto dos estados necesarios para proceder á liquidación do exercicio o día 03.04.2025 e comunicación á Intervención Xeral, xuntando o informe de cuantificación dos saldos de difícil ou imposible recadación, segundo establece o art. 193 bis do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

-Decreto do Tenente de Alcalde Delegada da Área de Transición Ecolóxica, dona Ana González Abelleira, por suplencia do Tenente de Alcalde delegado de Recursos Internos, Urbanismo, deportes e Xuventude, don Ángel Pablo Permuy Villanueva, número 3313/2025 do 03.04.2025, de aprobación dos estados consolidados correspondentes á liquidación do exercicio 2024 do Orzamento do Excmo. Concello de Lugo e da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A.

-Formación do expediente de Liquidación do exercicio 2024.

-Remisión a Intervención da documentación oportuna, para emisión de informes en

base á proposta remitida.

*De conformidade co disposto no **artigo 90 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril**, en relación co dito **artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo**, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo Interventor Xeral que subscribe emítese o seguinte*

INFORME

PRIMEIRO.

Con carácter previo, esta Intervención debe manifestar que o informe da liquidación do orzamento do exercicio 2024, toma como referencia os documentos deducidos da contabilidade do exercicio e remitidos a esta Intervención Xeral polo Servizo de Tesourería municipal, como responsable desta, unha vez realizadas as anotacións contables pendentes e unha vez ultimados os axustes derivados da análise do estado de gastos con financiamento afectado, así como o cálculo das correspondentes desviacións de financiamento, segundo o resumo establecido nos libros auxiliares que se xuntan ao expediente, debéndose as posibles desviacións existentes á toma en consideración por parte da Intervención xeral daqueles datos que lle constan con certeza, no exercicio das funcións atribuídas en materia de xestión orzamentaria, e que non tiveran un axeitado reflexo contable.

A presente liquidación realízase superado prazo legal establecido na normativa vixente, xa que ao abeiro do artigo 89.2 do Real Decreto 500/1990 en relación co artigo 191.3 Real Decreto Lexislativo 2/2004 "A confección dos estados demostrativos da liquidación do orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte".

O motivo do atraso débese a que o peche definitivo que permite o inicio da análise e determinación dos estados contables integrantes do expediente da 2024, comunicouse á Intervención o 03.04.2025.

En relación ao estado de consolidación coa Sociedade Mercantil EVISLUSA, de participación íntegra local no seu capital social, xúntase ao expediente Decreto da Tenente de Alcalde delegado da Área de Transición Ecolóxica, dona Ana González Abelleira, por suplencia do Tenente de Alcalde delegado de Recursos Internos, Urbanismo, deportes e Xuventude, don Ángel Pablo Permuy Villanueva, número 3313/2025 do 03.04.2025, de aprobación dos estados consolidados correspondentes á liquidación do exercicio 2024 do Orzamento do Excmo. Concello de Lugo e da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A., sen prexuízo do seu condicionamento ao informe de auditoría e a aprobación pola Xunta Xeral de accionistas respecto das contas da sociedade mercantil (formuladas polo Consello de Administración).

ESTADOS CONSOLIDADOS:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS 2024 - LIQUIDACIÓN

	ESTADO DE GASTOS	<u>LIQUIDACION</u> <u>ORZAMENTO</u> <u>CORPORACIÓN</u> <u>(ORN)</u>	<u>ORZAMENTO</u> <u>EVISLUSA</u>	<u>TRANSFERENCIAS A</u> <u>ELIMINAR</u>	<u>AXUSTES A</u> <u>REALIZAR</u>	<u>ORZAMENTO</u> <u>XERAL</u> <u>CONSOLIDADO</u>
1	Gastos de Persoal.	31.831.023,42	204.883,83	0,00	0,00	32.035.907,25
2	Gastos en Bens Correntes e Servizos.	58.259.613,14	21.676,41	0,00	0,00	58.281.289,55
3	Gastos Financeiros.	4.288,27	42,46	0,00	0,00	4.330,73
4	Transferencias Correntes.	5.705.075,09	0,00	-231.704,28	5.101,58	5.478.472,39
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	95.799.999,92	226.602,70	-231.704,28	5.101,58	95.799.999,92
6	Investimentos Reais.	10.026.503,70	0,00	0,00	0,00	10.026.503,70
7	Transferencias de Capital.	1.152.604,39	0,00	0,00	0,00	1.152.604,39
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	11.179.108,09	0,00	0,00	0,00	11.179.108,09
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	106.979.108,01	226.602,70	-231.704,28	5.101,58	106.979.108,01
8	Activos Financeiros.	1.640.697,32	0,00	0,00	0,00	1.640.697,32
9	Pasivos Financeiros.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.640.697,32	0,00	0,00	0,00	1.640.697,32
	Total	108.619.805,33	226.602,70	-231.704,28	5.101,58	108.619.805,33

ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS 2024 - LIQUIDACIÓN

	ESTADO DE INGRESOS	<u>LIQUIDACIÓN</u> <u>ORZAMENTO</u> <u>CORPORACIÓN</u> <u>(DRN)</u>	<u>ORZAMENTO</u> <u>EVISLUSA</u>	<u>TRANSFERENCIAS A</u> <u>ELIMINAR</u>	<u>AXUSTES A</u> <u>REALIZAR</u>	<u>ORZAMENTO</u> <u>XERAL</u> <u>CONSOLIDADO</u>
1	Impostos Directos.	40.852.557,76	0,00	0,00		40.852.557,76
2	Impostos Indirectos.	5.647.547,65	0,00	0,00		5.647.547,65
3	Taxas e Outros Ingresos.	23.966.307,61	0,00	0,00		23.966.307,61
4	Transferencias Correntes.	37.560.823,81	231.704,28	-231.704,28		37.560.823,81
5	Ingresos Patrimoniais.	591.759,66	0,00	0,00		591.759,66

	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	108.618.996,49	231.704,28	-231.704,28		108.618.996,49
6	<i>Alleamento de Investimentos Reais.</i>	-21,63		0,00		-21,63
7	<i>Transferencias de Capital.</i>	10.170.811,62	0,00	0,00		10.170.811,62
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	10.170.789,99	0,00	0,00		10.170.789,99
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	118.789.786,48	231.704,28	-231.704,28		118.789.786,48
8	<i>Activos Financeiros.</i>	40.697,32	0,00	0,00		40.697,32
9	<i>Pasivos Financeiros.</i>	4.423.823,61	0,00	0,00		4.423.823,61
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	4.464.520,93	0,00	0,00		4.464.520,93
	TOTAL	123.254.307,41	231.704,28	-231.704,28		123.254.307,41»

En relación á análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, verificación do cumprimento da regra de gasto e a análise da débeda viva, constitúe obxecto do informe independente nº 2025/515 do 10.04.2025 , expediente Tecol nº 2025/K004/000033 que complementa a este.

Esta Intervención considera conveniente manifestar as seguintes **consideracións relevantes** e relacionadas coa aplicación do contido normativo contable e orzamentario das seguintes magnitudes orzamentarias que se plasman na presente liquidación, e cuxa cuantificación se realiza en base aos criterios normativos que a continuación se expoñen:

- Remanente de Tesourería

A) O Remanente de Tesourería, segundo o establecido no apartado 24.6 da Memoria da Conta Xeral recollida na **Orde HAP/1781/2013 do 20 de setembro**, pola que se aproba a Instrucción do Modelo Normal de Contabilidade Local, obténse “como suma dos fondos líquidos máis os dereitos pendentes de cobranza, deducindo as obrigas pendentes de pago e agregando as partidas pendentes de aplicación”, de conformidade coa cuantificación establecida nos apartados seguintes.

De conformidade co estado incluído na Conta Xeral segundo o modelo do apartado 24.6 da Memoria das contas anuais da Corporación, a magnitude do Remanente de Tesourería Total ten as seguintes compoñentes diferenciadas:

a) *Excesos de Financiamento Afectado: derivado das Desviacións de financiamento positivas, acumuladas e por conceptos ou axentes financiadores, calculadas segundo se establece na Regra 29.5 da Instrucción do Modelo Normal da Contabilidade Local. As desviacións de financiamento acumuladas, de existir,*

recollen o desfase existente entre os ingresos orzamentarios recoñecidos netos e as obrigas recoñecidas netas derivadas da execución dun proxecto de gasto con financiamento afectado, dende o inicio dese proxecto ata o momento do seu cálculo; é dicir, recollería, para cada concepto de ingresos afectado (para cada axente financiador), o desfase ou desviación entre os dereitos recoñecidos netos e as obrigas que deberían terse recoñecido en función da porcentaxe de financiamento comprometido.

En todo caso, convén lembrar que un gasto con financiamento afectado “é calquera proxecto de gasto que se financie, en todo ou en parte, con recursos concretos que en caso de non realizarse o gasto non poderían percibirse ou se se percibiron deberían reintegrarse aos axentes que o achegaron”

b) Saldos de dubidoso cobro: En aplicación do principio de prudencia e imaxe fidedigna do patrimonio da entidade, aplícanse as porcentaxes de axuste respecto do dubidoso cobro informadas pola Tesourería Municipal (Informe do 03.04.2025 que se xunta ao expediente).

En todo caso, respéctanse os criterios legais de mínimos sinalados na lexislación vixente, artigo 193 bis do TRLRFL introducido pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local:

“Artigo 193 bis Dereitos de difícil ou imposible recadación

As Entidades Locais deberán informar o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e ao seu Pleno, ou órgano equivalente, do resultado da aplicación dos criterios determinantes dos dereitos de difícil ou imposible recadación cos seguintes límites mínimos:

a) Os dereitos pendentes de cobranza liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 25 por cento.

b) Os dereitos pendentes de cobranza liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 50 por cento.

c) Os dereitos pendentes de cobranza liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán, como mínimo, nun 75 por cento.

d) Os dereitos pendentes de cobranza liquidados dentro dos orzamentos dos restantes exercicios anteriores ao que corresponde a liquidación, se minorarán nun 100 por cento”.

c) Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (RTGX): Obténse como diferenza entre o Remanente de Tesourería Total menos os excesos de financiamento afectado (desviacións acumuladas, positivas e por conceptos de axentes

financiadores) e os saldos de dubidoso cobro.

Esta magnitude, RTGX, constitúe a marxe de financiamento dispoñible para gastos xerais mediante a tramitación do correspondente expediente de modificacións orzamentarias (entre as que figuran as incorporacións de remanentes de crédito).

Aínda que non se recolle na na Orde HAP/1781/2013 do 20 de setembro, engádense ao cálculo realizado neste informe os datos de “V. Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento a final de período” e “VI. Saldo de acredores por devolución de ingresos a final de período”, que axustan esta magnitude na rendición de datos que se realiza ao Ministerio de Facenda a través da OVEELL

Resultado Orzamentario

O resultado orzamentario do exercicio defínese como a diferenza entre os dereitos orzamentarios netos liquidados durante o exercicio e as obrigas orzamentarias recoñecidas netas durante o mesmo período. Neste mesmo senso, constitúe una magnitude que ao final de cada exercicio debe por de manifesto, de acordo co seu signo, o déficit ou superávit obtido polo suxeito contable derivado exclusivamente da execución do orzamento ao que se refire.

*O Resultado orzamentario regúlase nos artigos 96 e 97 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril e no apartado 10ª das Normas de elaboración das Contas Anuais da Orde HAP/1781/2013; así, esta magnitude deberá axustarse en función das obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais e das desviacións de financiamento do exercicio derivadas de gastos con financiamento afectado (**Regra 29.5**), globais, imputables ao exercicio e positivas (réstanse ao resultado orzamentario) e negativas (súmanse ao resultado orzamentario).*

Remanentes de crédito

*O principio de anualidade orzamentaria na execución implica que os gastos orzamentados deben executarse dentro do exercicio, xa que, como dispón o **artigo 175 TRLRFL** (reproducido no **artigo 92 do Real Decreto 500/1990**) “os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectados o cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de pleno Dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no art. 182 desta Lei”.*

*Excepcións consistentes en incorporar ao orzamento do exercicio seguinte certos remanentes de créditos (uns aínda dispoñibles, outros retidos e outros xa dispostos), pero con suxeición a determinados requisitos, límites e condicionamentos legalmente taxados. A estos efectos, os remanentes de créditos defínense no **artigo 98 del Real Decreto 500/1990**, que contempla dúas clases:*

a) os remanentes que necesariamente se anularán ao fin do exercicio,
b) aqueles outros que poden ser incorporados ao exercicio seguinte; aqueles que deben incorporarse necesariamente e aqueles cuxa incorporación é optativa.

Son remanentes non incorporables, conforme ao **art. 47.2 do Real Decreto 500/1990**, “os créditos declarados non dispoñibles nin os remanentes de créditos xa incorporados no exercicio precedente”. Esta circunstancia é acorde cos condicionamentos que para a incorporación establecen os **artigos 182.2 TRLRFL e 47. 4 e 5 do Real Decreto 500/1990**.

Son remanentes incorporables consonte o **artigo 47.1 do Real Decreto 500/1990**, que coincide no esencial co **artigo 182 TRLRFL**, os créditos que amporen compromisos de gasto do exercicio anterior aos que fai referencia o **art. 26.2.b)** do propio Real Decreto. Dentro destes, debe distinguirse os encadrados no apartado d) do **art. 47.1**, cuxa incorporación é unha obriga ao trátase dos sinalados no **artigo 182.3 TRLRFL** (“os créditos que amporen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto”).

Admitida a posibilidade de incorporación de certos remanentes, deben considerarse certos condicionamentos:

a) a subordinación á existencia de suficientes recursos financeiros (art. 182.1 TRLRFL).
b) a temporalidade, de maneira que os remanentes incorporados poderán ser aplicados tan só dentro do exercicio orzamentario ao que a incorporación se acorde, que terá que ser, obrigatoriamente, o inmediato seguinte (artigo 182.2 TRLFL).

Polo tanto, os remanentes de crédito financiados con recursos propios do exercicio que non teñan a consideración de afectados, non poderán incorporarse máis dun exercicio. Non obstante, as necesidades derivadas da conveniencia e oportunidade -apreciada polos órganos xestores- en relación á execución de tales proxectos de gastos consignados, poderán tramitarse no exercicio presente, sempre que se acredite a existencia de fontes de financiamento, mediante a tramitación das modificacións orzamentarias sinaladas na normativa orzamentaria.

SEGUNDO.

Corresponde ao Presidente/a da Entidade Local, logo de informe da Intervención Xeral, a aprobación da Liquidación do Orzamento da Entidade Local, dando conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, de acordo co disposto nos artigos 191.3 do TRLRFL e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO.

En canto ao prazo, segundo o artigo 191.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, "As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte".

Como xa se sinalou, a presente liquidación do exercicio 2024 preséntase a informe o 03.04.2025, polo que se aprobará fóra do prazo marcado, sen que isto teña efectos invalidantes.

CUARTO.

A liquidación do Orzamento pódese definir de forma descritiva como o conxunto de operacións matemáticas que se realizan ao peche de cada exercicio para determinar o importe das operacións en curso, o resultado orzamentario e o remanente de tesourería (tanto o de gastos con financiamento afectado como o xeral ou líquido). Polo tanto, non é tanto unha forma de rendición de contas senón máis ben unha representación cifrada do resultado da xestión económica, limitada ás operacións orzamentarias e a un exercicio económico determinado.

Constitúe un acto administrativo independente da Conta Xeral, tanto polo contido como polo procedemento e o órgano competente para a súa aprobación.

Elaborados os estados demostrativos relativos á liquidación do Orzamento do Exercicio 2024, púxose de manifesto:

- a) Respecto do Orzamento de Gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagamentos ordenados e os pagamentos realizados.*
- b) Respecto do Orzamento de Ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.*
- c) Os dereitos pendentes de cobramento e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro.*
- d) O resultado orzamentario do exercicio.*
- e) Os remanentes de crédito.*
- f) O Remanente de Tesourería.*

De conformidade co deducido dos estados contables remitidos polo Órgano de xestión económico-financeiro, que se xuntan ao expediente, a liquidación do Orzamento de Gastos e ingresos do 2024 presenta o seguinte resumo:

Liquidación do orzamento de Gastos	Euros
------------------------------------	-------

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

Créditos iniciais	121.855.425,00
Modificacións dos créditos iniciais	3.875.053,48
Incorporación de remanentes de crédito	12.746.736,85
Créditos definitivos	138.477.215,33
Obrigas recoñecidas netas	108.619.805,33
Obrigas recoñecidas pendientes de pago	5.550.439,91
Remanentes de créditos	29.857.410,00

Liquidación do orzamento Ingresos	euros
Previsións iniciais	121.855.425,00
Modificacións das previsións iniciais	16.621.790,33
Previsións definitivas	138.477.215,33
Dereitos recoñecidos netos	123.254.307,41
Ingresos Netos	109.081.207,46
Dereitos recoñecidos pendentes de cobro	14.173.099,95

Os excesos de previsións de ingresos e a existencia de remanentes de crédito son datos que se deben examinar con cautela, sen que podan derivar en conclusións simplistas, xa que as modificacións orzamentarias financiadas con Excesos de Financiamento Afectado e, singularmente, as financiadas con Remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais, desvirtúan ese importe, xa que tal magnitude non figura na liquidación dos orzamentos de ingresos, en canto a dereitos recoñecidos, por canto son dereitos xa recoñecidos en exercicios anteriores.

En relación ás magnitudes económico-orzamentarias e financeiras máis relevantes:

1) Resultado orzamentario do exercicio:

Dos estados de execución orzamentaria derívanse os seguintes datos:

CONCEPTOS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	AXUSTES	RESULTADO ORZAMENTARIO
a. Operacións correntes	108.618.996,49	95.799.999,92		12.818.996,57
b. Outras operacións non financeiras	10.170.789,99	11.179.108,09		-1.008.318,10
1. Total operacións non financeiras (a+b)	118.789.786,48	106.979.108,01		11.810.678,47
2. Activos financeiros	40.697,32	1.640.697,32		-1.600.000,00
3. Pasivos financeiros	4.423.823,61	0		4.423.823,61
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	123.254.307,41	108.619.805,33		14.634.502,08
Axustes:				
4. Créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais			2.416.311,41	

5. Desviacións de financiamento negativas do exercicio	4.707.093,68	
6. Desviacións de financiamento positivas do exercicio	13.419.326,68	
TOTAL AXUSTE (4+5-6)	-6.295.921,59	
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO + AXUSTE)		8.338.580,49 €

Os **axustes do Resultado Orzamentario** veñen motivados polas seguintes consideracións:

A. Gastos financiados con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais

Cando, durante o exercicio orzamentario, se tramitan modificacións do Orzamento de Gastos que se financian con RTGX, prodúcese un axuste ao Resultado Orzamentario polo importe das obrigas recoñecidas baseadas, precisamente, nese financiamento.

Exclúense deste axuste as obrigas recoñecidas e financiadas con Remanente de Tesourería afectado (Excesos de financiamento afectado), ao obxecto de evitar duplicidades entre o axuste por desviacións de financiamento e o relativo ó RTGX.

Segundo os datos aportados pola aplicación informático-contable e os datos derivados dos libros auxiliares así como do tratamento desa información por partidas de gastos verificados polo pesonal adscrito ao servizo de Intervención, o total de obrigas recoñecidas durante o exercicio 2024 que se considera que se financiaron con **RTGX**, ascendeu á cantidade de 2.416.311,41 € **desagregadas do seguinte xeito:**

Obrigas recoñecidas financiadas con RTGX:	2.416.311,41
Obrigas recoñecidas derivadas de IRC financiadas con RTGX:	
IRC 7/2024:	
a) Gasto corrente : 418.393,78 €	
b) Gasto de capital: 1.997.917,63 €	
TOTAL	2.416.311,41

B. Desviacións de financiamento en Gastos con Financiamento Afectado.

As desviacións de financiamento dun exercicio orzamentario, poden definirse como as que se producen cando a execución de gastos que se financian total ou parcialmente con achegas ou ingresos concretos non se produce acompañada á realización dos ingresos afectados aos mencionados gastos.

Estas desviacións poden ser positivas ou negativas segundo que os ingresos realizados (dereitos recoñecidos) superen aos que deberían terse executado en función do gasto realmente executado, ou viceversa.

Matemáticamente, as desviacións de financiamento calcúlanse segundo a seguinte fórmula:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

$$DF = DR - \text{Coefic Fin} \times OR$$

Onde

DF: Desviación de Financiamento

DR: Dereitos recoñecidos netos vinculados aos gastos (segundo cada Código de proxecto)

Coefic Fin: Coeficiente de financiamento

Importe dos ingresos afectados (Recoñecidos e previstos.)

Importe dos gastos que financian (Recoñecidos e previstos)

OR: Obrigas recoñecidas netas

Dende o punto de vista dos axustes ao Resultado Orzamentario ou Remanente de Tesourería, distínguense as seguintes clases de desviacións de financiamento:

a. Desviacións acumuladas: Refírense á totalidade do executado para un gasto con financiamento afectado, dende o seu inicio ata o final dun determinado exercicio orzamentario. As desviacións acumuladas positivas conforman os Excesos de Financiamento Afectado, que se configura como un compoñente do Remanente de Tesourería Total.

b. Desviacións imputables ao exercicio: Son as que se producen na execución do orzamento que se liquida, e se obteñen como resultado da comparación entre os dereitos recoñecidos durante o exercicio, por axente e concepto orzamentario, e a contía resultante de multiplicar os respectivos coeficientes polas obrigas recoñecidas durante o exercicio orzamentario.

Tales desviacións, axustan o Resultado Orzamentario: as positivas, minorándoo, e as negativas, incrementándoo.

2) Remanentes de crédito:

Créditos definitivos.....	138.477.215,33
Obrigas recoñecidas.....	108.619.805,33
Diferencia.....	29.857.410,00
Remanentes de crédito comprometidos.....	11.158.207,79
Remanentes de crédito non comprometidos.....	18.699.202,21
a) Autorizados:	2.581.830,00
b) Rc pendientes e non dispoñibles:	9.884.619,73
c) Saldos de créditos:	6.232.752,48

3)-Remanente de Tesourería

COMPOÑENTES	IMPORTES € ANO 2024	
1. (+) Fondos líquidos		18.479.562,70
2. (+) Dereitos pendentes de cobro		37.993.710,36
- (+) do Orzamento corrente	14.173.099,95	
- (+) de Orzamentos pechados	18.114.147,69	
- (+) de operacións non orzamentarias	5.706.462,72	
3. (-) Obrigas pendentes de pago		13.680.217,10
- (+) do Orzamento corrente	5.550.439,91	
- (+) de Orzamentos Pechados	50.536,98	
- (+) de operacións non orzamentarias	8.079.240,21	
4. Partidas pendentes de aplicación		187.428,51
(-) cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	1.927.758,11	
(+) pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	2.115.186,62	
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)		42.980.484,47
II. Saldos de dubidoso cobro		17.660.241,76
III. Exceso de financiamento afectado (**)		5.663.899,36
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)		19.656.343,35
V. Saldo de obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento a final de período (Axuste OVEELL)*		(5.591.665,45)
VI. Saldo de acredores por devolución de ingresos a final de período (Axuste OVEELL)*		(177.745,98)
VII. Remanente de tesourería para gastos xerais teórico axustado (I-II-III)- V-VI		13.886.931,92

***Datos informados pola tesourería a 31.12.2024**

Análise de compoñentes do Remanente de Tesourería:

- Saldo de dereitos recoñecidos de difícil ou imposible recadación

Do Remanente de tesourería para financiar gastos xerais, deduciranse os créditos de difícil ou imposible recadación, segundo indica o art. 103 do R.D. 500/90, do 20 de abril. Para tal efecto consta no expediente **informe emitido pola Tesourería Municipal o 02.04.2025, relativo ás porcentaxes de recadación de dereitos en función da evolución amosada no último exercicio:**

EXERCICIO	IMPORTE PENDENTE	% DUBIDOSO COBRO	IMPORTE DUBIDOSO COBRO
1992	7.624,23	100%	7.624,23
1993	139.131,23	100%	139.131,23
1994	66.868,53	100%	66.868,53
1995	2.218,52	100%	2.218,52
1996	434,07	100%	434,07
1997	25.886,67	100%	25.886,67
1998	324.246,49	100%	324.246,49
1999	348.402,18	100%	348.402,18
2000	16.468,19	100%	16.468,19
2001	29.469,84	100%	29.469,84
2002	52.746,32	100%	52.746,32
2003	137.817,69	100%	137.817,69
2004	301.617,18	100%	301.617,18
2005	38.513,69	100%	38.513,69

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

2006	217.833,83	100%	217.833,83
2007	129.769,14	100%	129.769,14
2008	55.059,03	100%	55.059,03
2009	60.196,51	100%	60.196,51
2010	165.094,40	100%	165.094,40
2011	208.280,29	100%	208.280,29
2012	448.148,89	100%	448.148,89
2013	668.988,60	100%	668.988,60
2014	1.371.207,07	100%	1.371.207,07
2015	1.380.908,01	100%	1.380.908,01
2016	1.317.950,91	100%	1.317.950,91
2017	866.207,16	100%	866.207,16
2018	1.196.199,75	100%	1.196.199,75
2019	1.139.396,96	92%	1.048.245,20
2020	1.327.764,75	92%	1.221.543,57
2021	1.575.573,48	92%	1.449.527,60
2022	2.568.618,36	92%	2.363.128,89
2023	1.925.505,72	50%	962.752,86
2024	10.377.552,13	10%	1.037.755,21
	28.491.699,82		17.660.241,76

No citado informe asinado pola tesoureira ponse de manifesto, ademais, o seguinte:

“... Dunha análise somera dos listados contables de dereitos recoñecidos pendentes de cobro conclúese que existen dereitos recoñecidos nos capítulos 4 e 7 nos exercicios máis recentes que poderían non considerarse de difícil ou imposible recadación, senón que o seu ingreso se atopa dentro da normalidade dos prazos en que as transferencias e subvencións se veñen cobrando; igualmente, podería haber ingresos pendentes de aplicación que se corresponden con dereitos recoñecidos pendentes de cobro, pero que non estea aínda identificado o proxecto ao que corresponden, e que por tanto figuran como pendentes de cobro cando non o están.

Da revisión efectuada no exercicio corrente, detéctanse dereitos pendentes de cobro que non deben considerarse de difícil ou imposible recadación polas circunstancias que a continuación se indican. En concreto, axústanse e redúcense do importe de dereitos recoñecidos pendentes de 2024 os correspondentes a:

- Conceptos de ingresos da participación nos tributos do Estado, que figuran recadados ao 100% nos primeiros días de xaneiro.
- Xuros de contas, bancos e caixas (concepto de ingreso 52000), ingresados o día 2 de xaneiro de 2025.
- Importes pendentes polos anticipos de haberes ao persoal (concepto 83101).
- Importe do Imposto sobre Actividades Económicas correspondente a liquidacións por inspección tributaria do mes de decembro que figuran recadados ao 100% a día 28-02-2025, así como do padrón anual por este mesmo imposto que se pon ao cobro no último trimestre e a cuxos recibos

domiciliados non se lles aplica o cobro ata o 05 de febreiro de 2025, polo que só se ten en conta o importe pendente a día 28-02-2025 (76.526,90 €).

- *Importe pendente de disposición do préstamo (concepto 91300) relativo a gastos xa aprobados (1.512.818,81 €).*

Polo tanto, o importe total pendente de dereitos recoñecidos de 2024, 14.173.099,95 €, redúcese en 3.795.547,82 € tras a revisión da listaxe extraída da contabilidade municipal, o cal xa figura axustado na táboa de cálculo do importe de dereitos de imposible ou difícil recadación do punto terceiro deste informe.

Non obstante, non é posible levar a cabo unha análise mais ampla, detallada e pormenorizada dado o vencemento do prazo legal de aprobación da liquidación do exercicio 2024, xa vencido, e a falta de medios materiais e persoais para proceder á súa depuración nun prazo suficientemente breve sen atrasar aínda máis a aprobación da liquidación ou sen desatender o funcionamento normal do servizo de Tesourería e Contabilidade.”

- Exceso de Financiamento Afectado

Incorpórase un estado resumo das Desviacións de Financiamento cuxo desenvolvemento se acompaña a este informe nos Anexos que se xuntan, indicando para cada Estado de Gastos (respecto das proxeccións dos gastos con financiamento afectado que o integran) as desviacións acumuladas positivas (Excesos de Financiamento Afectado), e as desviacións imputables ao exercicio (positivas –que restan ao resultado orzamentario- e negativas-que suman-)

	EFA	DESV. +	DESV. -
Corriente 15	25.165,42	0,00	0,00
Corriente 16	0,00	7.076.571,63	
Corriente 18	20.961,97	0,00	0,00
Corriente 19	17.501,24	0,00	1.462,45
Corriente 21	2.749,45	416,16	0,00
Corriente 22	0,00	240.367,94	
Corriente 23	0,00	1.116.002,12	520.231,62
Corriente 24	176.756,87	176.756,87	899.208,36
VD/08	15.724,99	0,00	0,00
Pxtos 13K	5.568,68	0,00	0,00
Pxtos 14k	10.062,53	0,00	0,00
Pxtos 15k	0,00	0,00	0,00
Pxtos 16k	6.039,70		0,00
Pxtos 17k	16.986,24	0,00	0,00
Pxtos 18 K	19.553,85		
Pxtos 19 K	177.729,62	0,00	37.445,69
Pxtos 20 K		0,00	86.325,01
Pxtos 21 K	466.264,37	2.315.206,30	468.270,00
Pxtos 22 K	310.230,63	303.319,94	
Pxtos 23 K	310.666,58	146.626,90	26.164,27
Pxtos 24 K	181.460,41	181.460,41	10.957,41
MRR22XX	1.150.705,06		2.395.913,42
MRR23XX	2.749.771,75	1.862.598,41	110.137,91
MRR24XX			150.977,54

TOTAIS	5.663.899,36	13.419.326,68	4.707.093,68
--------	--------------	---------------	--------------

4- Aforro neto xerado durante o exercicio 2024

O **artigo 53 do Texto Refundido da Lei de Facendas locais** define o aforro **neto** das entidades locais como, “a diferenza entre os dereitos liquidados polos capítulos un a cinco, ambos inclusive, do estado de ingresos, e das obrigas recoñecidas polos capítulos un, dous e catro do estado de gastos minorada no importe dunha anualidade teórica de amortización da operación proxectada e de cada un dos préstamos e empréstimos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso.

O importe da anualidade teórica de amortización de cada un dos préstamos (...) Determinarase en todo caso, en termos constantes, incluíndo os xuros e a cota anual de amortización, calquera que sexa a modalidade e condicións de cada operación. (...)

No aforro neto non se incluírán as obrigas recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos que fosen financiadas con remanente líquido de tesourería”.

Ademais do anterior débese ter en conta que a Disposición Adicional décimo cuarta do Real Decreto Lei 20/2011 do 30 de marzo, de Medidas Urxentes en Materia Orzamentaria, Tributaria e Financeira para a Corrección do Déficit Público, foi dotada de vixencia indefinida pola disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013, co seguinte texto:

“(...) Para a determinación dos ingresos correntes a computar no cálculo do aforro neto e do nivel de endebedamento, **deducirase o importe dos ingresos afectados a operacións de capital e calquera outros ingresos extraordinarios aplicados aos capítulos 1 a 5 que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente, non teñen a consideración de ingresos ordinarios.**

A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse todas as operacións vixentes ao 31 de decembro do ano anterior, incluído o risco deducido de avais, incrementado, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada. Nese importe non se incluírán os saldos que deban reintegrar as Entidades Locais derivados das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado.(...)”.

O aforro xerado no exercicio 2024, calculado sobre a diferenza dos dereitos liquidados por operacións correntes e que ascenden a **108.618.996,49** euros, e as

obrigas recoñecidas e liquidadas tamén por operacións correntes, que ascenden a **95.795.711,65 euros** (excluído o capítulo III), do que resulta un aforro bruto, sen axustes de **12.823.284,84 euros**.

No seguinte cadro analízase pois o aforro neto, unha vez introducidos os axustes a realizar segundo a normativa detallada nos parágrafos anteriores.

ESTADO DO AFORRO NETO

Cap.	Ingresos Corrientes	DERECHOS RECONOCIDOS	Cap.	Gastos Corrientes (1, 2, 4 y 5)	OBLIGACIONES RECONOCIDAS
1	Impuestos directos	40.852.557,76	1	Gastos de personal	31.831.023,42
2	Impuestos indirectos	5.647.547,65	2	Gastos corrientes en bienes y servicios	58.259.613,14
3	Tasas, precios públicos y otros ingresos	23.966.307,61			
4	Transferencias corrientes	37.560.823,81	4	Transferencias corrientes	5.705.075,09
5	Ingresos patrimoniales	591.759,66	5	Fondo de contingencia	0,00
	Total ingresos corrientes	108.618.996,49		Total gastos capítulos 1, 2, 4 y 5	95.795.711,65
Menos	Ingresos corrientes extraordinarios	3.374.007,35	Menos	Gastos financiados con RLT	418.393,78
A	INGRESOS CORRIENTES AJUSTADOS	105.244.989,14	B	GASTOS CORRIENTES AJUSTADOS	95.377.317,87
AB	AHORRO BRUTO = A - B				9.867.671,27
ATA	ANUALIDAD TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN				2.202.974,14
AN	AHORRO NETO = AB - ATA				7.664.697,13
AN	AHORRO NETO = AB - ATA en %				7,28 %

O aforro neto positivo implica que a Corporación foi capaz de xerar durante o ano recursos ordinarios suficientes para atender os gastos correntes e a amortización anual provinte das súas operacións de crédito, e ademais tería a capacidade de destinar a inversións ou novos servizos o importe excedente.

CONCLUSIONES:

Nos últimos exercicios víñase advertindo, nos informes desta Intervención xeral relativos a expedientes de aprobación da liquidación dos orzamentos, sobre a evolución negativa que estaban a ter as principais magnitudes que resultaban destas, con especial incidencia no aforro neto e o remanente de tesourería para gastos xerais. Lembremos que, respectivamente, se situaron na liquidación de 2023

en 1.066.095,34 € e 5.353.494,92 €, pasando dunha situación en 2021 de 17.415.172,62 € e 35.691.994,14 €.

Sinalábase que se viña advertindo unha tendencia ascendente en materia de gasto corrente, que non se compensaba cunha evolución similar en materia de ingresos, e se paliaba co aforro xerado con anterioridade, de aí a evolución desfavorable dos indicadores citados.

Recomendábase, polo tanto, a adopción de medidas de incremento de ingresos, con especial incidencia naqueles que se xeran para o financiamento de servizos deficitarios, e contención de gasto, especialmente do non obrigatorio ou discrecional, que permitise alcanzar unha situación estrutural máis estable, de xeito que fose posible afrontar os gastos fixos e dar cumprimento ás regras fiscais unha vez restablecidas.

Do resultado da liquidación do Orzamento Xeral de 2024 e, máis concretamente, das magnitudes citadas, pode concluírse que a situación é sensiblemente mellor, e a tendencia cando menos revertiuse, con respecto a anos previos.

O aforro neto sitúase en números máis elevados que no exercicio 2022, considerando incluso dentro do cálculo as anualidades teóricas de amortización tanto do préstamo concertado como do previsto para 2025, e o remanente de tesourería sen axustar escala ata cifras cifras semellantes tamén a 2022.

A isto hai que unir as conclusións do INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL SOBRE A AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DO LÍMITE DE DÉBEDA E DA REGRA DE GASTO, CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2024, informe nº 2025/515, de 10.04.2025, do que resulta o cumprimento da estabilidade e a regra de gasto, e por tanto a innecesariedade de aprobar un PEF ou adoptar outras medidas na mesma liña.

Agora ben, como xa se indicou no corpo do informe, sería erróneo extraer conclusións simplistas tendo en conta unicamente estas cifras sen máis, sen realizar cando menos unha análise un pouco máis profunda da orixe, cando menos en parte, das mesmas.

*A estes efectos cómpre remarcar o importe das desviacións de financiamento positivas do exercicio, un total de **13.419.326,68 €**, cifra moi alonxada da do ano precedente (3.659.062,61 €). Como se explicou, estas desviacións obtéñense como resultado de deducirlle aos dereitos recoñecidos durante o exercicio, por axente e concepto orzamentario, a contía resultante de multiplicar os respectivos coeficientes polas obrigas recoñecidas tamén durante o exercicio. Así, isto quere dicir que se ingresaron contías moi importantes en 2024 correspondentes a proxectos financiados con recursos alleos, cuxas obrigas se imputaron a orzamentos anteriores. Por exemplo, máis de 7 millóns de euros do programa DUSI.*

Esta situación, ademais de ter unha incidencia directa no resultado orzamentario (axustándoo en negativo), tamén se deixa traslucir no remanente de tesourería,

*pois a liquidez derivada parcialmente destes ingresos forma parte do cálculo do mesmo (Fondos líquidos 2024: **18.479.562,70 €**, Fondos líquidos 2023: 6.931.792,20 €).*

Por tanto, non toda a mellora provén neste caso das medidas que se puideron adoptar ata o momento (aínda que efectivamente empeza a notarse unha contención nas obrigas recoñecidas e unha evolución positiva dos dereitos recoñecidos, cando menos comparado con 2023), e debe terse en conta que esta tipoloxía de ingresos non ten natureza recorrente de xeito que permitan financiar gasto estrutural. Doutra banda, evidentemente compensan o esforzo realizado nos exercicios previos, cando foron os recursos propios os que anticiparon a execución destes proxectos e se obtivo consecuentemente un resultado peor.

Tamén é convinte incidir no volume das obrigas pendentes de imputar ao orzamento, que se cifran segundo os datos comunicados pola tesourería en 5.591.665,45 €. Estas, ademais de indicar que se seguen a realizar gastos sen contar coa correspondente consignación orzamentaria, matizando a contención que se propugna (pois non todas proveñen de desfases na tramitación das facturas ao remate do exercicio), tamén inciden no aforro neto, pola parte que corresponde aos capítulos 1, 2 e 4, reducíndoo, posto que de terse imputado aumentarían as obrigas recoñecidas para o Concello sen que os ingresos recoñecidos se modificasen. Isto quere dicir que, realmente, a capacidade do Concello para xerar aforro sería máis reducida do que recolle o ratio calculado.

Por todo o exposto, a conclusión pode ser que se está nunha liña de actuación axeitada, que pode empezar a amosar resultados, pero que non se debe perder a perspectiva nin esquecer as consecuencias de saírse dela, polo que deben seguir a aplicarse medidas de racionalización do gasto discrecional non obrigatorio e de revisión das correspondentes ordenanzas fiscais referidas a taxas e prezos públicos, que se corresponden con servizos e actividades prestados polo concello, de forma que se trate de dar cumprimento as obrigas legais de cobertura do custe dos mesmos (art. 25 e 44.1 do TRLRFL, art. 7 e 25.1 da Lei 8/1989, de 13 de abril).

Non debe esquecerse que os exercicios vindeiros deben traer un incremento dos gastos que resultan obrigatorios para esta Administración, coa paulatina e imprescindible entrada en vigor de novos contratos que deben dar soporte legal á prestación dos respectivos servizos ou subministracións que se atopan sen cobertura xurídica, e á amortización e xuros das operacións de crédito que neste momento son imprescindibles para financiar o investimento.

Lembrar tamén que, unha vez reactivadas as regras fiscais, débese estar ao cumprimento das limitacións impostas pola Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Substentabilidade Financeira nos vindeiros exercicios, no que atinxe a presentar tanto capacidade de financiamento como respectar a regra de gasto, baixo a pena de ter que aprobar os correspondentes PEF que levarán aparelladas medidas en gastos e ingresos que poden ser máis esixentes

que as que se debe autoimpor o concello en aras a manter a evolución positiva actual.

Finalmente facer mención ao disposto no artigo 32 da citada norma, relativo ao suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, como acontece, e ao destino do mesmo, que no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, con carácter xeral deberá destinarse a reducir o endebedamento neto.

Exposto o anterior, por esta intervención infórmase de conformidade a aprobación do expediente de Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2024, por ter sido confeccionada na forma prevista legalmente e conter todos os estados esixidos pola normativa de aplicación, lembrando en todo caso as advertencias e observacións recollidas ao longo do presente informe.

É canto procede informar sobre este asunto dende esta intervención, que se somete a calquera outro parecer mellor fundado en dereito e, en todo caso, ao superior criterio do Órgano municipal competente que resolverá o que estime máis axeitado para o interese público”.

SEGUNDO.- Determinar a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do límite da débeda e da regra de gasto, na liquidación do exercicio 2024, en base ó Informe de Intervención Xeral, complementario do anterior, e que se reproduce a continuación:

“INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL SOBRE A AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DO LÍMITE DE DÉBEDA E DA REGRA DE GASTO, CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DE 2024
--

Emítese o presente informe por mandato do artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLEP). A Lei vixente é a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), que entrou en vigor o 1 de maio do ano 2012. A dita Lei derogou o Real Decreto Lexislativo 2/2007, de 28 de decembro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria e “... *cantas disposicións opóñanse ao previsto nesta Lei Orgánica.*”. Por iso é polo que o RLEP siga vixente naquilo que non se opoña á nova Lei, ata que non se proceda á aprobación dun novo Regulamento.

Da información documental trasladada a esta Intervención dedúcese que a unidade institucional Concello de Lugo está formada polo propio Concello de Lugo e maila sociedade mercantil pública EVISLUSA, de capital íntegramente local, ámbalas dúas unidades clasificadas como Administración Pública aos efectos previstos na LOEPSF.

A través do presente informe evalúase o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria polo Concello de Lugo así como pola Sociedade mercantil EVISLUSA e o estado consolidado segundo os informes de consolidación dos estados financeiros remitidos pola Tesourería Municipal mediante informe e aprobadas por decreto da Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Transición Ecolóxica, Ana González Abelleira, por suplencia do Tenente de Alcalde delegado de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude, Ángel Pablo Permuy Villanueva, número 3313/2025 do 03.04.2025, de aprobación dos estados consolidados correspondentes á liquidación do exercicio 2024 do Orzamento do Excmo. Concello de Lugo e as contas anuais da Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A.

1.- NORMATIVA REGULADORA DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL, DO NIVEL DE DÉBEDA, DO CÁLCULO DA REGRA DE GASTO E DAS OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN

- Art. 135 Constitución Española (CE).
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada polas Leis Orgánicas 4/2012, de 28 de setembro; 6/2013, de 14 de novembro; 9/2013, de 20 de decembro e 6/2015, de 14 de xuño.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás entidades locais.
- Regulamento (UE) 549/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (SEC2010).
- Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións da subministración de información previstas na LOEPSF (OM) e Orde 2082/2014 de 27 de novembro de modificación da anterior.
- O documento que aparece na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polo que se materializan as obrigacións de subministración de información.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, (TRLRHL) que aproba o texto refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, en relación ao principio de estabilidade orzamentaria (artigos 53.7 e 165.1) e ao de prudencia financeira (artigo 48 bis).
- Manual de cálculo de déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, Ministerio de Economía e Facenda.
- Guía para o cálculo do déficit en contabilidade nacional das unidades empresariais que aplican o Plan Xeral de Contabilidade privada ou algunha das súas adaptacións sectoriais (marzo13).
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais. IGAE

- Nota Metodolóxica sobre o Rexistro Estatístico do Fondo de Recuperación e Resiliencia publicada por Eurostat en Setembro de 2021
- Manual do SEC 2010 sobre o Déficit Público e a Débeda Pública, publicado por Eurostat
- Acordos do Consello de ministros do 11 de febreiro de 2020, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2020-2023 (Boletín das Cortes Xerais-Senado de 21.02.2020)
- Acordo do Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020, aprobado polo Congreso dos Diputados o 20 de outubro de 2020, polo que quedan suspendidos os acordos do Consello de Ministros de 11 de febreiro de 2020 antes citados.
- Acordo do Consello de Ministros do 27 de xullo de 2021, aprobado polo Congreso dos Diputados o día 13 de setembro de 2021, polo que se ratifica o mantemento d suspensión das regras fiscais para 2022.
- Acordo do Congreso dos Diputados de 22 de setembro de 2022, polo que se ratifica o mantemento da suspensión das regras fiscais para 2023.
- Acordo do Congreso dos Diputados de 22 de setembro de 2022, polo que se ratifica o mantemento da suspensión das regras fiscais para 2023.
- Acordo do Consello de Ministros do 12 de decembro de 2023, aprobado polo Congreso dos Diputados o 10 de xaneiro de 2024 e rexeitado polo Senado o 7 de febreiro de 2024, polo que se fixaban os obxectivos de estabilidade orzamentaria para o subsector local no trienio 2024-2026.
- Acordo do Consello de Ministros do 13 de febreiro de 2024, aprobado polo Congreso dos Diputados o 29 de febreiro de 2024 e rexeitado polo Senado o 6 de marzo de 2024, polo que se fixaban de novo os obxectivos de estabilidade orzamentaria para o subsector local no trienio 2024-2026.

2.- VERIFICACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA FASE DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024

O principio de estabilidade orzamentaria defínese no artigo 3 LOEPSF nos seguintes termos: *“1. A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea. 2 Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural”.*

O artigo 11.4 da LOEPSF dispón que: *“As Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario”.* Os acordos do Consello de Ministros do 12 de decembro de 2023 e do 13 de febreiro de 2024, nos que se fixaban os obxectivos de estabilidade orzamentaria para o subsector local no trienio 2024-2026 foron aprobados polo Congreso dos Diputados o 10 de xaneiro de 2024 e o 29 de febreiro de 2024, respectivamente, e rexeitados polo Senado o 7 de

febreiro de 2024 e o 6 de marzo de 2024.

Ante esta situación, consultados polo Ministerio de Facenda os Servizos Xurídicos do Estado, en virtude dos principios que rexen a aplicación da normativa e actos da Unión Europea e exercendo a responsabilidade que se atribúe ao Goberno de España, conforme ao previsto no artigo 10 da LOESPF, teñen carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para o subsector local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-2026, do 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello (Recomendacións de 14 de xullo de 2023).

Así, o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Entidades locais para o exercicio 2024 é 0,2% en porcentaxe do PIB. O obxectivo de estabilidade orzamentaria e, en xeral, a situación de déficit ou superávit das Contas Públicas, está expresado en termos de contabilidade nacional, é dicir, aplicando os criterios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas (SEC 2010), que é o que permite a comparación homoxénea entre os distintos países europeos e é o utilizado a efectos da aplicación do Pacto de Estabilidade e Crecemento e do Procedemento de Déficit Excesivo.

Estes criterios do SEC 2010 difiren da metodoloxía orzamentaria en diversos aspectos, que afectan á valoración dos gastos e dos ingresos non financeiros. Por iso, para determinar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria é necesario establecer a equivalencia entre o saldo da liquidación do orzamento por operacións non financeiras e o saldo de contabilidade nacional.

2.1.- Axustes entre o saldo orzamentario non financeiro e o déficit ou superávit de contabilidade nacional:

Para o cálculo do déficit ou superávit ha de partirse do superávit ou déficit orzamentario non financeiro antes de axustes, ao que se engadirán os oportunos axustes.

CAPÍTULOS GASTOS/ INGRESOS	OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS
Capítulo 1	31.831.023,42	40.852.557,76
Capítulo 2	58.259.613,14	5.647.547,65
Capítulo 3	4.288,27	23.966.307,61
Capítulo 4	5.705.075,09	37.560.823,81
Capítulo 5	0,00	591.759,66
Capítulo 6	10.026.503,70	-21,63
Capítulo 7	1.152.604,39	10.170.811,62
Subtotais	106.979.108,01	118.789.786,48
Superávit (capacidade) orzamentario financiamento		11.810.678,47

Tendo en conta os estados de situación ao peche do exercicio 2024, para a análise do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, realízanse os seguintes axustes:

Axuste por recadación ingresos Capítulo 1	-1.130.131,27
Axuste por recadación ingresos Capítulo 2	-380.343,07

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

Axuste por recadación ingresos Capítulo 3	-589.136,20
(+) Axuste por liquidación PTE-2020	0,00
Intereses	
Diferencias de cambio	
(+/-) Axuste por grado de execución do gasto	
Investimentos realizados por conta da Corporación local (2)	
Ingresos por Ventas de Accions (privatizacións)	
Dividendos e participación en beneficios	
Ingresos obtidos do orzamento da Unión Europea(DR)	-6.996.280,48
Operacións de permuta financeira (SWAPS)	
Operacións de reintegro e execución de avais	
Aportacións de capital	
Asunción e cancelación de débedas	
Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar a orzamento	+572.549,98
Adquisición con pagamento aprazado	
Arrendamento financeiro	
Contratos de asociación público privada (APPs)	
Investimentos realizados pola corporación local por conta doutra Administración Pública (3)	
Préstamos	
Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a orzamento	+17.359,33
Consolidación de transferencias con outras Administracións públicas	
Outros (1)	
Total de axustes a orzamento da entidade	-8.505.981,71

Os anteditos axustes responden á necesidade de adecuar o criterio de devengo ao criterio de caixa, pasando a explicar, en síntese o fundamento de cada un dos practicados, segundo dispón o artigo 16.2 la LOEPSF:

“...a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O Interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 do presente regulamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a

tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno”.

1º) Rexistro en contabilidade nacional de impostos, taxas e outros ingresos

Comparación entre o Saldo de Dereitos Recoñecidos Netos do exercicio corrente nos Capítulos 1, 2 e 3 e a Recadación líquida obtida no exercicio e en exercicios pechados por eses mesmos Capítulos, de xeito que

Saldo DRN corrente > Recadación corrente + pechados: Axuste negativo pola diferenza

Saldo DRN corrente < Recadación corrente + pechados: Axuste positivo pola diferenza

Capítulos	Dereitos Recoñecidos Netos 2024	Recadación líquida		Total Recadación	Axuste
		Exercicio corrente 2024	Exercicios pechados		
1	40.852.557,76	36.529.044,12	3.193.382,37	39.722.426,49	-1.130.131,27
2	5.647.547,65	4.787.327,32	479.877,26	5.267.204,58	-380.343,07
3	23.966.307,61	18.786.335,56	4.590.835,85	23.377.171,41	-589.136,20

2º) Gastos derivados do reintegro en concepto de Participación de tributos do Estado polas liquidacións negativas correspondentes ao exercicio 2020:

Non procede en axustes. Dotación adicional para incrementar o financiamento ás Entidades locais con motivo dos saldos negativos da liquidación PTE do ano 2020 (disposición adicional 82ª Lei 31/2022 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023)

3º) Ingresos obtidos procedentes dos orzamentos da Unión Europea

“Así pois, de acordo co parágrafo anterior e, a diferenza do previsto na Decisión 22/2005, no noso país, non se produce a simultaneidade entre a execución do gasto pola Corporación Local e o envío da documentación xustificativa á Comisión. A xestión descentralizada dos fondos europeos implica unha maior dilación entre un e outro momento. A recepción das certificacións de gasto polas Unidades Administradoras é previa ao seu envío á Comisión. Iso motivou fixar o momento de recoñecemento dos fondos en contabilidade nacional co da remisión pola Corporación Local da documentación do gasto realizado ás Unidades Administradoras. A razón baséase na pretensión da Decisión 22/2005 de reducir calquera impacto temporal sobre o déficit debido a desfasamentos entre a execución do gasto e o seu reembolso pola Unión Europea.”

Como se establece no Manual da Intervención xeral da Administración do Estado de determinación do déficit/superávit en termos de Contabilidade Nacional, respecto do axuste relativo ós ingresos procedentes de Fondos da Unión Europea:

“Con independencia do criterio orzamentario de contabilización aplicado pola Corporación Local para o rexistro das transferencias comunitarias, o axuste para realizar para o cálculo

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

do déficit en contabilidade nacional virá determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos polos fondos europeos na liquidación orzamentaria e o importe resultante de aplicar a porcentaxe de cofinanciamento que corresponda ao gasto certificado e remitido á Unidade Administradora. Se o importe dos dereitos recoñecidos supera o valor que se prevé vai ser reembolsado pola Comisión, **practicarase un axuste negativo ao saldo orzamentario**, aumentando o déficit da Corporación Local en cuestión. Pola contra, se os dereitos recoñecidos son inferiores aos gastos cofinanciados e certificados ás Unidades Administradoras, a diferenza determinará un axuste positivo ao saldo orzamentario que reducirá o déficit público do órgano xestor dos fondos.”

O importe de Dereitos Recoñecidos Netos por ingresos procedentes da Unión Europea no ano 2024 (Conceptos 49000, 49100, 49200, 49700, 79000, 79100 e 79700) ascende a 9.489.218,42 euros.

O Gasto Certificado e remitido á Unidade administradora segundo coeficiente de financiamento:

Proxecto de Gasto	Denominación	Coeficiente de financiamento	ORN financiadas
16DUSI001	Proxecto EDUSI	68,54 %	1.276,48
212410201	Europe Direct 21-25	55,83 %	33.783,84
21XX00024	Instal. Solar fotovoltaica e renovación envolvente edif. Mpal.	76,43 %	61.964,01
22MRRXX24100	Zero Corazón Verde	57,07 %	2.395.913,61
		TOTAL	2.492.937,94

De xeito que haberá que entender que os dereitos recoñecidos son superiores aos gastos cofinanciados e certificados, o que determina un axuste negativo ao saldo orzamentario de **-6.996.280,48 €**

4º) Axuste por devolucións de ingreso pendentes de aplicar a orzamento:

De acordo coa vixente Instrución de contabilidade, as operacións de devolución de ingresos aprobadas non se reflicten no Orzamento ata que non se fan efectivas, razón pola que procede axustar os dereitos recoñecidos polo importe dos acredores por devolución de ingresos

Conta 418 (Acredores por devolucións de ingresos)	Saldo a 1 de xaneiro de 2024	Saldo a 31 de decembro de 2024	Axuste
	195.105,31	177.745,98	17.359,33

5º) Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local

Segundo o Manual do SEC: “O principio do pagamento enúnciase con carácter xeral para o rexistro de calquera fluxo económico e, en particular, para as obrigas. A aplicación deste principio implica o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no déficit dunha

unidade pública, con independencia do momento en que ten lugar a súa imputación orzamentaria.”

Saldo Conta 413 a 31.12.2023: 6.164.215,43 euros

Saldo Conta 413 a 31.12.2024 (*): 5.591.665,45 euros

(*) Informe da Tesoureira municipal

“Procede a realización de diversas consideracións respecto da consideración da cuantificación realizada cos criterios aplicados en Contabilidade e sinaladas no seu informe:

a) Aínda que se entenden os razoamentos expostos no informe, cómpre salientar que a formulación da totalidade das facturas presentadas como “operacións devengadas” sen verificación previa da eventual conformidade coas mesmas, podería significar asumir como gasto devengado -e polo tanto formando parte do resultado económico-patrimonial- facturas que podan ser rexeitadas pola falta de conformidade dos servizos ou mesmo facturas que non correspondan ó Concello aínda que se tiveran remitido ó mesmo, polo que deberan adoptarse criterios que, asumidos por todos os servizos tramitadores conseguiran unha maior axilidade na conformidade das facturas recibidas.

b) En segundo lugar, e aínda tendo en conta que na formulación das magnitudes económico-financieras como o Remanente de Tesourería, non forma parte tal cuantificación da conta 413, nos formularios FII8 da rendición de información ao Ministerio figura este apunte”.

Axuste positivo: + 572.549,98 euros

2.2.- Cadro resumo de axustes:

1. Ingresos non financeiros	118.789.786,48
2. Gastos non financeiros	106.979.108,01
3. Superavit (+) ou déficit (-) non financeiro do Orzamento (1-2)	+11.810.678,47
4. Axustes:	-8.505.981,71
5. Capacidade (+) Necesidade (-) de financiamento (3+4)	3.304.696,76

A dita análise de cumprimento do obxectivo de estabilidade verifícase a nivel consolidado, tendo en conta que non resultan axustes significativos por canto o tratamento das achegas dinerarias realizadas polo Concello á empresa mercantil aparecen imputados como transferencias correntes, sen que se tiveran devengado gastos e ingresos de natureza financeira (en termos de estabilidade orzamentaria e dacordo a criterios SEC)

ORZAMENTO CONSOLIDADO DE GASTOS 2024 - LIQUIDACIÓN

	<u>ESTADO DE GASTOS</u>	<u>LIQUIDACION</u> <u>ORZAMENTO</u>	<u>ORZAMENTO</u> <u>EVI SLUSA</u>	<u>TRANSFERENCIAS A</u> <u>ELIMINAR</u>	<u>AXUSTES A</u> <u>REALIZAR</u>	<u>ORZAMENTO</u> <u>XERAL</u>
--	-------------------------	--	--------------------------------------	--	-------------------------------------	----------------------------------

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

		<u>CORPORACIÓN (ORN)</u>				<u>CONSOLIDADO</u>
1	Gastos de Persoal.	31.831.023,42	204.883,83	0,00	0,00	32.035.907,25
2	Gastos en Bens Correntes e Servizos.	58.259.613,14	21.676,41	0,00	0,00	58.281.289,55
3	Gastos Financeiros.	4.288,27	42,46	0,00	0,00	4.330,73
4	Transferencias Correntes.	5.705.075,09	0,00	-231.704,28	5.101,58	5.478.472,39
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	95.799.999,92	226.602,70	-231.704,28	5.101,58	95.799.999,92
6	Investimentos Reais.	10.026.503,70	0,00	0,00	0,00	10.026.503,70
7	Transferencias de Capital.	1.152.604,39	0,00	0,00	0,00	1.152.604,39
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	11.179.108,09	0,00	0,00	0,00	11.179.108,09
	TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	106.979.108,01	226.602,70	-231.704,28	5.101,58	106.979.108,01
8	Activos Financeiros.	1.640.697,32	0,00	0,00	0,00	1.640.697,32
9	Pasivos Financeiros.	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	1.640.697,32	0,00	0,00	0,00	1.640.697,32
	Total	108.619.805,33	226.602,70	-231.704,28	5.101,58	108.619.805,33

ORZAMENTO CONSOLIDADO DE INGRESOS 2024 - LIQUIDACIÓN

	ESTADO DE INGRESOS	<u>LIQUIDACIÓN ORZAMENTO CORPORACIÓN (DRN)</u>	<u>ORZAMENTO EVLUSA</u>	<u>TRANSFERENCIAS A ELIMINAR</u>	<u>AXUSTES A REALIZAR</u>	<u>ORZAMENTO XERAL CONSOLIDADO</u>
1	Impostos Directos.	40.852.557,76	0,00	0,00		40.852.557,76
2	Impostos Indirectos.	5.647.547,65	0,00	0,00		5.647.547,65
3	Taxas e Outros Ingresos.	23.966.307,61	0,00	0,00		23.966.307,61
4	Transferencias Correntes.	37.560.823,81	231.704,28	-231.704,28		37.560.823,81
5	Ingresos Patrimoniais.	591.759,66	0,00	0,00		591.759,66
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	108.618.996,49	231.704,28	-231.704,28		108.618.996,49
6	Alleamento de Investimentos Reais.	-21,63		0,00		-21,63

7	Transferencias de Capital.	10.170.811,62	0,00	0,00		10.170.811,62
	TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	10.170.789,99	0,00	0,00		10.170.789,99
	TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	118.789.786,48	231.704,28	-231.704,28		118.789.786,48
8	Activos Financeiros.	40.697,32	0,00	0,00		40.697,32
9	Pasivos Financeiros.	4.423.823,61	0,00	0,00		4.423.823,61
	TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS	4.464.520,93	0,00	0,00		4.464.520,93
	TOTAL	123.254.307,41	231.704,28	-231.704,28		123.254.307,41

3.- AVALIACION DO CUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO NA LIQUIDACION DO EXERCICIO 2024

O artigo 12 da Lei 2/2012 establece a esixencia de que as Entidades Locais, na execución do seu estado de gastos en base á variación do propio gasto executado respecto do exercicio anterior, non supere a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española, cuxa determinación corresponde ao Ministerio, e modificado, de ser o caso, polos incrementos e diminucións de recadación derivados de cambios normativos que vaian ser permanentes.

A variación do gasto computable das entidades locais, ao igual que para o resto de administracións públicas, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que ascende ao 2,6% para 2024.

Estas taxas, conforme ao disposto no artigo 12.3 da LOEPSF, foron establecidas polo Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no informe de situación da economía española que acompañou á proposta de obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública comunicada á Comisión Nacional de Administración Local (CNAL) o 11 de decembro de 2023.

Como os Acordos do Consello de Ministros do 12 de decembro de 2023 e do 13 de febreiro de 2024, nos que se fixaban os obxectivos de estabilidade orzamentaria para o subsector local no trienio 2024-2026, foron rexeitados polo Senado, o Ministerio de Facenda realizou consulta aos Servizos Xurídicos do Estado. Segundo o informe dos Servizos Xurídicos do Estado a regra de gasto aplícase de xeito automático, sen necesidade de que forme parte do acordo de establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas.

Resulta de aplicación o disposto no artigo 12.2, 3 e 4 da LOEPSF para a determinación da regra de gasto en 2024, necesaria para a elaboración dos orzamentos das entidades locais e que deberá respectarse na liquidación ao peche do exercicio.

Tendo en conta os estados de situación ao peche do exercicio 2024, para a análise do cumprimento do obxectivo de Regra de Gasto, dedúcense os seguintes datos cos seus correspondentes axustes. No presente informe, respecto dos datos da

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

liquidación 2023, tómanse os datos que figuran no informe de liquidación do orzamento 2023 que se remitiron ao Ministerio de Facenda a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financieira coas Entidades Locais.

Lémbrese que entre os axustes aplicados no estado de Gastos, considérase en aplicación ao criterio de aplicación en contabilidade nacional, á imputación de gastos, xeralmente, de acordo co "principio de devengo", mentras que no orzamento rixe o principio de caixa e o gasto se contabiliza no exercicio no que se recoñece e liquida a obriga. En consecuencia, esta Intervención entende que pode entenderse como procedente o axuste polos gastos devengados en exercicios anteriores e cuxo recoñecemento e liquidación se produce no exercicio, mediante a tramitación dos correspondentes expedientes administrativos de recoñecementos extraxudiciais de crédito, cuxa consideración como gasto en contabilidade nacional se cuestiona. Non obstante, ao non terse acreditado e validado este criterio, o cálculo da evolución e cuantificación do gasto computable se realiza con independencia da aplicación deste:

Concepto	Liquidación 2023	Liquidación 2024
Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos	114.073.438,26	106.974.819,74
AXUSTES Cálculo empregos non financeiros segundo SEC	-5.318.198,81	-572.549,98
(-) Alleamento de terreos e demais investimentos reais		
(+/-) Invetimentos realizadas por conta da Corporación local		
(+/-)Execución de avais		
(+) Aportacións de capital		
(+/-) Asunción e cancelación de débedas		
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	- 5.318.198,81	-572.549,98
(+/-) Pagos a socios privados realizados no marco das asociacións público privadas		
(+/-) Adquisicións con pago aprazado		
(+/-) Arrendamento financeiro		
(+) Préstamos		
(-) Mecanismo extraordinario de pago provedores 2012		
(-) Invetimentos realizados pola Corporación local por conta doutra Administración pública		
(+/-) Axuste por grado de execución do gasto		
(+/-) Outros (Especificar)		
Empregos non financeiros termos SEC excepto intereses da débeda	108.755.239,45	106.402.269,76
(-) Pagos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a Corporación local		
(+/-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións públicas	-11.047.715,86	-8.366.116,65
Unión Europea	-4.789.370,38	-2.492.937,94
Estado	- 358.085,37	-711.462,92
Comunidade Autónoma	- 4.812.343,88	-4.231.366,90
Deputacións	- 1.087.916,23	-930.349,08
Outras Administracións públicas		
(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento		
Total de Gasto computable do exercicio	97.707.523,59	98.036.152,92
(-) Inversiones Financieramente sostenibles(IFS)		
Total de Gasto computable del ejercicio, ajustado IFS	97.707.523,59	98.036.152,92

Gasto computable Liq. 2023 ajustado IFS 2023 incrementado por la Tasa de referencia del crecimiento del PIB para 2024 (2,6 %) (a)	100.247.919,20
(-/+) Incrementos/disminuciones de recaudación por cambios normativos considerados en el Liquidacion 2024 (art.12.4) (b)	
(+)Detalle de incrementos:	
(-) Detalle de disminuciones:	
Limite de la Regla de gasto (a +/-b)	100.247.919,20
CUMPLIMIENTO/INCUMPLIMIENTO REGLA DE GASTO (La Liquidacion de 2024 cumplirá la regla de gasto: ((GC2023 ajustado por IFS 2023 * 2,6 %) +/- Inc/Dis Norm 2024) ≥ (GC 2024 -IFS 2024)	CUMPRE
Diferencia entre el Limite de la Regla de Gasto y el Gasto computable Liquidacion 2024 ajustado por IFS 2024	2.211.766,28
% incremento gasto computable 2024 s/ 2023	0,34 %

Con respecto aos estados consolidados do Concello e a sociedade mercantil EVISLUSA cómpre poñer de manifesto que o informe da responsable da Contabilidade Municipal de proposta de estados consolidados da Corporación (aprobados por decreto 3313/2025 do 03.04.2025), elaborado segundo os estados contables municipais e as contas remitidas pola empresa están pendentes de formular no Consello de Administración da sociedade mercantil (condicionado, polo tanto, ao informe de auditoría e aprobación das contas pola Xunta Xeral de Accionistas).

4.- AVALIACION DO CUMPRIMENTO DO NIVEL DE DEBEDA VIVA NA LIQUIDACION DO EXERCICIO 2024

A) NIVEL DÉBEDA EXISTENTE A 31-12-2024	
Débeda a curto prazo (operacións de tesourería)	
Débeda a longo prazo:	4.122.863,90
Emisións de débeda	
Operacións con entidades de crédito	2.767.124,90
Factoring sen recursos	1.355.739,00
Débeda con Administracións públicas (exclusivamente FFEL)	
Arrendamento financeiro	
Asociacións público-privadas	
Pagos aprazados por operacións con terceiros	
Outras operacións de crédito	
Total Débeda viva PDE	4.122.863,90
Endebedamento a efectos da aplicación do réxime de autorización recollido no artigo 53 TRLRFL e DF 31ª LPXE 2013	
Total Débeda viva PDE	4.122.863,90
Risco deducido dos avais	
Débeda formalizada dispoñible e non disposta	10.732.875,10
Débeda con administracións Públicas	0,00
Coa Administración Xeral do Estado	0,00
Préstamos concedidos á entidade local (inclúense anticipos reintegrables)	
Outros	
Coa Comunidade Autónoma (inclúense anticipos reintegrables)	

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

Coa Diputación Provincial(inclúense anticipos reintegrables)	
Coa Seguridade Social (acordos de aprazamento e/ou fraccionamento)	
Coa AEAT (acordos de aprazamento e/ou fraccionamento)	
Con outras Administracións Públicas	
Outras débedas	
Total débeda viva a efectos do réxime de autorización	14.855.739,00
B) INGRESOS CORRENTES LIQUIDADOS 2024	
a) Dereitos netos liquidados último exercicio por operacións corrente (Cap. I a V)	108.618.996,49
b) Dereitos liquidados dos capítulos I a V afectados a operacións de capital e calesqueira outros ingresos extraordinarios aplicados aos ditos capítulos que, pola súa afectación legal e/ou carácter non recorrente non teñen a consideración de ingresos ordinarios.	
TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (a-b)	108.618.996,49
C) PORCENTAXE DÉBEDA/INGRESOS CORRENTES	13,68 %

O nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e por debaixo do límite que estableceu a Disposición Final 31 da LPXE 2013 do 75%, aplicable como límite para a autorización na concertación de novas operacións de préstamo durante este exercicio.

5 - CONCLUSIONES

Por tanto, da liquidación do Orzamento Xeral do Concello de Lugo para o exercicio 2024, de acordo cos datos expostos e a análise efectuada, dedúcense en principio os seguintes resultados:

1. Respecto da estabilidade orzamentaria, a liquidación do orzamento 2024 presenta unha capacidade de financiamento de 3.304.696,76 euros.
2. A regra de gasto en 2024 presenta unha variación de gasto computable do 0,34% con relación ao ano 2023, e polo tanto cúmprese a regra de gasto fixada no 2,6%.
3. O Total débeda viva a efectos do réxime de autorización a 31 de decembro de 2024 é de 14.855.739,00 euros, que representa un 13,68 sobre os dereitos correntes liquidados.

O que se pon de manifesto para dar cumprimento ao disposto no apartado 2 do artigo 16 do Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, así como ao establecido pola Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.”

TERCEIRO.- Dar conta ao Excmo. Concello Pleno da liquidación do Presuposto do Excmo. Concello de Lugo do exercicio 2024, e remitir copia, de ser o caso, á Administración do Estado e Comunidade Autónoma.”

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

16/69 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DEFINITIVO DE CONTROL FINANCEIRO DE VERIFICACIÓN DO EQUILIBRIO ECONÓMICO FINANCEIRO DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXPLOTACIÓN DOS APARCADOIROS SUBTERRÁNEOS SITOS NA PRAZA DE SANTO DOMINGO, PRAZA DA CONSTITUCIÓN E PRAZA DO FERROL NO EXERCICIO 2023.- Vista a proposta da Alcaldía, do 22 de abril de 2025, do teor literal seguinte:

“O artigo 36 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local establece que “1. Os informes definitivos de control financeiro serán remitidos polo órgano interventor ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través deste último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria”.

En cumprimento da mencionada normativa, o 21 de abril de 2025, a Intervención Xeral Municipal emitíu o informe definitivo de control da verificación do equilibrio económico financeiro da concesión administrativa para a explotación dos aparcadoiros subterráneos sitos na praza de Santo Domingo, praza da Constitución e praza do Ferrol no exercicio 2023 (Ref: 2025/569).

É polo que **SE PROPÓN**:

Dar conta ao Excmo. Concello Pleno do Informe definitivo de control financeiro da verificación do equilibrio económico financeiro da concesión administrativa para a explotación dos aparcadoiros subterráneos sitos na praza de Santo Domingo, praza da Constitución e praza do Ferrol no exercicio 2023 (Ref: 2025/569 de data 21/04/2025).

De conformidade con todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

17/70 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA NO MES DE - MARZO DE 2025.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno DÁSELLE CONTA das resolucións ditadas pola Tesoureira

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante o mes de MARZO de 2025, coa numeración 25/2025 a 34/2025.

Do 01 ao 31 de MARZO de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000025	Recurso reposición MARIA OLALLA LOPEZ LOPEZ contra a providencia de apremio Multa 2021A00000208	2025/25	10/03/2025
2025/T030/000026	INADMISIÓN Recurso reposición dilixencia de embargo MARÍA BELÉN RODRÍGUEZ ARIAS	2025/26	14/03/2025
2025/T030/000027	Recurso reposición providencia de constrinximento JOSE GUERRERO PÉRES contra a liquidación 11260148 do IBI exercicio 2021-2022	2025/27	18/03/2025
2025/T030/000028	Recurso reposición providencia de constrinximento NEDGIA GALICIA SA liquidación 11793914 en concepto de Taxa polo aproveitamento especial dominio público local das instalacións de tte de enerxía ano 2023	2025/28	20/03/2025
2025/T030/000029	Recurso reposición providencia constrinximento ELIAS PAEZ ALBA contra os IBI 11999916,11999917,11999918,11999919	2025/30	25/03/2025
2025/T030/000030	Recurso reposición BAYGAN SPORTS SL providencia constrinximento multa 2023B0000406	2025/29	25/03/2025
2025/T030/000031	Deixar sen efecto a providencia de constrinximento CRISTINA ARES CASTRO-CONDE IVTM nº 12136097 exercicio 2024	2025/31	26/03/2025
2025/T030/000032	Rectificación da Resolución Tesourería 2025/24 de data 28/02/2024	2025/32	31/03/2025
2025/T030/000033	Recurso reposición providencia de constrinximento JAVIER FERNANDEZ FERNANDEZ Multa 2023P0002789	2025/34	31/03/2025
2025/T030/000034	Recurso reposición providencia constrinximento PRODUCCIONES 60 RAFAGAS SL Multa 2023B0000311	2025/33	31/03/2025

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

ACTAS E GOBERNO

18/71 **DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 14 DE MARZO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2025/G004/000200).**- En conformidade co informe da secretaria xeral do Pleno, por suplencia do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran no Servizo de Actas e

Goberno, dende o día 14 de marzo de 2025, coa numeración 2481/2025 a 3756/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

19/72 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 2730/2025, DO 19 DE MARZO, DE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DENDE O 20 DE MARZO DE 2025-CORPORACIÓN 2023-2027 (Exp. 2025/G004/000185).- Examinado o expediente tramitado para estes efectos, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do Decreto número 2730/2025, do 19 de marzo de 2025, do Libro Único de Resolucións, de organización municipal dende o 20 de marzo de 2025-Corporación 2023-2027, do seguinte teor:

“Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, don Miguel Fernández Méndez.

Logo do transcurso dun tempo prudencial para a adopción de decisións, por parte desta Alcaldía, de cara á elaboración dun novo decreto de organización, e, en cumprimento do establecido no artigo 124 do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e no Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), esta Alcaldía **RESOLVE** adoptar o seguinte acordo de organización municipal:

PRIMEIRO.- Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez, como membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Ángel Pablo Permuy Villanueva
- Sr. D. Mauricio Victorio Repetto Morbán
- Sra. D.^a Ana María González Abelleira
- Sr. D. Rubén Arroxó Fernández
- Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.^a María Cristina López Fernández
- Sra. D.^a Olga López Racamonde

SEGUNDO.- Designar concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local a don Rubén Arroxó Fernández e primeiro e segunda suplentes deste a don Mauricio Victorio Repetto Morbán e dona Ana María González Abelleira.

As súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu concelleiro secretario e o interventor xeral municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **mércores ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria. A devandita sesión será presencial, sen prexuízo de que se poida celebrar de xeito telemático en casos excepcionais. Deberáselles preavisar, para tal efecto, con carácter previo, aos membros deste órgano colexiado.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

CUARTO.- Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de alcalde as seguintes concelleiras e concelleiros. Quedará establecida a seguinte orde para as **tenentas e tenentes de alcalde**:

- primeiro tenente de alcalde: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- segundo tenente de alcalde: Ilmo. Sr. D. Mauricio Victorio Repetto Morbán
- terceira tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- cuarta tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a Ana María González Abelleira
- quinto tenente de alcalde: Ilmo. Sr. D. Ángel Pablo Permuy Villanueva
- sexta tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a María Cristina López Fernández
- sétima tenenta de alcalde: Ilma. Sra. D.^a Olga López Racamonde.

As tenentas e os tenentes de alcalde substituirán o alcalde pola orde do seu nomeamento nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

QUINTO.- A denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL** será a seguinte:

ÁREA DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos proxectos estratéxicos de transformación da cidade, así como a “Axenda 2030 para un desenvolvemento sostible”, sen prexuízo de que o seu seguimento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outra área e que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estratexias de xestión dos fondos europeos, goberno municipal e organización dos servizos administrativos e relacións de representación institucional con todo tipo de organismos ou entidades públicas e privadas, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes **órganos directivos**:

- Secretaría Xeral do Pleno
- Órgano de apoio á Xunta de Goberno Local
- Asesoría Xurídica
- Intervención Xeral

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Actas, Sección de Administración Municipal, Gabinete de Normalización Lingüística, Asesoría Xurídica, Servizo de Intervención, Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa, Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador, Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Protección civil e Servizo de Informática e os edificios dedicados ás novas tecnoloxías.

Así mesmo, adscribíse a esta área a dona Marta Carballal Neira, adxunta ao xefe de servizo de Enxeñería para a colaboración naqueles proxectos estratéxicos que designe a Alcaldía e dependendo directamente desta, sen prexuízo dos requirimentos expresos que a Alcaldía poida formular ao persoal municipal respecto da elaboración concreta daquela documentación relativa ás súas respectivas áreas de traballo.

A esta Área de Alcaldía e Transición Ecolóxica, corresponderalle a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medio ambiente e cambio climático,
- xestión enerxética eficiente,
- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria,
- parques e xardíns e zonas verdes,
- Plan especial de protección do río Miño (PEPRIM),
- vixilancia do acondicionamento e ornato de espazos públicos,
- almacenamento de verteduras incontroladas,
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade Administrativa de Parques e Xardíns e Brigada de Augas e Saneamento.

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- contratación local,
- fomento das actividades de interese público
- deportes e xuventude
- patrimonio municipal
- urbanismo
- xestión e xeración de recursos económicos,
- contabilidade,
- tesourería e recadación,
- facenda local e xestión e inspección tributaria,
- EVISLUSA,
- médica/o municipal e
- xestión do persoal ao servizo da corporación local, incluído conserxería e notificadores/as.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área os seguintes **órganos directivos**:

Tesourería Xeral (órgano de xestión económico-financeira), que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesourería, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería, Servizo de Facenda Local, Servizo de Inspección de Tributos, órgano orzamentario e de contabilidade, Servizo de Contratación, Servizo de Fomento, Servizo de Persoal, Servizo de Prevención e Saúde, Médica municipal, Conserxería e Notificadores/as.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude,
- prevención das drogodependencias,
- Casa da Música,
- actividades de dinamización económica da xuventude,
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos,
- fomento do deporte e

- ARDE LUCUS.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: puntos de información xuvenil, Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa da Música e Sección de Deportes.

Corresponderalle, así mesmo, a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico, incluíndo proxectos de obras ordinarias e de urbanización,
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo,
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación,
- actuacións de disciplina urbanística,
- promoción e xestión de vivenda,
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico,
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións,
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio,
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal tamén os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e Oficina de Arqueoloxía, así como a Empresa Municipal de Vivenda e Solo (EVISLUSA).

Esta **CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE** poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE URBANISMO coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de urbanismo. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte dos servizos de Urbanismo, Servizo de Licenzas, Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación e da Oficina de Arqueoloxía.

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- fomento e promoción da actividade económica,
- fomento e promoción do comercio,
- formación e fomento do emprego,

- estratexias xerais de desenvolvemento local,
- festivais musicais e de artes para o desenvolvemento local e
- seguimento e xestión ordinaria da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía.
- establecer relacións de colaboración con entidades de carácter municipal e supramunicipal
- participación en mesas de traballo de entidades de agrupación de intereses municipais
- exercicio de funcións relacionadas con materias derivadas de competencias doutras administracións

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local, CEI- NODUS, Impulso Verde e Viveiros de empresas.

ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación, limpeza e obras ordinarias en vías públicas e infraestruturas do ámbito rural.
- dinamización e promoción sociocultural dos centros situados na zona rural.
- todas aquelas funcións encamiñadas á satisfacción das necesidades da zona rural

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: centros de dinamización rural, Parque Móbil municipal, Brigada e Parque de Maquinaria e Unidades de Zona Rural.

ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios especializados, servizo de axuda no fogar e servizo de xantar no fogar),
- instalacións e equipamentos de carácter social,
- pisos de emerxencia social
- voluntariado social,
- minorías étnicas

- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica).
- organizacións non gobernamentais,
- centros de dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, Fogar do Transeúnte, pisos de emerxencia social, Centro de Día Antonio Gandoy e programas “Sen Teito”, “Acompañámoste” e “Atención ás persoas maiores” e outros directamente relacionados coas materias propias desta área, centros onde se desenvolven actividade asociativas (Casa “Clara Campoamor”, Casa María Mariño, Centro interxeracional Paco Martín, Centro Leiras Pulpeiro e Centro Díaz Castro).

Dentro desta área créanse dúas concellerías de carácter específico:

A) CONCELLERÍA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN, que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos relacionados coas seguintes materias:

- centros municipais: pisos de acollida e Casa da Muller,
- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM de Lugo),
- promoción da igualdade e diversidade en todos os eidos,
- promoción da conciliación

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: programa “Aprende xogando”, Centro de Atención á Muller e pisos de acollida.

B) CONCELLERÍA DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS, que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos relacionados coas seguintes materias:

- inmigración
- impulso da convivencia e programas e actividades de integración social
- creación de espazos de convivencia

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- convenio Lugo cultural,
- actividades e instalacións e equipamentos culturais,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

- festexos populares,
- bibliotecas públicas,
- museos e salas de exposicións,
- turismo e promoción da cidade,
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- Casa das Linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, museos e salas municipais de exposicións, auditorios municipais, bibliotecas municipais, Oficina de Turismo, Casa das Linguas, Banda de Música e Escola Municipal de Música.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- educación, centros docentes e equipamentos educativos,
- centro de educación infantil,
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico) e
- atención integral á infancia e adolescencia.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Educación e pedagogas/os municipais, centros de educación infantil, celadores/as de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- información e atención á cidadanía e participación cidadá,
- transparencia da información pública,
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es,
- atención á saúde,
- sanidade e protección da salubridade pública,
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá,
- estatística e padrón municipal,
- cemiterio e servizos funerarios,
- taboleiro de edictos,
- arquivo municipal e
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Rexistro e Participación cidadá, Oficina de Información e Atención ao Cidadán-Participación Cidadá, Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor, Arquivo municipal, Taboleiro de Edictos e Encargado/a e vixilantes/as de prazas e mercados.

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas,
- transporte público de viaxeiros/as,
- negociado de policía,
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico e
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes e brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área, créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías públicas, infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Enxeñería, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e, funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias).

SÉTIMO.- De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía e Transición Ecolóxica, cuxa titularidade se reserva esta Alcaldía, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

Ao primeiro tenente de alcalde, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS.

Ao segundo tenente de alcalde, Ilmo. Sr. D. Mauricio Victorio Repetto Morbán, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Á terceira tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

Á cuarta tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a Ana González Abelleira, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE COHESIÓN TERRITORIAL.

Ao quinto tenente de alcalde, Ilmo. Sr. D. Ángel Pablo Permuy Villanueva, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE.

Á sexta tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a M.^a Cristina López Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA.

Á sétima tenenta de alcalde, Ilma. Sra. D.^a Olga López Racamonde, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE COHESIÓN SOCIAL

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentas/es de alcalde delegadas/os de área son as xefas e os xefes da área que se lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

OITAVO.- Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentas/es de alcalde de acordo co seguinte:

As e os tenentas/es de alcalde delegadas/os de área, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da seguinte forma:

1. Ao tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas suplirao a **tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua.**

2. Ao tenente de alcalde delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude suplirao a **tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial**.

3. Á tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua supliraa a **tenenta de alcalde delegada da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza**.

4. Ao tenente de alcalde delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais suplirao o **tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude**.

5. Á tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial supliraa a **tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social**.

6. Á tenenta de alcalde delegada Área de Participación e Servizos para a Veciñanza supliraa o **tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas**.

7. Á tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social supliraa o **tenente de alcalde delegado da Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais**.

No caso de que se atopasen ausentes, a tenenta ou o tenente de alcalde titular dunha área e o seu suplente, o alcalde asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a Alcaldía.

NOVENO.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.- Delegar nas e nos tenentas/es de alcalde delegadas/os de área e nas e nos concelleiras/os delegadas/os o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada,
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros,
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados,
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas e

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refª: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

- corresponderalle ao tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a el ou a outra área.
- corresponderalles ás e aos tenentas e tenentes de alcalde delegadas/os de área e ás e aos concelleiras/as delegadas/os o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada.

O alcalde **reservarase** para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables,
- exercicio das atribucións que lle corresponden ao alcalde en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na **ÁREA DA ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA,**
- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e expresamente se delegue,
- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno e
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

DÉCIMO.- As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

1 en DON JORGE BUSTOS ATANASIO respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE,**

2 en DONA IRIA BUIDE PENA respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO,**

3 en DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE INFRAESTRUTURAS URBANAS,**

4 en DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE MULLER, IGUALDADE E INCLUSIÓN.**

5 en DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE MOVEMENTOS MIGRATORIOS.**

Supliranse as ausencias das/os concelleiras/os delegadas/os polas/os responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluírán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión da tenenta de alcalde delegada ou tenente de alcalde delegado da área na que se encadra a correspondente concellería.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase **nas e nos tenentas/es de alcalde delegadas e delegados de área e concelleiras e concelleiros delegadas/os** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

- **"visto e praxe"** das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública,

- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais,

- **anuncios e edictos**, agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985 e

- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

DÉCIMO SEGUNDO.- VIXENCIA:

1. Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, seralles notificado ás e aos interesados, e as delegacións de atribucións conferidas, para a súa eficacia requirirán ser aceptadas por parte das/os delegadas/os, aceptación que se entenderá feita polo transcurso de **TRES DÍAS DENDE** a notificación sen que se fixese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase."

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 127/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ALMORZO E COMEDOR EN VARIOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O pasado 02 de xullo de 2024 publicábase na Plataforma de Contratación do Sector Público a Contratación Prestación do servizo de almorzo e comedor en varios CEIPs do concello de Lugo.

O prazo de presentación de ofertas era de 30 días naturais contados desde a data de envío do anuncio á Oficina de Publicacións da Unión Europea, rematando o prazo 01 de agosto de 2024 as 14:00. Ese mesmo 01 de agosto as 08:56 publicouse na plataforma a desistencia do procedemento por erro na confección do estudo de custos. No punto 5º fai referencia a un informe da xefa de servizo de Educación do 29 de xullo de 2024 que sinala: "Á vista das preguntas realizadas pola empresa Alimentación Saludable Gallega, S.L. (A.S.G.) e tras ler o recurso realizado pola mesma ante o tribunal administrativo de contratación pública de Galicia, sen poder actualmente revisar en profundidade todo o referente ao estudo de custes, observamos que existen certos desaxustes que deberamos revisar polo que desde o Servizo de Educación informamos que consideramos oportuno desistir temporalmente o procedemento de licitación para poder revisar e , no seu caso corrixir, os posibles erros."

A realidade é que tras mais de 8 meses segue sen publicarse o anuncio de licitación, algo preocupante se o goberno local pretende telo adxudicado ao comezo do curso. É preciso que comecen co proceso para que se poida cumprir cos prazos e trámites.

Neste tempo o bipartito optou por prorrogarlle o contrato a empresa adxudataria da anterior licitación, pero os ANPAS dos CEIPS do concello de Lugo trasladaron queixas, tanto a Concellería de Educación como a este grupo municipal, por deficiencias nun servizo que podería ser mellorable.

Por todo o anterior, dende o grupo municipal popular, ao abeiro do regulamento vixente, presentamos un ROGO A PLENO, para que se axilicen os trámites oportunos que garantan a Prestación do servizo de almorzo e comedor en varios CEIPs do concello de Lugo e que se faga segmento do actual servizo para que se subsanen as deficiencias e carencias do mesmo.

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moi ben, pois tal como está estipulado por un tempo de tres minutos, ten a palabra a voceira do Grupo Popular:

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO: Moitas grazas. Para facer unha recapitulación dos feitos, comezarei no pasado 2 de xullo de 2024, hai case un ano, cando se publicaba a contratación da prestación do servizo de almorzo e comedor

en varios colexios do Concello de Lugo; o prazo de presentación de ofertas era de 30 días naturais, rematando o 1 de agosto de 2024, ás 14 horas. Ese mesmo día, cinco horas antes de que rematase o prazo, publicouse na Plataforma a desistencia do procedemento por erro na confección do estudo de custos. No punto 5º facía referencia a un informe da xefa do Servizo de Educación no que sinala: *que sen poder actualmente revisar en profundidade*, evidentemente porque ían tarde, *todo o referente ao estudo de custes, observamos que existen certos desaxustes que deberíamos revisar, por lo que desde o Servizo de Educación informamos que consideramos oportuno desistir temporalmente do procedemento de licitación para poder revisar e, no seu caso, corrixir os posibles erros*. A realidade desta temporalidade é que tras máis de oito meses, segue sen publicarse o anuncio licitación, algo preocupante, se o Goberno local pretende telo adxudicado antes o comenzo do curso.

Hai pouco máis dunha semana, e a raíz da nosa denuncia, a concelleira de Educación facía referencia ao contrato indicando que nas vindeiras semanas enviarase á Xunta de Goberno a apertura do procedemento, pero a realidade é que nada sabemos a día de hoxe, igual que non sabemos nada do contrato do que facía referencia, señora Racamonde. Estarán traballando, eu non o nego, pero o feito é que hoxe, a día 30 de abril de 2024, a realidade do contrato é que non está publicado nin pasou por Xunta de Goberno local. Neste tempo o bipartito optou por prorrogarlle o contrato á empresa adxudicataria da anterior licitación, pero as ANPAS do Concello de Lugo trasladaron queixas tanto á concelleira de Educación como a este grupo municipal, por deficiencias nun servizo que podería ser mellorable. Por todo o anterior, dende o Grupo Municipal do Partido Popular presentamos un rogo a este Pleno. Por responsabilidade, pedimos que se axilien os trámites oportunos que garantan a prestación do servizo de almorzo e comedor nos concellos do Concello de Lugo e pedímoslle que se faga seguimento do actual servizo para que se corrixan as deficiencias e carencias do mesmo. Gracias.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra a concelleira Iria Buide.

DONA IRIA BUIDE PENA: Ben, en primeiro lugar, de maneira aclaratoria, o prego está actualmente en Contratación, polo tanto, os trámites estanse levando a cabo e esperemos que poida chegar á Xunta de Goberno pronto. E, por outro lado, e falando do seguimento do actual servizo, indicar que a comunicación entre a Concellaría de Educación e os representantes das ANPAS é fluída, todas as queixas e todas as dificultades que nos trasladan intentamos poñerlles solución, sempre en base ao prego co que nós estamos rexendo actualmente.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 128/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE REPOÑA O MILIARIO DE BRONCE QUE ESTABA NA PRAZA DE ARMANYÁ.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O pasado 25 de xaneiro, un vehículo tirou o Miliario de Lugo situado na Praza de Armanyá, un monolito de bronce de 2,5 metros de altura, instalado hai 17

anos como recordo da importancia da cidade na época romana e das antigas vías XIX e XX do itinerario Antonino. Operarios municipal retiraron a peza pero a día de hoxe segue sen repoñerse.

O Grupo Municipal do Partido Popular presentan un ROGO a PLENO para que se repoña o Miliario á maior brevidade posible.

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra o voceiro do Grupo Popular, señor Gallego. Cando queira.

DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO: Gracias, señor presidente. Quiero empezar este ruego mostrando un comunicado de prensa que salió en la Voz de Galicia o día 27 de abril, que di concretamente: el descuido y el abandono se extiende por el variado patrimonio histórico y artístico de Lugo. 27 de este mes. El abandono y la dejadez en la reposición del miliario de Lugo es un símbolo de inacción. El pasado 25 de enero un vehículo derribó el miliario de Lugo ubicado en la praza de Armanllá. Este monolito de bronce de dos metros y medio de altura fue instalado hace 17 años como homenaje a la rica historia romana de la ciudad y a las antiguas vías 19 y 20 del itinerario Antonino. Sin embargo, tras este incidente, la pieza fue retirada por operarios municipales y hasta la fecha seguimos sin saber nada de ella. Este acto de inacción no sólo representa una falta de respecto hacia el patrimonio histórico de Lugo, sino que también envía un mensaje muy preocupante sobre la gestión y el compromiso de este Gobierno con la cultura local. El miliario no es solo un objeto decorativo, es un testimonio tangible de la importancia de Lugo en la época romana, un recordatorio de las raíces que conectan Lugo y el pasado glorioso. En política el arte no es solo un don, sino a una responsabilidad; la capacidad de actuar define el liderazgo y la voluntad de generar cambios. La inacción, en contraste, se percibe como desinterés o falta de capacidad. En este caso la falta de respuesta, la inacción de este Gobierno ante la ausencia del miliario es un claro ejemplo de cómo la indiferencia erosiona la identidad cultural de la ciudad de Lugo. Desde el Grupo Municipal del Partido Popular presentamos este ruego a Pleno para que el miliario sea repuesto a la mayor brevedad posible. Esto no es solamente una petición, es un recordatorio de que actuar o no actuar marca la diferencia entre avanzar ao quedar atrapado en la indiferencia. Muchas gracias.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Gallego. Ten a palabra o concelleiro Alex Penas.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Moitas grazas, alcalde. Tómasse en consideración. Colocarase o antes posible. Hai que dicir que o Goberno de Lugo non ten en stock miliarios para colocalos inmediatamente. Este en concreto, como ben dixo vostede, houbo un vehículo que chocou contra el e rompeuno a metade, rompeu os ancoraxes, ten crocaduras e necesita un traballo, digamos, máis complexo que simplemente colocalo, senón evidentemente se colocaría ao día seguinte. Podemos ter

exemplos, como pode ser a marquesiña famosa de Castelo, da Xunta de Galicia, que a ten rota durante seis meses, tarda seis meses en sacala, por fin a saca e agora a ver canto tarda en poñela e aí, entendo, si que deberían ter en stock, ánimos tamén a perseverar niso.

En canto ao miliario, como digo, evidentemente farase o antes posible porque é importante para Lugo.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 129/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE ADOPTEN MEDIDAS DE SALUBRIDADE E SEGURIDADE NA ANTIGA DISCOTECA “VALENTINO”- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No interior do inmovible onde se ubicou a discoteca Valentino viven persoas en condicións insalubres, rodeadas de colchóns, lixo e material inflamable e o acceso ao local está totalmente desprotexido, xerando alarma social e inseguridade na zona.

O Grupo Municipal do Partido Popular reitera o ROGO a PLENO para que o Goberno local adopte as medidas necesarias para garantir que este edificio, situado na confluencia de Pintor Corredoira coa Avenida de Ramón Ferreiro, reúna as condicións mínimas de seguridade, habitabilidade e hixiene.

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ten a palabra o voceiro do Grupo Popular.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias, señor alcalde. Desde este grupo municipal queremos manifestar que, tras una larga espera, y tras haber realizado diversos ruegos a este Gobierno, así como después de varios incidentes que pusieron en riesgo la seguridad ciudadana, finalmente parece haberse comenzado a actuar respecto al estado de abandono del solar de la antigua discoteca Valentino. Hoy venimos a constatar que, tras muchos años de abandono, tras varios ruegos de este grupo municipal, peticiones por registro y, lo más grave, después de que se produjeran dos incendios, con personas viviendo literalmente entre basura, por fin el Gobierno local parece que ha reaccionado. La situación del solar de la antigua discoteca Valentino es insostenible, es un punto negro en pleno centro de Lugo, convertido en refugio improvisado, en foco de insalubridad y en riesgo constante para la seguridad de los vecinos. Y no fue por falta de avisos. Desde este grupo municipal hemos advertido en repetidas ocasiones del peligro que suponía este solar, no sólo por su estado lamentable, sino porque allí están viviendo personas en condiciones absolutamente indignas. La respuesta de este Gobierno, ninguna, silencio e inacción. A decir verdad, no hacía falta esperar a que ardieran colchones ni a que intervinieran los bomberos para actuar, lo advertimos una y otra vez, pero, como tantas veces, su respuesta fue el silencio. Ahora, tras la presión política y mediática, y gracias el empuje de este grupo municipal, sabemos, y nos guiamos por la prensa, nada más, que se ha colocado una cinta policial que, por cierto, duró un día, y sino pueden comprobarlo, yo les traje unas imágenes, por si alguno de uste-

des non coñece a situación de como está a cinta, de como estala a discoteca agora mesmo, así que deixámola aquí. Ben, pero chegamos tarde, porque cando se goberna hai que anticiparse aos problemas, non esperar a que haya fogo, literalmente, para moverse.

Señoras e señores do Goberno, isto non é gobernar, isto é chegar tarde, mal e a rastras. Desde este grupo rogamus que o Goberno municipal non vuelva a esconderse, nin mirar para outro lado. Lugo merece un concello que actúe con seriedade, que protexa a seus veciños e que non convierta cada decisión en unha excusa. Rogamos, ademais, que se a propiedade non actúa de inmediato, sexa o propio Concello que cierre este solar de maneira subsidiaria. O que ha pasado non pode volver a ocorrer, porque cando se trata de seguridade non valen as cintas nin os comunicados, fállese xestión, e iso. por desgracia, segue faltando neste Concello. Moitas grazas.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Díaz. Ten agora a palabra, para a resposta, o concelleiro Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Grazas Sr. alcalde. Ben, gustárame saudar aos chicos do Clube de oratoria e tamén na súa docente, Mar Casto, por estar aquí na sesión de hoxe e plenaria. Espero que teñades unhas boas referencias dos debates que temos aquí en relación á cidade.

Despois en relación ao rogo, primeiro, é mentira, non vive ninguén alí, hai xente que si ... está contradicindo o informe da Policía Local, ... hai xente que..., si que houbo momentos nos que había persoas que... (voces de fondo inintelixibles) Estou a falar eu...

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Señor Díaz..., señor Díaz, por favor... non esta no uso da palabra... (Voces de fondo do Sr. Díaz)... por favor, non está no uso da palabra. Continúe Sr. Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: ... Contradicimos logo o informe da Policía Local ... Ben, imos falar sobre... Xa estamos en contacto co propietario, o cal ten manifestado en varias ocasións que pechou en diversos momentos a discoteca Valentina, pero sempre acaban abrindo e agora acaba de manifestar que vai a tapiar as entradas. Entón, lamento que as miñas palabras ocasionaran o seu desgusto, pero teño informe da Policía Local aquí, entón, non me gusta contradicir unha cousa e outra. Grazas.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 130/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INSTALEN BANDAS REDUTORAS NA RÚA PENA DA MULA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Dende setembro de 2023 o Grupo Municipal do Partido Popular reclama ao Goberno Municipal a instalación de bandas reductoras de velocidade en Pena da Mula.

Estamos a falar dunha vía dun solo carril, con dobre sentido de circulación que atravesa unha zona residencial e que carece de beirarrúas e/ou arceños. Se a isto se lle suma o elevado tránsito de vehículos que emprega a mesma como atajo para unir diferentes zonas da cidade, fai que nos atopemos ante situacións que poñen en risco a seguridade dos usuarios da mesma.

O Grupo Municipal do Partido Popular reitera, es ta vez no PLENO, este ROGO para que se dote a esta vía de dispositivos reductores de velocidade para dotala de maior seguridade, como xa se ten feito nas zonas residenciais colindantes.

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ten a palabra o representante do Grupo Popular, señor Díaz.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias. Disculpas por mis formas..., pero, es un tema complicado. Vuelvo a traer a este Pleno un ruego que hemos planteado más de una ocasión: la instalación de bandas rugosas en Pena da Mula. Un punto negro donde se sigue esperando una solución real. Y además no es el único, hay otros lugares en Lugo donde, incluso, ha habido fallecidos y, a pesar de ello, este Gobierno sigue sin hacer absolutamente nada, como el paso de peatones que trajimos hace pocos meses aquí al Pleno. En Pena da Mula los vecinos ya no saben a quien acudir. Esta petición no es nueva, señoras e señores concelleiros, los vecinos siguen esperando porque los coches siguen pasando a toda velocidad y porque la respuesta de este Gobierno sigue siendo la misma: Lo estudiaremos o lo tomaremos en consideración. ¿Cuántas veces más tienen que estudiarlo?, ¿Van seguir escondiéndose detrás de excusas mientras los vecinos de Lugo ponen en riesgo su seguridad cada día? Y digo más, es que además ustedes, mientras estudian colocar o no las bandas rugosas, deciden instalar un banco. Un banco en una calle que no tiene arcén, rodeado de maleza, en el que no se ha sentado nadie desde el día que hicieron la foto de la inauguración, ese día sí se sentó alguien. Es que allí no se sentó nadie ni se va a sentar nadie por el enorme peligro que supone. Hace unos días un coche impactó contra o muro, no se si tienen conocimiento, a escasos metros dese banco, porque si no lo saben, donde os coches alcanzan velocidades tremendas para ese tipo de vía, una vía con un solo carril, de doble dirección y con las casas pegadas a la vía. No pedimos milagros, ni pedimos grandes obras, pedimos algo tan sencillo como bandas rugosas para frenar os coches y evitar accidentes. Nada más, sentido común. Queremos que este Gobierno deje de dar la espalda a los barrios, deje de gobernar solo para la foto y que empiece a escuchar a la gente. Por eso, una vez más, que se actúe ya, que dejen de mirar para otro lado, que se instalen de forma urgente las bandas rugosas en Pena da Mula, porque Lugo no necesita más promesas, necesita acciones.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señor Díaz, e ten a palabra o conselleiro Alex Penas.

DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS: Vanme desculpar, pero paréceme un exercicio de demagogia terrible. Eu creo que este Goberno o que son pasos elevados, cambios incluso de direccións en barrios, beirarrúas novas e bandas rugosas, creo, que a máis ritmo non se poden poñer. Ou os poñemos en todas as rúas e a todas horas ou é imposible. Creo que ese é un traballo contrastado. Poderíamos sacar un listado aquí moi amplo e creo que si que o tomamos muy en serio. Descúlpeme, pero paréceme moi demagórico utilizar de que a ver se se vai a morrer alguén e non se puxeron. Home, eu creo que se fan constantemente en todos os barrios e que Lugo niso temos un traballo bastante cotexado, parécenme, incluso, demagórico, deixémolo en demagórico. Neste caso en concreto, tamén me parece dunha simpleza absoluta dicir que se coloquen unhas bandas rugosas e xa se soluciona o problema. Neste caso en concreto pódolle dicir que si, que se está estudando, porque hai máis elementos de tráfico, incluído Policía e Enxeñería, que se está incluso vendo con outras concellarías, en concreto témolo comentado con Ana Abelleira por un tema incluso de cambio de tráfico máis xeral y así se fai en moitos sitios de Lugo. E creo que é unha evidencia, que o facemos dunha maneira seria e tamén o faremos en Pena da Mula.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 131/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO EDIFICIO SITO NA PARTE ALTA DA RÚA MONTERO RÍOS DECLARADO EN ESTADO DE RUÍNA.-

Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Na comisión de contas do mes de xaneiro, o goberno indicaba que o edificio situado na parte alta da rúa Montero Ríos tiña declaración de estado de ruina dende maio de 2023. Aínda que posteriormente os propietarios tiñan solicitada a execución subsidiaria polo Concello das obras de demolición.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

Vai executar subsidiariamente o Concello de Lugo unha solución para este edificio?

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ten a palabra a voceira do Partido Popular, señora Cristina Sanz.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: Gracias Sr. Alcalde. Buenos días a todos y a todas. Saludos también a los alumnos de Oratoria, mucha suerte en vuestra formación.

Bien, traemos una pregunta a este pleno sobre la situación urbanística del edificio que está situado en el centro de la ciudad de Lugo y no ubicado en un lugar cualquiera, ya que se trata de un lugar que confluyen dos patrimonios de la humanidad, como son la Muralla Romana y el Camino de Santiago. Se trata del primer edificio que hay en la acera derecha de la calle Montero Ríos. No soy capaz de recordar cuando se instalaron estas vallas porque las recuerdo desde siempre, pero me he ido al Google Earth y compruebo como ya esta es la imagen en el año 2009, tenemos imágenes de ellas. Unas vallas que dificultan enormemente el paso de peatones por la zona, que rodea a un edificio declarado en ruinas, pero que parece que ya forman parte de nuestro mobiliario urbano, dieciséis años, como mínimo, con nosotros. Y lo más inaudito es que me temo que si este Grupo Popular non se interesa en el Concello de Lugo por conocer la situación o qué planes tiene para este inmueble, podríamos seguir así dieciséis años más o indefinidamente. Lo más preocupante es que al convivir tantos años con esta imagen de descuido, la ciudadanía comienza normalizarla, cuando veamos algo abandonado durante demasiado tiempo, realmente se acostumbra y dejamos de ser conscientes de lo degradante que realmente es.

Bien, en aras de solventar esta situación, en la Comisión de Contas celebrada en el pasado mes de enero este grupo preguntó por los planes de este Concello para la edificación e por los planes del Concello para que los peatones puedan utilizar el espacio de acera que les corresponde. A la segunda pregunta no se nos respondió, a la primera pregunta se nos dijo que el edificio está declarado en estado de ruina y que la propiedad solicitó la ejecución subsidiaria de la demolición. Ante este escenario, que la propiedad muestra su voluntad en solventar la situación y de asumir, como le corresponde, su coste, la pelota está, como se di coloquialmente, en el tejado del Concello de Lugo. E esa es nuestra pregunta, que va hacer el Concello respecto a esa solicitud de ejecución subsidiaria presentada por los propietarios? Muchas gracias.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Sánz. Contesta o concelleiro Jorge Bustos:

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Grazas alcalde. Ben, xa falando cos propietarios non se vai executar subsidiariamente, será por outro procedemento.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 132/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA INSTALACIÓN DA UNIDADE MÓBIL PARA A MEDICIÓN DA CALIDADE DO AIRE EN NADELA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Tras varias solicitudes veciñais para a medición da calidade do aire en Nadela, a Xunta de Galicia solicita ao Concello de Lugo o 23/01/2025 colaboración para “atopar a localización mais idónea para instalar a unidade móbil” e para que “proporcione conexión ao subministración eléctrica”.

Como a día de hoxe, 24 de abril de 2025, non consta resposta municipal, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO a seguinte pregunta:

Cando ten previsto contestar o Concello de Lugo á solicitude remitida pola Xunta de Galicia?

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois ten a palabra a señora Sanz. Cando queira.

DONA CRISTINA SANZ ARIAS: Hacemos una pregunta relacionada con la empresa Tableros Hispanos en Nadela. Antes de formularla, voy a hacer un repaso telegráfico de los antecedentes: primero, la empresa Tableros Hispanos cumple con los condicionantes de la autorización ambiental integrada que tiene concedida; segundo, esta empresa cuenta con una estación medidora de la calidad del aire que está integrada en la red de la Xunta de Galicia; tercero, en todas las mediciones que se hicieron en el año 2024 no se ha superado en ningún momento los valores mínimos, los valores límite; cuarto, a pesar de ello, los vecinos del entorno, en particular la Asociación de Vecinos de O Villar manifiestan molestias en determinadas ocasiones y demandan que la Xunta instale una segunda estación medidora; quinto, en el Pleno que este Concello ha celebrado en este mismo lugar el pasado 30 de mayo, hace un año casi, se aprobó una iniciativa a propuesta del BNG, con el voto a favor de los tres grupos que estamos aquí presentes, en la que los tres acordamos solicitar a la Xunta que instalase una segunda estación de medición; sexto, a mayores, dado el compromiso adquirido con esos vecinos, los diputados lucenses del Partido Popular en el Parlamento de Galicia presentamos una iniciativa que debatimos el 20 de marzo de este año, en la que, entre otras medidas, pedíamos a la Xunta de Galicia que instalase esa segunda estación. Y a partir de aquí non entendemos nada del comportamiento seguido por los grupos que conforman este Gobierno municipal, ni por el PSOE ni por el BNG. Ante los vecinos manifiestan su apoyo, pero la realidad, cuando pueden los abandonan. Y digo esto por dos motivos: primer motivo, pues porque para nuestra enorme sorpresa, ni PSOE ni BNG votaron a favor de la iniciativa que yo misma defendía en el Parlamento de Galicia pidiendo la segunda estación medidora, ¡que falta de coherencia!, en el Concello lo piden y en el Parlamento de Galicia no lo apoyan. Ya se lo explicarán a los vecinos. Segundo motivo, porque el pasado 23 de enero la Xunta de Galicia solicitó por Registro a este Concello su colaboración para encontrar la ubicación más adecuada para la unidad móvil que determinará si se instala la segunda estación y, en segundo lugar, para que proporcione conexión al subministro eléctrico. A día de hoy, más de tres meses después, el Concello lo único que ha hecho es acompañar a los técnicos da Xunta para ver sobre el terreno posibles localizaciones, pero, sin concluir nada más. La Xunta de Galicia sigue esperando que el Concello le responda de modo oficial cuál es la parcela a la que se puede llevar el subministro eléctrico. Esto es una información que ayer mismo contrasté y comprobé la actualización de ella con la directora general, está esperando que se le comunique formalmente cual es la parcela, si se les proporciona el subministro eléctrico, propiamente dicho, y, a partir de ahí, se vendrá la estación medidora para instalar la segunda estación que deman-

dan los vecinos y que aquí en mayo del año pasado nos comprometimos a tres grupos. Esa es la pregunta, ¿Cuándo piensa contestar el Concello de Lugo a la Xunta de Galicia. Muchas gracias.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas, señora Sanz. Ten agora a palabra a señora Abelleira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Benvidos ao alumnado e a profesora, espero que vostedes desfrutando deste Pleno. Moitas grazas.

En relación a esta estación de medición, xa que o plantexa como se fora, como se se tratara dos feitos probados dunha proposición a unha xuíza, a min débeme quedar sentenciar, porque fala de que se, punto número un, punto número dous, punto número tres, pois a sentenza que a min me trasladan é que, ao mellor, aquí o que hai é unha falta de comunicación entre o persoal técnico do Concello e da Xunta de Galicia, porque dende o 9 de abril remitiuse información e púxose en contacto cos técnicos, coas persoas técnicas da Xunta de Galicia, para concretar unha visita a Nadela. Xa a visitaron, o día nove concretaron que se ía buscar a localización e, polo tanto, o responsable para que as medicións sexan efectivas, sendo a Subdirección Xeral da Xunta, o Concello efectivamente colaborará facilitando a enerxía eléctrica e niso se quedou ese día nove. O día 10 visitaron xunto ao colexio de Nadela, porque cren os técnicos da Xunta, eu non lle podo dicir se é aí ou non máis ideal, o colexio de Nadela, a contorna do colexio de Nadela, é a zona máis máis idónea para iso, e quedaron para o luns 21 para ver se alí era ou non o máis axeitado. O día 22 de abril estiveron os técnicos do Concello xunto cos técnicos da Xunta de Galicia e quedaron, concretaron, que é viable facer a conexión eléctrica.

É a información que nós temos, ao mellor é que está mal trasladada, pero é un traballo que está feito por parte do Concello e vostede indica que non se falou coa Xunta de Galicia, fai tres meses. Pois acabaron ou concluíron o 21 de abril.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 133/2025 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE CUBRA A PRAZA DE SARXENTO XEFE DE BOMBEIROS.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A RPT do ano 2021 privou ao corpo de bombeiros de figuras esenciais na cadea de mando, deixando toda a carga sobre o sarxento xefe.

Actualmente a persoa que ocupa este posto está de baixa, previsiblemente de larga duración, polo que o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

Cando vai cubrir o Goberno municipal a praza do sarxento xefe dotando de estrutura xerárquica ao servizo?

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ten a palabra o Sr. Ameijide.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Gracias, Sr. alcalde. Cando vai a cubrir o Goberno municipal a praza de Sarxento xefe dotando de estrutura xerárquica o servizo? Isto é o que preguntamos, pero evidentemente antes de chegar a esta pregunta coa que remataría a intervención, imos facer, primeiro, un agradecemento ao traballo nestas últimas décadas, pero especialmente nestas últimas datas dos bombeiros desta cidade, como fixo a nosa voceira Elena Candia, pero recoñecéndolles ademais a dificultade do seu traballo non só pola súa profesión, senón polo difícil que llo poñemos ás veces dende este Concello, especialmente as últimas décadas, que, como ben recordou a voceira do Partido Socialista, a señora Abelleira, os últimos 26 anos que goberna este Partido Socialista, xunto co Bloque Nacionalista Galego. Tiveron incluso que aguantar que un ex concelleiro do Partido Socialista, o cal, para ir velo agora, hai que ir pola Nacional 540 e despois coller cara a Monterroso, definiu o seu traballo como: o seu traballo faino protección civil por un bocadillo. Así é como algún concelleiro durante estes anos tratou aos bombeiros neste Concello. Concelleiro, reitero, do Partido Socialista. Tiveron que ver décadas de desmantelamento en materia de persoal e de abandono en materia de material e de infraestruturas. Tiveron que estar momentos, en servizo, tres ou catro bombeiros de garda nunha cidade 100.000 habitantes. Tiveron que aguantar a presión do seu traballo sen practicamente amparo por parte dos distintos gobernos provinciais que se sucederon. E é certo que esta situación si que mellorou un pouco porque os ratio agora mesmo mellorou a raíz da presión deste colectivo e a raíz da presión evidentemente deste grupo municipal ao longo dos últimos anos, pero segue facendo falta relevo e reforzo, relevo porque as xubilacións seguen chegando e reforzo porque se necesitan máis medios persoais, e necesítanse medios materiais, e mellorar os medios materiais que hai. De feito, vimos nos medios de comunicación o caso da lexionela y outra serie de circunstancias de abandono de instalacións. Nunha reunión a interlocutora do equipo de goberno cos bombeiros, hai uns días, o primeiro que fixo a xefa de gabinete foi acusalos de filtracións indesexadas sobre a situación do servizo, cousa que nos parece preocupante porque a este novo, pero á vez vello Goberno, parece que lle molesta que se saiba a realidade do colectivo, destes profesionais. E, non lle debe interesar moito tampouco esta situación, porque esta mesma interlocutora, cando lle faláron do estado, do problema de lexionela, do problema do abandono dos vestiarios, os roedores que hai no parque, dixo que tiña présa e que continuarían a reunión noutro momento.

Por tanto, concreto a pregunta: cando pensan reforzar o Servizo de bombeiros? Cando pensan poñer unha estrutura xerárquica acorde cunha cidade 100.000 habitantes? Cando pensan poñer un sistema, un servizo, o un administrativo no servizo para dar cobertura e apoio á praza de Sarxento xefe de bombeiros?, e cando pensan repoñer ou cando pensan substituír o xefe de bombeiros, que leva xa unha baixa de longa duración? Reitero o agradecemento a este corpo, reitero e recoñezo algún avance que houbo nas últimas datas, pero queda moito, moito, traballo por facer, e pídolle a este Goberno, primeiro, que responda á pregunta; segundo, que se centre un pouco máis en traballar e menos en divagar...

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Moitas grazas... DONA ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: ... Aínda me quedan 30 segundos... O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Si pero axústase á pregunta, isto non é debate... DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: ... Home, non imos quedar mal por 30 segundos.... O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: É que isto é unha pregunta, está regulamentado e ten que centrarse, por favor, á pregunta e argumentala, pero non abrir un debate ... Quédanlle 30 segundos, se quere aprobeitalos... DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: ... Agora polo que queda non imos quedar mal, xa remato...

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pois moitas grazas. Ten a palabra o concelleiro Jorge Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Estou sorprendido, isto parece unha película de Nolan. De repente unha realidade paralela que monta vostede no seu discurso e cando chegan as preguntas, a pregunta é moi sinxela: Cando vai cubrir o Goberno municipal a praza sarxento xefe, dotando de estrutura xerarquía ao servizo? Vamos a ver, hoxe non leu a prensa, entendo, porque xa está dotado como xefe de bombeiros. Pero, claro, despois di de que a miña xefa de gabinete estivo alí dicindo que eran os filtradores, iso mentira, non pode dicir iso aquí nun salón de plenos, por Deus, señor Ameijide, por favor. É que me parece lamentable usar unha pregunta, facer unha realidade paralela, un speech, cando a pregunta é moi sinxela: Cando vai cubrir o Goberno municipal a praza de sarxento? Perfecto, xa está cuberta, e de repente montas catro preguntas nunha, pois haberá que empezar a mirar o procedemento do pleno a ver se podemos facer unha pregunta e facemos 30...

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:.. Sí, imos a dar resposta... por favor, Sr. Ameijide déixelle contestar...

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: ...Claro, pero xa está a praza de sarxento xefe dotando de estrutura xerarquica ao servizo, xa está, xa temos un. Vale?

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 134/2025 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS HORAS EXTRAS DOS TRABALLADORES DO TRANSPORTE URBANO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O Concello de Lugo é titular do servizo de transporte urbano na cidade, desenrolado en réxime de concesión por unha empresa privada.

A raíz dunha denuncia dos traballadores ante a Inspección de Traballo e Seguridade Social, esta detectou que durante o exercicio 2023 se deixou sen pagar nas nóminas as horas extra aos traballadores, que ascendeu a 204.420,95€, polo que tampouco cotizaron nin aboaron a Seguridade Social das mesmas por un importe de 97.049,21€.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- Que fixo o Concello de Lugo ante esta situación?

DELIBERACIÓN

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois ten a palabra a señora Candia.

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: Que o Concello de Lugo é o titular do servizo de transporte urbano da cidade, é un feito innegable, como dicía, pola ausencia de espazo de baño público, que o ten desenvolvido cunha empresa privada ou privatizado, en principio, en contra do ideario dos gobernos progresistas, tamén é un feito incuestionable. Este grupo leva pedindo melloras, melloras que teñen unha relación absolutamente directa, e dígollo para que non me corte coa pregunta que lle vou facer, hai algunhas que se refiren a unha maior información aos usuarios, parece increíble que aínda seguimos nunha aplicación, sen a información nas pantallas. Evidentemente, iso probablemente se fai para que non se evidencia os atrasos porque as rutas en moitas ocasións é imposible de facelas en hora. Iso vai en detrimento evidentemente da calidade no traballo que teñen os condutores. Pedimos en comisións, ben, cousas tan básicas como que dispoñan de sanitarios ou que dispoñan dunha planificación para poder desenvolver algo absolutamente fisiolóxico, que debía ser de sentido común e que non debía ser pedido pola oposición, pero desgraciadamente aínda nos encontramos nesa situación. A gravidade é aínda maior cando hai uns días coñeciamos polos medios de comunicación que os traballadores se viron na obriga de denunciar ante Inspección de Traballo e á Seguridade Social detectou no exercicio 2023 que quedaron sen pagar nas nóminas as horas extras dos traballadores e que esa contía ascendía a 204.420,95 euros, isto era o que correspondía aos traballadores, máis de 200.000 euros do ano 23. Coméntase que cantidade similar para o exercicio 2024, e que tampouco se cotizaron nin se aboaron á Seguridade Social das mesmas un importe de 97.000 euros. Repito a reflexión anterior do que se lle endebeda, presuntamente, aos traballadores e a Seguridade Social. Isto, sen dúbida, afecta dunha maneira moi preocupante a economía dos traballadores e supón, dende logo, unha vulneración dos seus dereitos nun servizo público. Estamos moi preto do día...

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Señora Candia, dígolle o mesmo, pídlle que cinga a formular a pregunta...

DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: eu teño que explicar todo isto..., perdoe, eu non sei se o Pleno non lle está gustando, pero vostede está limitando a miña capacidade de intervir ... O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... De ningunha maneira. Hai que centrarse na cuestión da pregunta... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... A pregunta está moi clara, e vostede o que está facendo é restándome tempo a miña intervención... É un Goberno progresista nun servizo público que se lle endebedan presuntamente aos traballadores... 204.000 euros, e iso é moi grave, moi grave, debería non limitarme a intervención, ampliála, porque esta-

mos falando de dereitos dos traballadores... O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Pero sería cunha proposición ou outra iniciativa, isto non cunha pregunta... DONA ELENA CANDIA LÓPEZ: ... Dado que publicamente non se fixo ningunha aclaración, circunstancia que tamén me parece moi grave, porque volvemos a falar dun servizo público, dun servizo moi necesario, pregunto: que fixo o Concello ante esta situación? Levamos reivindicando accións no servizo público. Hoxe, neses 40 segundos, vou ademais dedicarllo a esas veciñas da Milagrosa que me paran cada día na Avenida da Coruña, que me atopan para dicir que non poden ir ao cemiterio municipal por ese mal trazado da ruta que os acerca e, evidentemente, teñen..., non sei que graza lles fai porque, a verdade, é un tema bastante sensible, a persoa que vai ao cemiterio, evidentemente, vai velar a persoa que faleceu... (O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: ... Vinte e cinco segundos...) ...Véxoo claramente, señor alcalde. A pregunta é clara: que fixo o Concello de Lugo ante esta situación? Deu información aos traballadores, ou que ten pensado facer? Se é que non fixo nada que, por certo, é o que nos trasladan os traballadores.

O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Señora Candia. Ten a palabra o señor Arroxo.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Ben, ía comezar esta resposta dicindo que non sabía se isto era unha confusión ou un intento de manipulación, pero se lle escapou algo do subconsciente, unha frase subconsciente, que deixou claro que isto é un intento de manipulación. Escapóuselle a frase que foi: *un Goberno progresista que lle debe este diñeiro aos traballadores*; esa foi a frase que se lle escapou. É que este diñeiro non llo debe este Goberno, nin este Concello, pero houbo ese intento de manipulación.

Vamos a ir por partes. En primeiro lugar, este, creo que está claro, é un suposto, e digo suposto porque eu non o sei o problema que existe entre os traballadores e a empresa, punto número un, non do concello cos traballadores, o Concello non lles debe ese diñeiro, como vostede acaba de dicir. Punto número un, e que quede claro.

Punto número dous. O Concello non recibiu en ningún momento nada a este respecto, non recibiu nada a este respecto. Punto número dous.

Punto número tres. Quen ten a competencia sobre isto, e seguro que fará moi ben o seu traballo, é a Inspección de traballo. Eu confío na Inspección de traballo, non sei se vostede confía ou non, eu agardo que faga o traballo que ten que facer.

E, punto número catro. Podemos axudalos dalgunha maneira? Podemos axudalos dalgunha maneira. No Concello non temos ferramentas para poder actuar neste momento, pero si hai quen ten ferramentas para actuar neste momento. Hai unha Consellería de Emprego que ten ferramentas para poder mediar nesta problemática. Isto é certo, isto que estou dicindo é certo, tenas. Eu creo que vostede mesma, que se saca fotos a diario co señor delegado da Xunta, pois nun oco entre foto e foto, pódolle dicir, *oes, pode pódelle vostede, pódelle vostede...* Por favor, eu non lle interrompín, estiveren calado todo o tempo..., *pode vostede intervir neste asunto*,

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac8455912230853934153.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-4-2025

falar coa Consellería de Emprego e que trate de dar unha solución a esta situación. Pois eu creo que non custa nada e, xa digo, suposto problema porque eu non teño ningunha información oficial, entón tampouco podo chegar a máis con isto.

Finalizado o debate dos asuntos, O ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, sinala: Moitas grazas. Pois, para rematar, eu quero agradecer a todos e todas o ton e a actitude respectuosa mostrado no Pleno... Bo día e moitas grazas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás doce horas e cincuenta minutos do expresado día trinta de abril de dous mil vinte e cinco estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, Secretaria Xeral do Pleno, dou fe.